

EVOLUCIÓN DAS  
**FEIRAS e MERCADOS**  
NA PROVINCIA DE **LUGO**



XUNTA DE GALICIA



# Feiras e Mercados na provincia de Lugo

Abel Yáñez Armesto e José Mouriño Cuba

XUNTA DE GALICIA  
Consellería do Medio Rural e do Mar

Santiago de Compostela  
2012

Edita: Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar

Lugar: Santiago de Compostela

Imprime: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

Ano: 2012

Asesoramento Lingüístico: Antonia Vega Prieto

Depósito Legal: C 2152-2012

ISBN: 978-84-453-5055-3





# ÍNDICE

Limiar .....	11
--------------	----

## FEIRAS E MERCADOS

Historia .....	15
Evolución das feiras e mercados en Galicia.....	18
Diferenzas entre mercados e feiras.....	19
Feiras .....	20
Mercados .....	21
Feiras e mercados en Galicia.....	23
Peculiaridades das feiras en Galicia .....	24
Retrato dunha feira na década de 1960 .....	27
Plan nacional de mercados de gando.....	29
Resumo do Plan nacional de mercados de gando en Lugo.....	30
Situación dos mercados gandeiros en 1980 .....	31
Situación das instalacións dos mercados gandeiros na actualidade .....	32
Evolución dos mercados gandeiros .....	33
Feiras e tráfico de mercancías na provincia de Lugo dende comezos do século XVIII ata mediados do XXI.....	33
Resumo das feiras e mercados citados dende o Catastro de Ensenada (1750) ata hoxe.....	59
Feiras en 2010 e hoxe en día na provincia de Lugo .....	72
Calendario de feiras e mercados de gando da provincia de Lugo en 2012 .....	78

## INDUSTRIA AGROALIMENTARIA

Industria agroalimentaria na provincia de Lugo dende finais do século XVIII ata principios do XX .....	86
Comarca dos Ancares .....	86
Comarca de Chantada.....	86
Comarca da Fonsagrada.....	86
Comarca de Lugo.....	86
Comarca da Mariña Central.....	87

Comarca da Mariña Occidental .....	87
Comarca da Mariña Oriental .....	87
Comarca de Meira .....	88
Comarca de Quiroga .....	88
Comarca de Sarria .....	88
Comarca da Terra Chá .....	88
Comarca da Terra de Lemos .....	89
Comarca da Ulloa .....	89
As producións agrarias nas distintas comarcas de Lugo dende finais do século XVIII ata principios do XX .....	90
Comarca dos Ancares .....	90
Comarca da Fonsagrada.....	90
Comarca de Quiroga.....	90
Comarca de Meira .....	90
Comarca da Terra de Lemos .....	91
Comarca de Chantada.....	91
Comarca da Ulloa.....	91
Comarca de Sarria .....	91
Comarca da Terra Chá .....	92
Comarca de Lugo.....	92
Comarca da Mariña .....	93
Resumo dos tipos de producións agrarias nas distintas comarcas de Lugo dende finais do século XVIII ata principios do XX .....	94
Industrias agroalimentarias en 2010 na provincia de Lugo.....	96
Concellos ordenados segundo o número de industrias agroalimentarias .....	97
Adegas Ribeira Sacra.....	98
Adegas viño de mesa .....	98
Adegas bebidas alcohólicas .....	98
Industrias cárnicas .....	99
Industrias de mel.....	99
Industrias de leite.....	99
Industrias de queixos .....	100

Industrias de ovos .....	100
Industrias de produtos de pesca .....	100
Industrias de froita .....	100
Industrias pasteleiras.....	101
Industrias de legumes secos.....	101
Industrias de café e/ou cacao .....	101
Industrias de froitos secos.....	101
Industrias de cogomelos .....	102
Industrias de precociñados.....	102
Industrias de conservas vexetais.....	102
Industrias de aceite .....	102
Industrias de plantas medicinais .....	102
Industrias de pensos e fertilizantes .....	102

### **SISTEMA DE MEDIDAS**

Medidas antigas.....	108
Evolución dos sistemas de pesas e medidas .....	108
Cronoloxía da implantación en España do sistema métrico decimal .....	108
Sistema de pesas e medidas antigas en Galicia .....	109
Sistema de pesas e medidas antigas na provincia de Lugo.....	110
Pesas e medidas antigas nos distintos concellos da provincia de Lugo.....	112
Cadro do sistema de pesas e medidas nos distintos concellos da provincia de Lugo.....	123
Equivalencias entre medidas .....	127
Diccionario das medidas antigas empregadas en Galicia .....	131

### **DESCUBRIR LUGO**

Os Ancares.....	148
A Fonsagrada.....	149
Quiroga.....	150
Meira .....	151
Terra de Lemos.....	152

A Ulloa .....	155
Chantada.....	156
Sarria .....	157
A Mariña Occidental .....	159
A Mariña Central.....	161
A Mariña Oriental.....	163
Terra Chá.....	165
Lugo .....	167

## ANEXOS

### Anexo I

Poboación na provincia de Lugo en 1845, 1910 e 2010 .....	176
Concellos ordenados segundo o número de habitantes.....	179

### Anexo II

Perda de poboación entre 1845-1910 e 1910-2010.....	181
---	-----

### Anexo III

Plan nacional de mercados de gando.....	183
---	-----

### Anexo IV

Movemento de gando nos mercados gandeiros de Lugo en 2010.....	189
--	-----

### Anexo V

Calendarios.....	190
Eventos gastronómicos e feiras monográficas mes a mes.....	190
Festas gastronómicas.....	193
Feiras medievais, de artesanía e etnográficas.....	194
Feiras monográficas.....	195

### Anexo VI

Mapas .....	196
Feiras .....	197
Adegas.....	201
Destilerías.....	205
Rutas queixos .....	206

BIBLIOGRAFÍA.....	213
-------------------	-----

## AGRADECEMENTOS

Aos compañeiros do Servizo de Control da Calidade Agroalimentaria e Industrias de Lugo.

Á Consellería do Medio Rural e do Mar por ter en consideración un traballo que pretende ser recompilación de información e divulgación para beneficio do lector ávido en coñecer as nosas raíces e os nosos costumes.

Ao Concello de Abadín pola sensibilidade cara á publicación deste libro para a divulgación da nosa riqueza e cultura. Este concello sempre tivo unha especial preocupación pola agricultura e pola comercialización dos seus produtos como demostra a tradición das súas feiras. Na actualidade son un referente a Feira de Santos de Gontán (centro de compra e venda de gando e produtos agrícolas), que se celebra o primeiro sábado do mes de novembro, e a Feira Expogrelo (centro de compra e venda de grelos e unha gran variedade de artigos culinarios feitos con esta materia prima, inclúe unha degustación de caldo e empanadas de grelos), que se celebra no mes de febreiro. A IXP Grelos de Galicia ten en Abadín un dos concellos de maior produción e calidade.



# LIMIAR

Os cambios producidos en Galicia na comercialización dos produtos en xeral, motivada sobre todo pola mellora das comunicacións e o despoboamento do medio rural, levounos á elaboración desta publicación sobre a evolución das feiras e mercados na provincia de Lugo; inclúese unha relación das feiras que se celebraban, das que temos coñecemento, xunto cun calendario dos elementos festivos que teñen lugar mes a mes. Tamén se fai referencia á evolución en Galicia do que foi o Plan nacional de mercados, que tamén é indicativo da nosa situación e resposta a tal plan. Por outro lado, o feito de ser esta provincia un claro representante da produción primaria, incitounos a facer referencia e achegar datos sobre a súa agroindustria co gallo de proporcionarlle á poboación información sobre un aspecto moi descoñecido, motivo polo que ás veces se frean actitudes positivas que se podían executar para a xeración de riqueza.

Desde que existe o comercio, aínda na súa forma máis rudimentaria (mediante o intercambio de froitos e mercadorias de todo tipo), tense sentido a necesidade de medir e pesar os diversos produtos. Estas medidas esixen a elección dunhas unidades ou patróns, e unha das principais características na provincia de Lugo era a gran proliferación destas, expresión inconfundible do illamento histórico e da estrutura comarcal. Por estas razóns decidimos incluír un apartado relativo ás pesas e medidas empregadas nas distintas comarcas da provincia.


O bo viaxeiro, para aproveitar mellor o percorrido, antes de iniciar a viaxe trata de asesorarse sobre o que pode atopar nos lugares onde se pretende desprazar. Polo dito, malia que a intención da publicación non é a de ser unha guía de viaxes, achégase información útil para poder completar unha xornada de lecer. Así, como dende a Ribeira Sacra ata a Mariña, mámoas, castros, asentamentos romanos, mosteiros medievais, cruceiros, petos de ánimas, pontes, pazos, miradoiros, áreas de recreo..., forman un patrimonio digno de ser coñecido, pareceunos interesante proporcionar unha relación dos elementos máis salientables, ordenados por comarcas e concellos.

Como nos últimos tempos xurdiu un notable número de instalacións para a elaboración de produtos galegos con calidade que paga a pena ver e visitar, cremos que é útil ofrecerlle ao viaxeiro mapas con rutas que o guíen aos puntos onde pode atopar estas.

En definitiva, consideramos que resulta un cóctel entre a historia, a actividade empresarial agroalimentaria, a comercialización e a cultura en xeral, con dous aspectos importantes como son a arte e a gastronomía. Todo iso ademais de ter o obxectivo de facilitarlle información, que esperamos que sirva para entreter e apoiar o turismo.



# Feiras e Mercados



# Feiras e Mercados

A etapa castrexa deixa unha poboación moi adiseminada pola xeografía galega. A situación de dispersión chega a tal punto que polo século XVI un bispo galego reclama ao monarca Filipe II que lle xunte a poboación para así poder chegar coa súa mensaxe, é dicir, facer algo como cos indios americanos. A dispersión da poboación, que se mantivo a través dos séculos, na actualidade está experimentando o proceso inverso, debido a que o abandono da agricultura está xerando un éxodo dende os núcleos rurais de menor entidade a poboacións máis grandes.

O feito de que a poboación galega estivese espallada, as vías de comunicación fosen poucas e mal conservadas, os medios para desprazarse e o tempo dispoñible escaseasen (hai que ter en conta que unha poboación dedicada fundamentalmente a labores de tipo agrícolas non pode abandonar por moito tempo a súa actividade), provocou a necesidade de facer feiras e mercados próximos, razón pola cal estes eventos proliferaron en Galicia como fungos.

No século XVI iníciase un incremento significativo da poboación que tivo o seu punto álxido entre os séculos XVIII e XIX. Como consecuencia desta situación, e para satisfa-

cer as necesidades dunha poboación en constante aumento, increméntanse a comercialización de produtos e, consecuentemente, as feiras e os mercados.

Estas citas de carácter periódico que durante séculos se deron en Galicia, e aínda se están a dar na actualidade, foron xunto coa festa parroquial os modos máis habituais de distracción nas zonas rurais, ao mesmo tempo tamén cumpriron funcións de tipo comercial e social. Como non podía ser doutra maneira, nelas naceron miles de anécdotas, foron lugar de diversión e penurias..., normalmente penurias para o labrador e ledicia para o intermediario, pero todo iso non ten volta atrás nin é obxecto deste estudo. Neste traballo queremos achegar unha información que por estar dispersa en moitas fontes (como a nosa poboación) consideramos que pode ser interesante, tanto para os estudosos como para aquel que só quere unha guía dos acontecementos festivo-comerciais da provincia de Lugo.

## HISTORIA

A finais do Neolítico aparece a agricultura e con ela o comercio. Nun primeiro momento practicábase unha agricultura de subsistencia

na que as producións eran as xustas para a poboación que se ocupada desta. A medida que se incorporan os avances tecnolóxicos, como a forza animal ou as novas ferramentas, as colleitas pasan a ser cada vez maiores. Chega un momento en que hai excedentes e, ademais, deixa de ser necesario que toda a poboación se dedique á produción de alimentos. Estas circunstancias favorecen a aparición de sectores da sociedade que se poden dedicar a outras actividades, como a olaría ou a metalurxia. Os excedentes das colleitas empezaron a intercambiarse con obxectos producidos por outros sectores da poboación ou por comunidades especializadas. Normalmente estes obxectos eran elementos para a defensa da comunidade (armas), depósitos para poder transportar ou almacenar os excedentes alimentarios (ánforas, etc.), novos utensilios agrícolas (aixadas de metal...) ou, ata máis adiante, obxectos de luxo (espellos, pendentes, etc.).

Na Idade do Bronce xa existían redes de intercambio que abranguan zonas moi diferentes, pero, polas propias limitacións do rexistro arqueolóxico, só os produtos ou materias primas intercambiados que deixan pegada no rexistro dispoñible permiten esa valoración, sen que se poidan avaliar outros tipos de produtos intercambiados. En Europa os produtos intercambiados cífranse en materias primas líticas: sílex, obsidiana e pedras duras; metais: cobre e ouro; e adornos: marfil, ámbar, casca de ovo de avestruz, cunchas, etc.; sempre obxectos manufacturados e de dubidosa utilidade como ferramentas implicadas nos procesos de produción de bens subsistenciais. Pero hai que supoñer que outro tipo de produtos puídesen acompañar a estes: tecidos, certas bebidas, líquidos, comestibles, escravos, mulleres, sal, etc. Este comercio primitivo, non só supuxo un intercambio local de bens e alimentos, senón tamén un intercambio global de innovacións científicas e tecnolóxicas; entre outras, o traballo en ferro e en bronce, a roda, o torno, a navegación, a escritura, novas formas de urbanismo e un longo etcétera.

A maneira en que as primeiras civilizacións empezaron a comerciar era o troco. Intercambiábase materia prima por artigos artesanais, ou produtos elaborados, a cambio doutros que o artesán non producía. Nos pequenos mercados era onde se orixinaron os primeiros trocos entre unha gran variedade de artigos, por exemplo, ferramentas de sílex, lanzas, zapatos, colares e ata produtos agrícolas. Hoxe en día, nalgúns mercados séguense usando este tipo de transaccións. O principal inconveniente deste tipo de comercio é que as dúas partes implicadas na transacción comercial tiñan que coincidir na necesidade das mercancías ofertadas pola outra parte. Para solucionar este problema xurdiu unha serie de intermediarios que almacenaban as mercancías involucradas nestas transaccións.

O uso do diñeiro nas transaccións comerciais supuxo un gran avance na economía. Xa non facía falla que as partes implicadas nos intercambios necesitasen as mercancías da parte oposta. Civilizacións máis adiantadas, como os romanos, estenderon este concepto e empezaron a acuñar moedas. As moedas eran obxectos especialmente deseñados para estes negocios. O único inconveniente que tiña o diñeiro era que ao ser un acordo dentro dunha comunidade podía non ter sentido noutro contexto. Por iso xurdiu o concepto da divisa. A divisa era un elemento de intercambio aceptado nunha zona moito máis ampla que a propia comunidade, a máis habitual era o ouro puro, aínda que ao longo da historia tamén apareceron outras, como o sal ou a pementa. As divisas facilitaron o comercio intercontinental en gran medida.

En Roma boa parte da actividade comercial era realizada polos mesmos produtores. Os excedentes agrarios eran levados á cidade polo campesiño que adquiría ou cambiaba nos talleres os produtos necesarios.

Malia que a tradición histórica do comercio se remonta ao Antigo Exipto e ao Imperio Romano cando os comerciantes se atopaban cos produtores locais en mercados e bazares, o termo “feira”, no seu sentido moderno, empezou a utilizarse por primeira vez

durante a Idade Media. Etimoloxicamente, a palabra feira procede do latín *feria*, que significa solemnidade, festa. Algúns autores propoñen tamén como antecedente o termo *forum*. Ambos os dous remiten ao concepto de solemnidade ou peregrinación. Pouco a pouco, esas festas apareceron unidas ás prácticas mercantís; e paseniñamente as transaccións comerciais prevaleceron sobre os aspectos relixiosos. O mesmo significado achámolo no termo utilizado en alemán *messe*, o cal provén do latín *missa*: servizo relixioso onde o sacerdote ao pronunciar as palabras “*ite, missa est*” (podedes irvos, a nosa pregaría xa foi enviada) daba por rematado o servizo relixioso, iniciándose a continuación a actividade do mercado situado xeralmente na praza da igrexa.

A primeira feira documentada da que se ten coñecemento foi a “Foire de Saint Denis”, fundada polo Rei Dagoberto no século VII, celebrábase preto de París para abastecer de viño e mel as cidades situadas máis ao norte. As feiras eran reunións de comerciantes en lugares fixos, en datas tamén fixas e protexidas mediante disposicións legais. Cada feira estaba perfectamente organizada. A primeira semana dedicábase a montar as *paradas* ou casetas nas rúas da cidade; durante os dez días seguintes, procedíase á *transacción dos panos*; a continuación, durante once xornadas, vendíase o *coiro cordobán* e nas dezanove restantes vendíanse outras variedades de mercadorías. A feira concluía dedicando un tempo a facer o balance.

Aínda que o fin das feiras fose nas súas orixes exclusivamente comercial, tamén deron lugar á construción de edificacións para satisfacer as necesidades dos feirantes: locais, lonxas, igrexas, tendas, calzadas...; e tamén a outras manifestacións xurdidas co fin de divertir os participantes. Había espectáculos públicos: acróbatas, xograres e trovadores. Non faltaba a poesía, a danza e o teatro; as funcións, primeiro foron nas igrexas, logo nos pórticos e despois nas prazas. Os poetas-músicos chegaron a ser tan numerosos que nalgunhas cidades se publicaron edictos contra eles.

As feiras instalábanse nun espazo libre, ás portas da *citée* ou recinto antigo (xunto á catedral), agrupábanse nun espazo moi limitado e a súa apertura anunciábase polo repique das campás. A clientela era do máis variado. As mercadorías, obxecto de transacción, incluían peixe fresco e salgado, peles, panos finos, viño, sal, tapices, teas de seda, cobre cicelado, cristalería, metais labrados, especias orientais (como nesta época gustaban da comida sazónada, nos mercados sempre había pementa, canela, cravo, xenxibre, macis e noz moscada), marroquinería, produtos menciñeiros (álloe, alcanfor, ruibarbo...), perfumes e aromas (ámbar gris, melisa, incenso, almisce, mirra, auga de rosas...), cera, mel...

Os mercadores ou comerciantes gozaban de múltiples privilexios: “a súa persoa só podía ser detida e os seus fardos confiscados polos gardas das feiras, vixiantes ou inspectores”. Pagábase por todo, con cantidades ben establecidas: a escolta que protexía os comerciantes desde calquera país, o cabalo, o intermediario, a peza de tea, o aluguer dunha casa, o dereito de mercado de produtos comestibles, a taxa por libra de prata prestada, por acto de préstamo, pola entrada dunha mercancía. Podíase dicir que o fisco feudal non carecía de imaxinación para atopar as ocasións de engrosar as súas arcas.

Os dereitos de apertura dun mercado semanal concedíase xeralmente por privilexio real e os de feira, pagados polos comerciantes, constitúen a miúdo unha fonte substancial de ingresos para o nobre, a autoridade eclesiástica ou a municipal. Do mesmo modo, a feira anual ou, ás veces, semestral (podía durar varias semanas) ofrecía unha magnífica saída ao comercio afastado. Este dereito a establecer as feiras concedíase igualmente por privilexio real e os *hallages* (dereito ou canon que paga o comerciante para vender na lonxa ou mercado dunha cidade) adoitan ser moi elevados. Os grandes comerciantes eran os protagonistas das feiras, pero ao carón deles coexistían vendedores ambulantes que trasladaban as súas mercancías dun lugar ao outro, e

podían levar a cabo os seus negocios fóra do recinto feiral.

A utilización da diversidade de pesos e medidas no medievo carrega problemas ao comerciante, o cal debía recorrer ás táboas de conversión ou equivalencias, pois as medidas do lugar de compra diferían a miúdo coas do punto de venda. Como ao mesmo tempo era perigoso viaxar levando consigo fortes sumas de diñeiro en moedas, gran parte das transaccións realizábanse a crédito. Buscábase un medio para evitar transportar diñeiro efectivo dunha feira a outra xa que entrañaba riscos de todo tipo: peso da moeda, desgaste do seu metal ao pasar de man en man e, xa que logo, do seu valor e riscos de roubo. O comprador non estaba obrigado a desembolsar o seu diñeiro no momento da entrega da mercancía adquirida, podía comprometerse a pagar na feira seguinte. O devandito compromiso estaba acuñado co selo das feiras. Os gardas controlaban o pagamento desas obrigas e perseguían o debedor coa axuda dos seus numerosos axentes.

18

Un dos primeiros instrumentos de crédito foi a *lettre de foire* (percusora da letra de cambio), un documento de pergamino realizado por duplicado por un escriba. Hai que dicir que os documentos que se empregaban nas feiras polos comerciantes importantes non foron utilizados de forma xeneralizada. O uso do cheque e o crédito non penetrou de xeito efectivo no medio rural ata unha época relativamente recente; despois do uso do troco. Non se utilizou máis que o pagamento en metálico e en man, e desconfiábase profundamente dos intermediarios.

Durante a Alta Idade Media, en xeral, desapareceron as grandes feiras, as grandes caravanas e o fluxo de Oriente á Occidente. Ao mesmo tempo que desaparecían algunhas, aparecían outras grandes en Inglaterra, Francia etc., como a de Champagne, Northampton, Medina del Campo... Xa na Baixa Idade Media, estas feiras tiñan distinto matiz en canto aos obxectivos de comercio e distribución, entre outras cousas,

polas influencias relixiosas, melloras na navegación e polo asentamento da poboación nas cidades pequenas que se foron formando, que remataron na creación de moitas feiras e mercados de carácter local, e que en Galicia se espallaron por todo o territorio.

Na Idade Moderna seguiu a aumentar a poboación e tamén se incrementou a urbanización. Castela sobresaía, xunto con Holanda, Inglaterra, entre outros, pero obviamente con épocas cambiantes. A finais do século XVIII séguese nesa tendencia coa implantación do embrión da sociedade de consumo e todas as súas implicacións. Se a todo isto lle engadimos as influencias dos imperios do mundo, como a conquista de América, o Imperio Otomano, chave de Oriente, as rutas de peregrinación a Santiago de Compostela, as vías de comunicación, etc., temos infinidade de mudanzas, pero as feiras e os mercados seguirían a súa evolución ata os nosos tempos.

Na Idade Contemporánea, en moitos lugares de España, ata practicamente a mediados do século XX seguirán desaparecendo e creándose novas feiras e mercados. Entre os séculos XIX e XX algunhas derivarán progresivamente en feiras monográficas, e na segunda metade do século XX outras transformaranse en eventos gastronómicos. Ao mesmo tempo aparecerán en moitas vilas e cidades festas gastronómicas que, nalgúns casos, fortalecerán a propia festa tradicional en decadencia.

## EVOLUCIÓN DAS FEIRAS E MERCADOS EN GALICIA

Galicia, aínda que nun extremo, está conectada co resto de Europa polo Camiño de Santiago. A evolución das feiras e mercados durante a Idade Media en toda Europa tamén toma corpo neste *finisterrae* no que xurdirán exemplos como a de *San Lucas* de Mondoñedo, que se remonta ao ano 1156 e que perdura na actualidade. Con orixe na Idade Media tamén cómpre destacar a *Feira de Santos* de Monterroso que data de 1450 e rematou dando orixe á vila; o

comercio do sal sería o elemento principal e arredor del callaron as transaccións de gando. As *Quendas* de Mondoñedo, feira cabalar coñecida dende o século XV. Outras feiras de tempos antigos son a de *Santiago* e a de *San Froilán* en Lugo. Tiñan tanta fama case como a de Sevilla (que sempre fora moi coñecida e que aínda hoxe o é pola *Feira de Abril*). En 1487 a cidade de Santiago celebraba unha feira franca outorgada polos Reis Católicos e duraba vinte días. O *San Froilán* de Lugo tiña unha orixe eminentemente agraria, e aínda que os datos existentes da súa orixe non son exactos, case seguro que o embrión sería medieval. No século XVIII produciuse un fito simbólico coa concesión dun privilexio real en 1754 para a celebración dunha feira anual (San Froilán) na que se podían vender produtos do campo.

Durante a Baixa Idade Media (séculos XI-XV) formáronse moitos núcleos urbanos ou vilas polo interior, fuxindo da inseguridade da costa debido ás invasións puntais de viquingos, entre outros. Isto daría lugar a innumerables mercados, feiras e festas por toda Galicia e tamén a unha distribución demográfica envexable. As peregrinacións a Santiago de Compostela, ademais de non iren en detrimento das feiras e mercados, deron lugar á implantación de tendas e comercios fixos e individuais, que en Galicia polas súas características demográficas foron interesantes e, en séculos posteriores, de gran transcendencia económica e cultural. Aínda quedan lembranzas dos *burgos* próximos ou incrustados a algunhas capitais galegas onde era de supoñer que se celebraban no seu momento feiras ou mercados.

Nos séculos posteriores, o movemento das feiras e mercados acompañouse dun incremento ou descenso da poboación. Dende o século XVIII ata mediados do XX houbo un aumento notable do número de feiras, seguido dunha rápida diminución destas.

Os núcleos urbanos, as vías de comunicación, a especialización produtiva, a mecanización familiar e o abandono rural determinaron a permanencia, o tipo, o lugar e a creación

destas feiras e mercados. Como exemplo, pódese subliñar a aparición na segunda metade do século XX de innumerables feiras gastronómicas.

## DIFERENZAS ENTRE MERCADOS E FEIRAS

**Mercado** é unha concentración mercantil que se celebra con regularidade e en curtos espazos de tempo, unha vez á semana, cun lugar permanente e no que se comercia, sobre todo, con produtos de primeira necesidade.

**Feira** é un mercado extraordinario cun ritmo de celebración establecido -que adoita oscilar entre quincenal e anual-, sen instalacións fixas, cun maior raio de acción tanto de provedores coma de compradores e no que sempre está presente o gando maior e a oferta de produtos é máis ampla.

Os dicionarios da Real Academia Española e da Real Academia Galega definen as feiras e os mercados do seguinte xeito:

Diccionario da Real Academia Española

Mercado:

- Contratación pública nun lugar destinado para o efecto e en días sinalados.
- Sitio público destinado permanentemente, ou en días sinalados, para vender, comprar ou permutar bens ou servizos.
- Conxunto de actividades realizadas libremente polos axentes económicos sen intervención do poder público.
- Conxunto de operacións comerciais que afectan un determinado sector de bens.
- Praza ou país de especial importancia ou significación nunha orde comercial calquera.
- Conxunto de consumidores capaces de comprar un produto ou servizo.
- Estado e evolución da oferta e a demanda nun sector económico.

Feira:

- Mercado de maior importancia que o común, nun lugar público e días sinalados.
- Festas que se celebran con tal ocasión.
- Sitio público en que están expostos os animais, xéneros ou cousas para a súa venda.
- Concorrenza de xente nun mercado desta clase.
- Conxunto de instalacións recreativas, como carruseis, circos, casetas de tiro ao branco, etc., e postos de venda de doces e lambetadas, que, con gallo de determinadas festas, se montan nas poboacións.
- Instalación onde se expoñen os produtos dun só sector industrial ou comercial, como libros, mobles, xoguetes, etc., para a súa promoción e venda.

Diccionario da Real Academia Galega

Mercado:

- Lugar público, cuberto ou ao aire libre onde están os postos de venda de alimentos.
- Reunión de xente, en lugares e datas fixas, para mercar e vender calquera tipo de mercadorías, incluso animais.

Feira:

- Mercado público, xeralmente ao aire libre, onde se compran e venden mercancías, en particular produtos da terra e artesáns, e que se celebra en días fixos.
- Reunión periódica en que se presentan ao público mostras de diversas mercancías.

## FEIRAS

A palabra feira procede do latín *feria*, *feriarum* (empregábase en plural) que significa días festivos, días de vacacións.

En latín tardío cristián feira empregouse en singular para denominar os días da semana (con ese significado aínda se segue utilizando en portugués hoxe en día). Na actualidade, é un evento coas seguintes características básicas: evento social, con obxectivos económicos ou de carácter cultural, que se celebraba e celebra nunha sede e cunha periodicidade superior ao mercado. Eliximos estes puntos básicos porque consideramos que son conceptos que perduraron no tempo.

Evento social:

As feiras foron sempre desde o comezo das celebracións un evento social, un lugar de encontro, de relacións a maior ou menor escala. En Galicia é doado de percibir este aspecto, aínda que se reflectía moito mellor hai dúas ou tres décadas. Servían, ademais de realizar a actividade de mercar e vender, para a práctica da negociación e regateo, onde afloraba a experiencia dos profesionais e a psicoloxía, en xeral. As feiras axudaban a relacionarse co mundo, a encontrarse cos amigos e cos familiares, e ademais tamén se utilizaban, en parte, como celebración festiva ou relixiosa, segundo o caso e en que lugar.

Evento de asuntos económicos:

Foi un fenómeno económico que xurdiu durante a Baixa Idade Media en Europa Occidental nunha conxuntura expansiva do feudalismo, na que as cidades estaban a crecer xunto ao comercio a longa distancia, á artesanía e ás finanzas, é dicir, con todas as actividades económicas que ían máis alá da economía rural agropecuaria, que constituía a gran maioría da produción.

Evento de carácter cultural:

As feiras tamén teñen unha parte cultural. Aínda que nos seus comezos fose só un fenómeno comercial para cubrir as necesidades, co transcorrer do tempo tamén se foron acompañando de actos lúdicos, moi necesarios para a poboación en xeral e moito mellor aínda para o rural, como no caso de Galicia.

Evento que se celebra nunha sede:

Os mercadores confluían de xeito organizado nunha localidade cuxa posición xeográfica representase algunha vantaxe, que permitise establecer tratos comerciais durante varios días e cunha periodicidade normalmente anual co gallo da festa local posta baixo a advocación dun santo patrón. Tanto por razóns de espazo coma polo que supoñía de símbolo fiscal, as feiras adoitábanse celebrar ás portas das murallas, en chairas abertas, que a expansión posterior das cidades rematou convertendo en prazas pechadas con edificios arredor (praza do mercado); moitas delas con función comercial que se acabaron por converter nun punto céntrico da cidade.

Evento programado no tempo:

Fóronse programando nunha data determinada, porque así permitíasielles organizarse os vendedores, os intermediarios e os mercadores. As feiras que se celebraban a grandes distancias necesitaban, por conseguinte, que foran bastante espazadas no tempo, pero a medida que estaban máis preto dos lugares dos asistentes, esa distancia temporal reducíase.

As feiras adoitan ter unha periodicidade mensual, anual e incluso bianual. Pola contra, os mercados teñen unha periodicidade semanal ou menor.


Moitas das feiras eran por concesión das autoridades, en xeral, e en España polos privilexios dos reis, en particular, amparadas pola igrexa e pegadas ao seu recinto. En Galicia unha gran parte feiras celebrábanse por costume.

As feiras fóronse transformando co paso do tempo, dos grandes acontecementos de comezos do medioevo pasáronse a eventos cada vez máis pequenos, desapareceron unhas feiras e creáronse outras. De feiras con carácter xeral pasouse a feiras temáticas. En Galicia, en concreto, da feira polivalente pasouse ao mercado de gando, e estas feiras foron perdendo pulo a favor das feiras agroalimentarias, que van collendo cada vez máis forza.

## MERCADOS

A definición ou palabra de mercado deriva da palabra latina *mercatus*, vocábulo derivado do verbo *mercari* (mercar), refírese ao lugar ou á forma de contacto entre as persoas que mercan e venden.

Entre outras moitas definicións que se dan de mercado podíamos incluír unha segundo a mercadotecnia: “organizacións ou individuos que teñen desexos ou necesidades, e que ao mesmo tempo teñen a capacidade e a vontade de comprar bens e servizos para satisfacer as devanditas necesidades”.



Postos na feira de Navia de Suarna

A palabra mercado ten un carácter bastante universal e polivalente, isto quere dicir que son eventos con moita diversidade, tanto polas persoas que participan coma polos produtos que circulan, os lugares onde se sitúan, etc.

Os mercados que comezaron nese intercambio ou troque rudimentario nada máis pasaron posteriormente a unha fase onde o mercado estaba formado por dous tipos de correntes comerciais:

- Unha ligada á adquisición de bens do exterior.
- Outra ligada á distribución local dos alimentos ou outros bens.

De toda esta situación saíron as lonxas, as poxas, as feiras, etc., que na actualidade seguen vixentes.

Os mercados, sen dúbida, foron evolucionando segundo se foron cambiando e mellorando paseniñamente as condicións de vida. Non cabe dúbida que os mercados, en xeral, se foron asentando en lugares e datas determinadas motivados polos aconteceres seguintes:


- Celebración de eventos, aglomeración de xente como se se tratase dunha festividade relixiosa.
- O desenvolvemento das comunicacións, que son un indicativo de avance social.
- Os núcleos poboacionais, que eran os lugares predominantes onde se acumulaban as necesidades. De aí que naceran os mercados fixos que se correspondían máis case coa

distribución de bens e alimentos que ao obxectivo dos mercados, que denominaremos máis adiante feiras e que en Galicia foron importantísimas. Estes mercados fixos foron o núcleo da comercialización dos produtos perecedeiros pois así non tiñan que percorrer grandes distancias.

Desde a Idade Media os mercados continúan existindo, con diversos enfoques, aínda que os obxectivos son os mesmos.

A terminoloxía de mercado foi quedando –fóra dos mercados financeiros– para referirse a lugares de abasto nas cidades:

- Mercados cubertos de celebración continua que hoxe se denominan “praza”.
- Mercados ao aire libre de celebración dúas veces á semana.
- Mercados de gando, que así se seguen a chamar cando son cubertos, e débense salientar os realizados no derradeiro cuarto do século pasado en España comprendidos no Plan nacional de mercados.



## Feiras e mercados en Galicia

Todo o que se explicou anteriormente é perfectamente aplicable a Galicia, que desde a época castrexa foi debuxando a súa demografía e por conseguinte a súa base de celebracións de feiras e mercados.

En Galicia tamén houbo unha relativa disociación entre mercado e feira. O mercado chegou ata os nosos días a nivel popular en varias formas:

- Cuberto. Celébrase normalmente semanalmente, e incluso algún a diario, ou polo menos nalgúns lugares onde a oferta é basicamente de verduras. Hai postos fixos de venda todo ano de diferentes produtos, que van desde a carne fresca a queixos, pasando por produtos salgados e outros. Na actualidade vén ser sinónimo do que chamamos “*a praza*”.
- Por outra banda, os lugares de poboación preto e superior a 1000 habitantes, como norma máis xeneralizada, teñen mercados que poden ser normalmente de carácter semanal. Se hai máis poboación o normal é que se celebre dúas veces á semana e se é moi pequeno pode ser quincenal. Estes mercados son ao aire libre e realízanse nas prazas dos pobos, posiblemente onde naceron no seu día.
- Na actualidade, moitos son de creación nova, os mercados ao aire libre convertéronse no que se chama “*mercadillo*”, nestes comérciase, ademais de con produtos frescos para a alimentación, con moita oferta doutros produtos, pero basicamente con todo o relacionado co vestir.
- Tamén seguen a recibir o nome de mercado os eventos comerciais gandeiros que se celebran en recintos cubertos. De feito, no último terzo do século pasado desenvolveuse o Plan nacional de mercados de gando. Desde o punto de vista histórico tivo e

ten importancia, máis adiante haberá un capítulo referido á evolución dos mercados de gando en Lugo.

Co tempo Galicia foise transformando nunha gran rexión de produción gandeira, o comercio do gando foi collendo moita forza e foise convertendo no que chamamos hoxe feiras, que nos primeiros tempos eran grandes eventos, e que posteriormente foron perdendo afluencia a medida que aumentaron estes.

As alusións ás feiras en Galicia veñen de vello, dalgunhas conservamos referencias dende hai moitos séculos. A *Feira de San Lucas*, a súa aparición remóntase ao ano 1156, ano en que Afonso VII concedeu unha festa de oito días. Estas feiras chegaron a durar 15 días e por suposto eran de gando montaraz. No mesmo lugar, *As Quendas* de Mondoñedo, que estiveron dedicadas ao gando cabalar e hoxe aínda seguen en vigor. Estas feiras véñense a celebrar dende o século XV.

Do mesmo século é a *Feira de Monterroso*, xa que o seu nacemento data do ano 1450. Parece ser que esta feira naceu ao redor da venda do sal. Ao lado da venda do sal estaban, como elemento prioritario, as transaccións de gando.

De tempos antigos tamén vén a *Feira de San Froilán*, aínda que é en 1754 cando se lle concede a Lugo o privilexio real para a celebración da feira anual pola data do santo. É unha feira eminentemente agraria.

Durante parte da Idade Media, Moderna e Contemporánea, as feiras en Galicia viñéronse a celebrar con gran afluencia de xente, cada vez máis, segundo aumentaba a poboación.

Dende o século XVIII ata o XX, en gran medida, empezouse a debuxar o mapa das feiras principais en Galicia e na provincia de Lugo. Acentúase o carácter de feira mensual, en xeral, e este prolóngase ata aos momentos actuais.

Durante os séculos XIX-XX seguiron nacente feiras, que puideron ser por

necesidade ou interese de alguén, e as autoridades permitíronas pois eran sempre un beneficio para a zona. Algunhas comezaron a desaparecer, sobre todo a partir do ano 1960, cando empezou a revolución verde e a emigración a Europa.

Como noutros lugares, en Galicia as feiras orixináronse ben dun nó de comunicacións, da aglomeración da poboación nos pobos urbanizados, ben de celebracións relixiosas, eventos festivos, etc. E como resultado de todo isto podemos tamén observar, ata mediados do século XX, que:

- Ao ir en aumento o despoboamento desaparecían as feiras.
- Ao mellorar as comunicacións, unhas desaparecían e outras cambiaban de lugar.
- As que naceron ligadas a actos relixiosos, ou ao revés, foron adquirindo máis o nome de festas que de feiras, exemplo por as *Festas de San Froilán*. A verdadeira feira tradicional desapareceu.

É a partir da segunda metade do século XX, e máis aínda no último terzo, cando o gando foi desaparecendo das feiras; aínda que a feira se seguiu a celebrar como evento, pasouse desde a concorrencia dunha camada de porcos ata só a asistencia da polbeira. Estas feiras convértense, basicamente, en feiras gastronómicas, onde se xuntan varios factores, como a tradición da xente por comer, a transcendencia do polbo na Galicia interior e a ocasión de reunión de colectivos; é dicir, unha función eminentemente social.

Nesa época elaborouse o Plan nacional de mercados que estaba dirixido ás feiras única e exclusivamente de gando (Decreto 1015/1975 do 17 de abril), en Galicia tamén se aplicou, aínda que é verdade que se fixeron outros *a posteriori*.

Nesta segunda metade do século XX e primeiros anos do XXI proliferaron e proliferan as feiras gastronómicas, que en moitos casos se denominan festas. É retomar

un pouco o que pasou en épocas antigas cando a feira ía asociada á festa da zona.

As feiras gastronómicas son monotemáticas, defenden e resaltan un produto, e ao mesmo tempo axudan a súa comercialización. Sen dúbida, son un acontecemento moderno, que veu axudado moitas veces polas tecnoloxías e tamén pola maior implicación por parte dos negocios de hostalería, o que foi tamén unha función de coordinación de actuacións beneficiosa para os pobos.

## PECULIARIDADES DAS FEIRAS EN GALICIA

As feiras en Galicia, como noutras partes, foron un reflexo inigualable da sociedade, tanto desde o punto de vista estritamente sociolóxico coma económico, e mesmo cultural. Por iso é interesante subliñar algunhas das facetas que no transcurso do tempo foron definindo as feiras no seu conxunto.

Dentro do anecdotario, hai que facer referencia a que algunhas veces a celebración das feiras tivo trabas por parte das autoridades, xa que por defender o comercio local puñan atrancos aos mercadores, especialmente aos de gando; nalgúns casos gravábase cun imposto cada cabeza de gando vendida e mesmo se prohibía que saísen da rexión, aplicando un código dado por Afonso X, o Sabio.

A partir de aquí, aínda na época medieval, as feiras multiplicáronse e abríronse moito ao comercio, coa presenza de gando maior e menor, produtos do campo, apeiros, etc.

A mediados do século XVIII quíxose interromper nunha parte de Galicia o costume de celebrar feiras os festivos, pero esa disposición quedou sen observancia. Na segunda década do século XIX volveuse a decretar a mesma prohibición, pero ante a protesta xeral que se levantou no país ditouse unha Real orde o 30 de maio de 1923 “establecendo en todas as provincias que compoñen o Reino de Galicia o antigo e inmemorial costume de celebrar as feiras

e mercados os domingos e días festivos, exceptuando, non obstante, o Xoves e o Venres Santo e o día de Corpus”.

No momento en que desapareceron as trabas para a celebración das feiras en Galicia, estas multiplicáronse e a tendencia mantívose ata mediados do século XX. Pasouse de 47 feiras rexistradas no ano de 1750 (Catastro do Marqués de Ensenada) a 107 en 1948.

Librado o ecuador do século XX produciuse unha serie de cambios espectaculares no rural galego: a emigración en masa deixa moitos pobos case baleiros e a aparición da revolución verde induce a agricultura a coller outros rumbos; a mecanización facilita o desprazamento a mercados máis distantes, os compradores de gando para os matadoiros tratan directamente co gandeiro na súa casa e o fornecemento de animais empeza a facerse en granxas especializadas, polo que o gando maior deixa de facer acto de presenza nalgunhas feiras... Moitas feiras deixan de ter sentido e empezan a retroceder en número.

Cara a finais do século XX nalgúns lugares houbo intentos de recuperar as feiras desaparecidas. O principal motor delas fóra o gando vacún, pero o comercio deste xa se estaba a concentrar nuns poucos mercados moi concretos, froito da aplicación do Plan nacional de mercados de gando, polo que a realidade se impuxo e a recuperación non foi posible.

Nas últimas décadas deste século XX tamén se observa un descenso da afluencia de xente ás festas parroquiais, por motivos parecidos aos das feiras e tamén pola aparición doutros medios de entretemento; xorden necesidades que a feira tradicional xa non pode suplir, todo isto son síntomas de que se están a producir cambios profundos nun país que, por outra banda, non quere perder o interese gastronómico que sempre despertaron as súas festas. Desa situación empezaron a nacer feiras e/ou festas gastronómicas. Chámaselles nuns casos feiras e noutros festas, en función de que vaian ligadas á festa do pobo ou a unha feira existente. Ademais, a feira non deixa de ser un día de festa.

As feiras e festas gastronómicas colleron gran auxe porque aos galegos gústanos comer e desfrutar dos nosos produtos. Estes eventos triunfaron porque tiveron e teñen atractivo na nosa sociedade. Podemos dicir que na actualidade son as raíces da maioría dos eventos festivos dos concellos galegos. Naturalmente, comentabamos que se lles chama feiras ou festas, e na realidade, na maioría dos casos, son feiras onde se leva a cabo a promoción dun produto da terra ou do mar, ou un prato elaborado, pero ao carón deles pode haber un mercado parello de gran importancia, e ao mesmo tempo levar o compoñente de festa coa participación de bandas de música, charangas e orquestras. Este tipo de eventos son de carácter anual, o mesmo que as grandes feiras que aínda imperan en Galicia, como son as da Ascensión en Santiago, San Lázaro en Verín e San Froilán en Lugo, Santos en Monterroso e San Lucas en Mondoñedo, entre outras.

As feiras tradicionais de duración quincenal ou mensual neste intre están en diferente grao de actividade ou desaparecidas. As que se manteñen mellor celébranse en tempo máis reducido, pois nas feiras antes pasábase todo o día, e hoxe só se vai unhas horas pola mañá.

Na actualidade o panorama das feiras na provincia de Lugo pode clasificarse nos tipos de celebracións que seguen:

- Mercados de gando: Castro de Ribeiras de Lea, Monterroso, Chantada, Sarria.
- Feiras anuais de rapas: Campo do Oso e Candaoso.
- Feiras anuais gastronómicas: festa da androlla, festa da tortilla, festa do caldo de ósos, feira do viño, feira do aceite, festa da castaña...
- Feiras tradicionais activas: a maioría con pouco gando, a maior parte porcino e, paralelamente, un comercio de “mercadillo”, cada vez máis abundante.
- Feiras tradicionais residuais: mercados cubertos ou feiras que só quedan

para unha actividade gastronómica, basicamente para comer o polbo ou a carne ao caldeiro, pratos tipicamente galegos.

- Feiras esmorecidas: grupo de feiras nas que só queda o posto do polbo e algo de “mercadillo”, sobre todo nos lugares onde non hai moita poboación.

Diciamos que as feiras, principalmente, se converteron en lugares de transacción de gando; aínda que o gando vacún e o porcino era o máis abundante, confluía gando de todo tipo: ovino, caprino, aves e coellos, gando cabalar, mular, bois, etc., apeiros para labranza e, nos últimos tempos, maquinaria agrícola; tamén había froita, pan, viño, peixe, ovos, manteiga, lacóns, xamóns, etc.; non podían faltar as teas e posteriormente a roupa e o calzado. Todo era importante para a economía familiar, xa que se unha xata era para a macroeconomía familiar, os ovos e o xamón eran para a microeconomía, aquela que sempre foi o sostemento de calquera unidade comercial.

Unha característica (de mediados do século XX) que definía as feiras e, da que algúns

temos a imaxe gravada, era a dos medios de desprazamento, o transporte da concorrencia. Pasouse de realizar a pé ou a cabalo a ser en vehículos a propósito, con capacidade mixta, ou sexa, preparados para trasladar xente e gando. Nas vilas e cidades había propietarios de locais que os abrían para que durante as feiras os asistentes puideran gardar os cabalos e de paso facíanlle esterco para fertilizar os hortos. Hoxe aínda quedan nalgunhas casas as argolas onde se prendían os cabalos dos que ían ou viñan á feira.

Tamén se daba o regateo, un feito que aínda acontece na maior parte do mundo. Había grandes especialistas. O regateo estendíase a todas as actividades do comercio na feira, menos nas casas de comidas. O trato remataba sempre cunha aperta de mans, era o selo formal de que pechara a poxa polo artigo que fose.

Eran figuras indispensables os intermediarios, que aínda que interviñan en case todas as parcelas da comercialización, estaban omnipresentes no comercio de gando. Unha figura importante era o “tratante” de gando, tiña unha vestimenta particular que incluía unha vara ou unha caxata, a bata



negra e a tesoiras de marcar o gando. Eran personaxes, na maior parte dos casos, con poucos escrúpulos comerciais, capaces de “desplumar” sen moitos miramentos a un labrego pouco informado.

Paralelamente á actividade comercial, había outras de carácter profesional que aumentaban ou ampliaban a súa produtividade: partilleiros, médicos, notarios, avogados, etc.; ese día era de moito traballo. Os avogados de fóra abrían bufetes unicamente ese día para atender os clientes. Por suposto, menciñeiros, compostores e outras actividades non reguladas aproveitaban a ocasión para atender consultas de xente necesitada. Había xente para todo; por iso as tabernas e os comercios, en xeral, estaban todo o día abertos.

Concurría moita xente porque era o acto social máis importante nas arredondas. Á feira ían vellos, novos, mozos e nenos; os que ían vender, os que ían mercar, os que ían ver como andaban os prezos e mais os que asistían simplemente porque era día de diversión, comunicación e contacto coa xente.

As feiras, nalgúns casos, tiñan algo que ver coas festas, e a xente que acudía a elas, moita dela era xente nova, tiña ganas de festexar; durante o día había moitos entreteres: trobadores, cantares de cegos, adiviñadores, etc.; sempre sabían en que botar o día entretido. Non era como agora que hai unha diversión máis a miúdo e variada, naqueles tempos era unha vez ao mes e ao mellor ían ás feiras 3 ou 4 veces ao ano. Ás veces tamén había baile e cine. Eran comúns os paseos polas rúas despois de realizar as operacións comerciais, sobre todo polas tardes en plan de recreo e de contacto social. Nas feiras desenvolvíanse tanto a actividade económica como cultural e social.

Estes eventos deron lugar a ditos que reflectían a súa evolución: “Cada un conta da feira como lle foi nela”, “Non hai feira mala”; “O que perde un, outro gánao”, “Vai cos da feira e volve cos do mercado”...

## RETRATO DUNHA FEIRA NA DÉCADA DE 1960

Inserimos a modo de introdución o retrato dunha feira na década de 1960 feito polo antropólogo Carnelo Lisón Tolosana.

“A feira é un día de festa e a ela acoden homes e mulleres, nenos e anciáns. Pola mañá todos os camiños conducen á feira. Homes e mulleres aproxímanse andando, guiando os animais que levan a vender. Outros cabalgan, e moitos sérvense dos autobuses que con rótulos pintados nos que se le FEIRA fan cantas viaxes sexan necesarias. En moitos destes autobuses hai compartimentos separados para persoas, vacas e porcos. Tamén van en coche. Mulleres de loito que non participan nas festas locais saen da súa reclusión para ir á feira. Os sacerdotes dos pobos próximos tampouco faltan á festa. Homes e mulleres vístense para a feira. Os mozos pasean pola tarde con gravata e as raparigas andan ben traxeadas. Os nenos non teñen escola ese día e andan polas rúas ben peiteados e vestidos. Miles de persoas van e veñen en trasfego, esculcando de posto en posto.

Os paisanos levan a feirear -ou compran-, principalmente, becerros, porcos e bois. A negociación destes animais é a que dá o ton económico á feira. Pero, ademais, comérciase con coellos, cabras, ovellas, ovos, galiñas, xamóns, verduras, gando cabalar e mular, touciño, manteiga, queixos, carros, arados, bancadas de madeira, aixadas, fouces e demais apeiros de labranza. Esta lista é en realidade curta. Hai que engadir froitas, peixe, pan, viño, toda clase de roupas e calzados, plásticos, peites, reloxo, bixería barata, mantas, quincalla, útiles de cociña, etc. Novidades en canto a instrumentos e maquinaria lixera agrícola, técnicas recentes, pequenos motores, bombas de auga, etc.; exhibense alí en operación. Na feira das Pontes teñen un recinto para o gando vacún, outro para os porcos, un terceiro para queixos, ovos, manteiga, xamóns, froitas, etc., e os vendedores ambulantes teñen tamén o seu espazo reservado. As voces de compradores e vendedores, as súas esaxeracións, a agresividade estu-

dada que na maior parte dos tratos se exhibe, os pasos cara a adiante, arredor e cara a atrás, o exame polo miúdo dos obxectos e animais, os apertóns de mans ao realizar un trato, etc., son propios da atmosfera feiral.

No día da feira despréganse ademais outras actividades. A xente aproveita para ir ao concello, falar co secretario, expor e solucionar problemas, conseguir certificados, cubrir formularios e tratar de calquera asunto pertinente. A feira obsequia o notario cun dos días de maior actividade. A xente da contorna reserva para este día todas as dilixencias necesarias para a celebración de contratos, testamentos e outros actos extraxudiciais. Non importa que a capital municipal non sexa sede notarial; o notario desprázase todos os días da feira á súa pequena oficina notarial local. Os avogados que non residen no pobo en que se celebran as feiras abren un bufete feiral nas capitais do partido xudicial nos que hai colegas residentes ... Ao fondo das tabernas, bares ou tendas ábrese outro bufete, popular e de ton menor. Alí reciben a súa clientela os peritos ou contadores ou partilleiros dos arredores. Sobre a mesa hai regras, mapas, debuxos de campos, testamentos e papeis enrolados. A eles recorren en consulta previa o avogado e o notario, para que lles fagan as partillas, lles arranxen os papeis e comprobren a obxectividade dos seus colegas.

Unha actitude paralela e de comportamento desenvólvese con relación ao médico e aos medicamentos. Para o doutor local o día de feira é de intenso traballo ... O dentista da comarca desprázase ás feiras co seu instrumental. Aínda que a feira sexa de volume reducido, e nunha aldea pequena, alí chega o medicamento oficial ... Á súa vez abren a súa consulta menciñeiros, compostores, atadores, compositores, carteiras, sabias e bruxas que atenden toda unha gama de doenzas, reais e psicolóxicas, aconsellan, adiviñan e prognostican o futuro. Case ningún deles é residente ... Agora ben, tanto os clientes do medicamento oficial como os do tradicional converxen na farmacia.

A Oficina de Correos, as tabernas, as tendas e os cafés notan marcadamente a afluencia este día. Aínda que sexa domingo ou festivo, as tendas están abertas todo o día. Aproveitan para comprar o que non poden adquirir na aldea. Os cafés e bares rebordan de xente. En certas áreas arránxase, entre pratos de polbo e vasos de viño, o lado económico da voda de fillos e fillas; a feira tamén pode ofrecer unha vertente principalmente romántica ... Alí conveñen para citas posteriores. En moitas feiras hai baile e cine. Os amigos e familiares non co-residentes cítanse na feira, beben e comen xuntos nas fondas e pensións. A capital municipal en feira é o punto de converxencia obrigado para toda clase de negocios e transaccións, para decatarse dos prezos -a feira é a bolsa que regula as alzas e baixas dos prezos ata a próxima-, para aumentar considerablemente, por unhas horas, o trato, a convivencia cun bo número de persoas. A feira rompe periodicamente o illamento aldeán.

A feira foi e aínda é o centro de curiosas atraccións. Antes non era raro ver un varudo home erguendo un pau e berrando nun lugar céntrico frases como estas:

“Árdelle o eixe carballeira”

“O que me dea un pau doulle un peso”

Xente de idade, eivados, cegos con violíns e pandereteiras aplican e adaptan o seu repertorio de cancións a quen lles queira dar unhas moedas. As xitanas están prontas a predicir fortunas. Os romanceiros cantan romances de asasinatos, roubos e adulterios que imprimen e venden.

A saída á capital municipal, á feira, é perentoria, urxente. A economía da casa esíxeo. A feira é unha fiestra ao mundo da que non se pode prescindir. A través dela, ademais, e á súa vez, toman corpo e consolídanse as institucións de ámbito maior nas aldeas, entra o código civil, o medicamento, as novidades do mercado, as modas e técnicas, o estraño, o alleo, o curioso, é sempre fascinante. A feira é a expansión periódica da aldea; o punto de conexión normal, institucionalizada, co novo, co cambio, co mundo exterior.”

## Plan nacional de mercados de gando


No último terzo do século XX as feiras de gando ían apagándose, asemade creábanse os mercados gandeiros dentro dun programa estatal, o Plan nacional de mercados de gando.

Os plans de desenvolvemento social tamén afectaban os mercados de orixe dos produtos agrarios e os mercados gandeiros. O II Plan de desenvolvemento económico e social incluía nos seus obxectivos a actualización dos centros de contratación de gando en vivo. A Orde do Ministerio de Agricultura do 17 de agosto de 1968 dera as normas para a modernización dos recintos comerciais gandeiros existentes e para a creación doutros novos. O III Plan económico e social mantivo neste caso o programa do II Plan. A pretensión era actualizar todos os mercados gandeiros, potenciar cabeceiras de comarca e núcleos

de expansión en municipios que foran seleccionados polo Consello de Ministros do 1 de marzo de 1974 á proposta da Comisión Interministerial de Plans Provinciais.

Fixéronse diversos estudos para determinar a rede de mercados. A estes estudos engadíronse informes e colaboracións das organizacións sindicais, das delegacións provinciais do Ministerio de Agricultura, das comisións provinciais dos servizos técnicos, da Dirección Xeral de Industrias e Mercados de Orixe de Produtos Agrarios (IMOPA) e da Dirección Xeral de Administración Local do Ministerio da Gobernación.

Polo Decreto 1015/1975 do 17 de abril aprobouse o Plan nacional de mercados de gando e o seu anexo en que se referencian os centros de contratación de gando vivo, clasificados por categorías e provincias. Dentro das categorías, agrúpanse en nacionais, rexionais e comarcais.



## RESUMO DO PLAN NACIONAL DE MERCADOS DE GANDO EN LUGO

MERCADOS SEGUNDO O PLAN	
CATEGORÍA	
Nacional	----
Rexional	Lugo
Comarcal	Becerreá
	Castro de Ribeiras de Lea
	Chantada
	Escairón
	A Fonsagrada
	Lourenzá
	Mondoñedo
	Monforte de Lemos
	Pedrafita
	Quiroga
	Sarria
	Vilalba
	Viveiro
MERCADOS QUE NON SE FIXERON	
	Mondoñedo
	Quiroga
MERCADOS FEITOS FÓRA DO PLAN	
	Friol
	Momán-Xermade
	Monterroso
	Muimenta: feira anual
	Palas de Rei
	Paradela
	Rubián-Bóveda

## SITUACIÓN DOS MERCADOS GANDEIROS EN 1980

	CATEGORÍA	SITUACIÓN
Lugo	Rexional	Construído. Practicamente sen concorrencias
Castro de Ribeiras de Lea	Comarcal	Construído. Con actividade
A Fonsagrada	Comarcal	Construído. Con actividade
Monforte de Lemos	Comarcal	Construído. Con pouca actividade
Becerreá	Comarcal	En trámite
Chantada	Comarcal	En trámite
Pedrafita do Cebreiro	Comarcal	En trámite
Sarria	Comarcal	En trámite
Escairón	Comarcal	En trámite
Mondoñedo	Comarcal	Sen solicitar
Monterroso	Comarcal	Sen solicitar
Quiroga	Comarcal	Sen solicitar
Vilalba	Comarcal	Sen solicitar
Viveiro	Comarcal	Sen solicitar

## SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS DOS MERCADOS GANDEIROS NA ACTUALIDADE

	COMENTARIO
Lugo	Emprégase para outros usos
Becerreá	Ten actividade
Castro de Ribeiras de Lea	Converteuse no máis importante da provincia
Chantada	Ten actividade
Escairón	Emprégase como almacén municipal
A Fonsagrada	Ten actividade
Friol	Ten actividade
Lourenzá	Está transformado nun establecemento de horto-fruticultura. O uso principal é o envasado de grelos e fabas
Momán-Xermade	Sen actividade. Non ía no plan. Emprégase para actividades de tipo gastronómico
Monforte de Lemos	Emprégase como local cuberto para comer o polbo os días de mercado
Monterroso	Ten actividade
Muimenta	Emprégase para as feiras e festas anuais
Palas de Rei	Emprégase como almacén municipal e como escola obradoiro
Paradela	Celébrase nel a feira anual de San Cidre. O resto serve de almacén e para outras actividades
Pedrafita	Ten actividade
Rubián-Bóveda	Emprégase para outros usos
Sarria	Está con actividade
Vilalba	Non ten actividade
Viveiro	Almacén municipal

## EVOLUCIÓN DOS MERCADOS GANDEIROS

Na provincia de Lugo os mercados seguiron unha evolución parella á que tiveron noutros lugares e entraron en decadencia da mesma forma que no resto de Galicia. Todo o programa do Plan, coas previsións que serviron de base a este, desviouse de abondo da realidade que deparou o futuro. Está claro que adiviñar o futuro nestes tempos é difícil.

Sinalamos aquí algúns dos factores que máis puideron influír na decadencia dos mercados:

- A emigración. Foi un factor determinante porque fixo descender o potencial das explotacións nos recursos humanos.
- A revolución verde. Cambiou o sistema de produción e incrementou o tamaño das explotacións, ao mesmo tempo provocou o emprego de medidas sanitarias que actuaron en detrimento das feiras.
- A entrada na CEE. Influíu negativamente no deambular das reses de feira en feira, engadindo aos aspectos sanitarios o tempo que se perdía en tantas feiras e mercados.
- Os medios de transporte. Aínda que parece que repercutiron a favor das feiras, actuaron no sentido oposto, facilitaban o desprazamento dos intermediarios ata as explotacións, asemade favorecían o transporte de gando a mercados máis importantes sen necesidade de acudir a feiras intermedias.
- Os medios de difusión. Pasouse de ter pouca información e soamente local a dispoñer de datos procedentes dos distintos mercados, de xeito que a explotación podía escoller entre varias posibilidades.

## FEIRAS E TRÁFICO DE MERCANCÍAS NA PROVINCIA DE LUGO DENDE COMEZOS DO SÉCULO XVIII ATA XXI

Os datos que se reflicten no presente capítulo proceden de distintas fontes: para 1750 consultouse o *Catastro de Ensenada*; para 1788 empregáronse os datos proporcionados polas *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, fábricas, comercio y minas de España, con inclusión de las órdenes, disposiciones y reglamentos expedidos para su gobierno y fomento* de Eugenio Larruga Boneta; para os datos de 1845 empregouse o *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar* de Pascual Madoz; para 1936 a información procede de *Geografía general del Reino de Galicia*, dirixida por F. Carreras y Candi (o tomo relativo a Lugo foi elaborado por Manuel Amor Meilán); para 1948 os datos proporciónaos unha publicación da imprenta valenciana, M. Guillot & Lib. G. Julbe, *Cuentas ajustadas. Reducción de kilos a arrobas. Ferias y fiestas de España*.

Ao manexar o *Catastro de Ensenada* só se consultaron aquelas parroquias e concellos que en datas posteriores celebraban feiras, polo que se puidera dar o caso de que nalgunha parroquia se celebrase a feira n aquel momento pero non apareza por non estar citada en publicacións posteriores e polo tanto non poder ser consultada. Na consulta do diccionario de Madoz, o proceso consistía en ir descendendo no nivel da consulta, é dicir, en primeiro lugar consultáronse as feiras citadas para toda a provincia, a continuación o partido xudicial e despois o municipio; cando había sospeita de que nalgún lugar había feira tamén se consultaba ese lugar en concreto.

Os datos relativos á 2012 proceden das páxinas webs dos concellos e da prensa escrita.

As datas refírense á da publicación da fonte que se empregou, polo que é fácil entender que esas feiras existían con certa anterioridade.

Cando nun concello non aparecen feiras nunha data, o lector debe interpretar que as fontes consultadas non din nada ao respecto, o que non implica necesariamente a non existencia de feiras naquel momento. Esta circunstancia dáse sobre todo coa información procedente do *Catastro de Ensenada*.

Cando aparece un texto entre comiñas, aínda que non se cite a procedencia, é unha cita textual do autor da publicación desa data.

### Abadín

- 1788 **Vilarente:** Había unha feira nos meses de verán, só de gando.
- 1845 **Gontán:** Celebrábase feira.
- 1936 **Gontán:** Celebrábase feira de gando de toda clase, carnes salgadas, cereais e legumes.
- 1948 **Gontán:** Celebrábase feira.
- 2012 **Gontán:** Hai feira o día 1 e o 3º sábado de cada mes; en novembro, o primeiro sábado celébrase a *Feira de Santos* e o sábado de entroido ten lugar *Expogrelo*.

### A Fonsagrada

- 1750 **A Fonsagrada:** Había mercado todos os sábados no que se comerciaba con centeo, trigo, fabas, castañas, pan cocido, sal, peixe; e nos meses de xuño e setembro de cada ano, unha feira de todo xénero de froitos, gandos, tendas de panos, praterías, lenzos e burel. Todo o que se vendía libremente, a excepción do que correspondía a queixo, carne, manteiga, peixe, ferro e touciño, o Conde de Altamira cobraba un tanto por libra.
- O Padrón:** Todos os anos se celebraba unha feira o día do apóstolo San Mateo.
- 1788 **A Fonsagrada:** Di Larruga “no lugar que chaman da Nosa Señora

da Fonsagrada, hai mercado e feira todos os sábados de cada mes, e en especial o primeiro, aos cales concorren á venda de pan, trigo, queixos, manteiga e outros xéneros do país; e algúns panos de Castela que traen algúns mercadores; e ademais diso, en cada ano hai a feira da Nosa Señora de Setembro, que dura catro ou cinco días, de moito concurso de mercadorías, mercadores e comerciantes de Castela, asturianos e outras partes, con diversos xéneros e teas, cabalos, mulas e outros gandos e cousas de venda. Tamén concorren á devandita feira prateiros da cidade de Mondoñedo. E da mesma sorte o día 24 de xuño hai outra feira no devandito lugar, que dura tres días, e concorren os xéneros expresados na antecedente, excepto cabalos e mulas; tamén o día 20 de xaneiro hai feira no devandito lugar, cando non o impide o temporal, á que non só concorre xente do país, senón da circunferencia; así mesmo, os días de San Marcos (25 de abril), Ascensión do Señor (16 de maio), Corpus e Santa Sabela (4 de xuño), hai feira e mercado de concurso de xente e xéneros do país”.

- 1845 **A Fonsagrada:** Feiras na capital do concello (A Fonsagrada) na que se negociaban, entre outros xéneros, gando vacún e carne de porco que se exportaban para Castela. Outras feiras eran a do 25 de marzo, a do 15 de agosto e do 8 de novembro.

**San Cibrán da Trapa:** Facíase unha feira anual de gando o 14 de setembro. Entre as feiras anuais da provincia, Madoz cita a que se celebraba o 21 de setembro en Santa María de Padrón (pensamos que se refire á Fonsagrada, xa que Padrón é San Xoán)

- 1936 **A Fonsagrada:** Feiras na capital do distrito municipal (A Fonsagra-

da): 8 e 9 de setembro (antes xa comezaban o día 7 e prolongábanse ata o 10), de gando cabalar e mular, son as máis importantes que se celebraban no concello; 20 de xaneiro (San Sebastián), 25 de marzo, 25 de abril (San Marcos), día da Ascensión, a do Corpus, o día seguinte ao desta festividade; 24 de xuño (San Xoán), 2 de xullo (Santa Sabela), 15 de agosto, 21 de setembro (San Mateo). Mercado semanal os sábados, estes mercados na maior parte do inverno eran case nulos porque o temporal de choivas e neves impedía a concorrencia a eles.

**San Cibrao da Trapa:** Feira o 14 de setembro.

**Lamas de Moreira:** Había feira o día 1 de cada mes. Nalgunha outra parroquia tamén se celebraba algunha feira de escasa importancia. O tráfico nestas feiras era principalmente gando cabalar e mular. Tamén se traficaba cos artigos de consumo que cultivaban no termo municipal: grans, legumes, patacas, carnes, manteiga, ovos, etc.

1948 **A Fonsagrada:** Feiras o día 20 de xaneiro, o 25 de marzo, o 25 de abril, o 24 de xuño, o 2 de xullo, o 15 de agosto, o 8, 9 e 10 de setembro, o 21 de setembro, o 8 de novembro. Mercado todos os sábados. Feira anual o 8 de setembro, duraba 3 días.

2012 **A Fonsagrada:** Feiras o 1º e o 3º sábado de cada mes (todo tipo de gando). Feiras anuais de gando en abril, día 25, feira de San Marcos; xuño, día 23, feira de San Xoán; setembro, 1º sábado, concurso exposición gando; setembro, día 8, feira cabalar, mular e asnal. No entroido celébrase a *Feira do botelo*.

## Alfoz

1788 **Castro de Ouro:** Facían feiras e mercados os días de San Marcos, o de Santiago e o de Santo Antonio. Duraban desde pola mañá ata a noite e vendíase gando, froitos e algunhas teas que levaban os mercados desta cidade e os da vila de Vilanova de Lourenzá.

1845 **Mor:** Celebraba mercado de cereais todos os mércores de cada semana e dúas feiras mensuais, unha en Retiro e outra en Correlos.

1936 **Castro de Ouro:** Facíase feira de produtos do país todos os mércores.

1948 **Carballido:** Feira o día 13.

**Lagoa:** Feira o 25 de abril e o 25 de xullo.

**Mor:** Feira o primeiro mércores de cada mes.

2012 **Carballido:** Feira o día 13 de xuño

**Castelo:** En xullo celébrase a *Feira Medieval*.

**San Pedro:** Hai merendas o primeiro fin de semana de agosto.

## Antas de Ulla

2012 **Antas de Ulla:** Feira o día 10 de cada mes. En febreiro celébrase a *Festa do queixo da Ulloa* (ruta con Monterroso e Palas de Rei).

## A Pastoriza

1755 **Fonmiñá:** Celebrábase unha feira e mercado o día 29 de setembro de cada ano.

1788 **Fonmiñá:** Celebrábase feira o día de San Miguel en setembro.

1948 **A Pastoriza:** Facíase feira cada 15 días en domingo, alternando con Bretoña.

**Bretoña:** Había feira cada 15 días en domingo, alternando coa Pastoriza.

**Reigosa:** Facíase feira os segundo e cuarto sábados.

### A Pobra do Brollón

1750 **A Pobra do Brollón:** Unha feira próxima aos límites desta vila que se celebraba o día 12 de cada mes.

1788 **A Pobra do Brollón:** Celebrábase unha feira que se compoñía de gando e outros xéneros do país.

1845 **A Pobra do Brollón:** Había un mercado semanal, unha feira mensual o día 11 e unha feira anual o 29 de xuño, bastante concorrida.

1936 **A Pobra do Brollón:** Facíase feira os días 11 e 25 de cada mes.

**Estación:** Había feira o día 2 de cada mes.

2012 **A Pobra do Brollón:** Hai feira os días 11 e 25 de cada mes.

**Vilachá:** A primeiros de maio celébrase a *Feira do viño de Vilachá*.

**A Labrada:** En xullo faise a *Festa da troita do Rio Lor* (organizada pola Sociedade Val de Lemos).

### A Pontenova

1845 **A Pontenova:** Había unha feira anual o día 9 de febreiro e todos os domingos celebrábase (sen autorización) un mercado de gran no sitio chamado Campo da Pontenova.

1936 **A Pontenova:** Facíase unha feira quincenal de gando porcino e o primeiro sábado de cada mes unha feira (de recente creación) de gando vacún. O tráfico de mercancías, á parte do gando, consistía en algo

de gran, ovos e manteiga, tecidos, ferraxería e demais produtos necesarios na comarca.

1948 **A Pontenova:** Feira cada 15 días e mercado os domingos.

**Vileimil:** Feira o día 25 de cada mes.

2012 **A Pontenova:** Hai feiras os domingos alternos a partir do segundo domingo de xaneiro, alterna con Meira. O primeiro de maio celébrase a *Festa da troita* e en agosto a *Faragullada*.

### As Nogais

1845 **Doncos:** Celebraba feira todos os segundos domingos de cada mes.

1936 **Doncos:** Feira o segundo domingo de cada mes. Traficábase con gando porcino, ovos, queixo, manteiga e algúns cereais.

### Baleira

1936 **Cádavo:** Había feira de gando vacún, ovino e porcino.

2012 **Cádavo:** Hai feira o día 12 de cada mes.

### Baralla

1750 **Sobrado do Picato:** Había unha feira mensual.

1788 **Sobrado do Picato:** Facíase mercado o día 7 de cada mes, onde concorrián algúns gandos, viño e pan, sen outros xéneros.

1936 **Baralla:** Facíase feira os días 1 e 18 de cada mes onde se comerciaba con gando, cereais e produtos da industria rural.

**Sobrado do Picato:** O día 7 de cada mes facíase feira de gando, cereais e produtos da industria rural.

2012 **Baralla:** Hai feira os días 1 e 18 de cada mes.

**Baralla:** O día 1 de novembro celébrase a *Feira de Todos os Santos*.

**Sobrado do Picato:** Feira o día 7 de cada mes (só quedan os postos do polbo, non hai feira como tal).

### Barreiros

1750 **San Miguel de Reinante:** Había unha feira de bois.

1788 **Cabarcos:** Dende o ano de 1728 facían feira e mercado onde se vendían bois, vacas, gando maior e menor.

**Vilamartín:** Dende o ano 1720 facían feira de gando os días de San Lucas.

**San Miguel de Reinante:** Facíase feira de gando maior e menor e non doutros xéneros.

**Celeiro de Mariñaos:** Facíase feira de gando maior e menor xunto á ermida de San Caetano os días 7 e 28 de agosto.

1845 **San Xulián de Cabarcos:** Había unha feira de gando que se celebraba o 3º domingo de cada mes.

**San Miguel de Reinante:** Facíase feira de gando o 1º domingo de cada mes e o 10 de setembro.

1936 **San Miguel de Reinante:** Facíase o 1º domingo de cada mes feira de gando vacún e porcino.

**San Xulián de Cabarcos:** Facíase o 3º domingo de cada mes feira só de gando vacún. Os venres facíase mercado.

1948 **Souto (San Miguel de Reinante):** Había feira o primeiro domingo de cada mes e o día primeiro de mar-

zo, os venres había mercado.

**San Xulián:** Había mercado o terceiro domingo de cada mes.

2012 **San Miguel de Reinante:** En marzo, o día 1, hai feira (coincide coas festas de San Rosendo). En agosto celébrase o *Festival internacional do emigrante*.

**Celeiro de Mariñaos:** A finais de agosto faise a *Festa da tortilla*.

### Becerreá

1750 **Penamaior:** Na época de Ensenada había mercado ou romaría.

1788 **Penamaior:** Larruga di que “consta haber xunto ao mosteiro de Penamaior un mercado onde se vende pan, viño, peixe, xéneros para comer e outros regulares do país, como son zapatos, ferros de labranzas, cravos, lenzos, liño, panos, fábrica destes reinos; e nalgúns días, das referidas feiras, bois e vacas”.

1936 **Becerreá:** Facíase feira o día 19 e o último domingo de cada mes. Segundo Meilán “non teñen máis renome que as que se celebran noutros pobos de menor importancia”.

2012 **Becerreá:** Hai feira os días 3 e 19 de cada mes. Trátase dunha feira-mercado de gando que ten lugar nas instalacións do Recinto Feiral do Mercado Gandeiro. No resto da vila hai mercado con postos para a venda de diferentes produtos (apeiros de labranza, xéneros, alimentación e artesanía).

### Begonte

1788 **Baamonde:** Segundo Larruga “en Baamonde faise unha feira o día 24 de cada mes, que principiou o ano 1699 con consentimento dos

veciños, onde só se vende gando, pan, trigo, panos e outras teas e xéneros comestibles dos que se usan no país, e só algunha vez concorre algún prateiro de Lugo”.

1936 **Baamonde:** Facíase feira o día 23 de cada mes. O tráfico principal era o gando, especialmente vacún, aves, cereais, queixos, manteigas e demais produtos do país.

1948 **Pacios:** Había feira os días primeiro e 15 de cada mes.

2012 Na actualidade non hai feiras.

### Bóveda

1788 **Bóveda:** Facíase o día de San Martín romaría e concurso de xente con algunhas mercancías de panos e la en rama, e tamén zapatos; e nalgunhas ocasións, algún prateiro do contorno.

1936 **Rubián:** O día 14 de cada mes facíase feira de gando, carnes salgadas e outros produtos do país.

2012 **Rubián:** Os días 14 e 29 de cada mes faise feira, a do día 29 de febreiro, nos anos non bisestos, celébrase o día 28; no mes de xullo, a *Feira outrora* (recreación da malla).

### Burela

2012 **Burela:** Os venres hai mercado. En agosto, o 1º sábado, celébrase a *Festa do bonito*.

### Carballedo

1936 **Castro:** Facíase feira o 13 e o 17 de cada mes e había mercado semanal todos os domingos. O tráfico limitábase a produtos do país.

1948 **Castro:** Había feira os días 17 e 29 de cada mes.

**Buciños:** Celebrábase feira o día 4 de cada mes

2012 **Castro:** Hai feira os días 17 e 29 de cada mes. A do día 29 de febreiro, nos anos non bisestos, celébrase o día 28. En abril, o 3º domingo celébrase a *Festa da carne ao caldeiro*, festa culinaria e de exaltación dos produtos da zona.

**A Barrela:** Faise feira o día 13 de cada mes.

### Castro de Rei

1750 **Castro de Ribeiras de Lea:** O último sábado de cada mes celebrábase unha feira situada na parte nomeada Coto de Ribeiras de Lea.

1788 **Castro de Rei:** Facíase feira onde só se vendían xéneros e cousas comestibles.

**Castro de Ribeiras de Lea:** Facíase feira e vendíase gando maior e menor, pan, viño e demais xéneros do país.

1845 **Castro:** Había feira o último sábado de cada mes. Os veciños acudían para vender gando, lenzos, os sobrantes da colleita e proverse do máis necesario.

1936 **Castro:** Había feira o día 8 e o último sábado (feiras moi nomeadas).

**Castro de Rei:** Celebrábase feira anual por Todos os Santos e Santo Andrés. Meilán di ao respecto das feiras de Castro: “teñen importancia moi grande e fama xeral en toda a provincia, pois concorren traficantes que veñen de moi lonxe, sendo o tráfico principal a gandería de todas clases: vacún, cabalar, mular, ovino, cabrún e porcino, especialmente na de Todos os Santos e Santo Andrés. A favor deste tráfico non hai que dicir que concorren ás feiras toda clase de mercadores, dende os vendedores de ovos, queixos, manteigas e carnes de porco, ata os de ultramarinos, tecidos, ferraxería, etc. Como das

- máis importantes en gando ovino, merece ser citada a do último sábado de abril”.
- 1948 **Castro de Rei:** Había feira cada 15 días, en domingo, alternando con Meira.
- Castro de Ribeiras de Lea:** Había feira o día 8 e o último sábado de cada mes.
- 2012 **Castro de Rei:** Cada quince días, alternando con Meira, hai feira. O primeiro fin de semana de agosto celébrase a *Feira de artesanía* e preto de finais a *Festa da malla*. O primeiro sábado de setembro celébrase a *Feira do cabalo*.
- Castro de Ribeiras de Lea:** Hai mercado todos os mércores. O 1º sábado de febreiro, xuño e novembro, poxa de xovencas selectas e, o último sábado de cada mes, feira de gando vacún maior. En xaneiro, o segundo fin de semana, celébrase a *Feira da galiña de Mos*.
- Castroverde**
- 1750 **Castroverde:** Feira o día 15 na que se vendía algún gando libremente.
- 1788 **Vilabade:** Facíase festa e feira, onde se vendían pan, viño, queixo, manteiga, cera, panos, fábrica de Castela e outras teas e xéneros, tamén concorrián algúns prateiros de Lugo e Mondoñedo, e facíanse por costume inmemorial.
- Nosa Señora de Agostiño:** Celebrábase festa e romaría na que se vendían pan, viño, queixos e manteiga e outros xéneros para comer, e asistían algúns mercadores de pouco caudal.
- Pena:** Principiouse en 1775 a formar feira no lugar de Veiga, que se celebraba cada quince días, e só concorrián gando maior e menor, pan e viño, e non outra cousa.
- 1845 **Castroverde:** Celebrábanse feiras alternativamente coas que se celebraban en Meira, os domingos, provistas de toda clase de comestibles, gando de todas as especies e idades, utensilios de madeira, de cobre e ferro para os labradores, cravos e demais ferraxes, quincalla e teas do país.
- 1936 **Castroverde:** Facíase feira o segundo domingo de cada mes, alternando coa de Meira. Di Meilán con respecto á feira de Castroverde: “o tráfico comercial abarca todos os produtos necesarios para a vida; non obstante, sería inxusto recoñecer a especial preponderancia que acadan os grans, gando e víveres. A súa feira quincenal é sempre moi concorrida...; a ela acoden traficantes de toda a provincia atraídos pola abundancia e excelentes condicións do gando do país e polo extraordinario comercio de toda clase de mercadorías e produtos naturais da comarca. Digamos, de paso, que o amplo e magnífico campo onde aquela se celebra, pola súa extensión, os seus frondosos aveseos e a proximidade da estrada, é das que merecen ser citadas entre as mellores da provincia”.
- 1948 **Castroverde:** Había feira cada quince días alternando con Baleira.
- Miranda:** Había feira o día 12 de cada mes.
- 2012 **Castroverde:** Hai feira os domingos alternos (alternando con Meira) a partir do primeiro domingo. En agosto, o último domingo, celébrase unha *Feira de artesanía*.
- Cervantes**
- 1788 **Seixas:** Facíase feira onde se vendían sal, manteiga, queixos e viños, que eran os xéneros que unicamente concorrián a ela.

- 1845 **Seixas:** Feira mensual.
- 1936 **Seixas:** Facíase feira o primeiro domingo de cada mes.  
**Quindous:** Facíase feira o terceiro domingo de cada mes.  
**Donís:** Facíase feira o último domingo de cada mes.  
**San Martín:** Feira o día 17.  
**Pontois:** Feira o día 18. En todas elas (as feiras do Concello de Cervantes) o tráfico era de gando vacún e porcino, polos, galiñas, queixos e manteigas, cestos, zocas, apeiros de labranza e utensilios domésticos. A feira máis importante era a de Seixas en outubro onde se vendían por millares as varas para sacudir os froitos dos castiñeiros.
- 1948 **Seixas:** Había feira o primeiro domingo de cada mes.  
**Donís:** Feira o cuarto domingo de cada mes.  
**Quindous:** Feira o día 28 de cada mes.  
**San Pedro:** Feira o día 15 de cada mes.
- 2012 Na actualidade non hai feiras.
- Cervo**
- 1788 **San Xiao de Castelo:** Nesta freguesía facíase feira; compoñíase a súa venda de cebolas, liño e cáñamo. Concorrían algúns prateiros de Mondoñedo coas súas obras.
- 1845 **Cervo:** Celebrábase mercado co nome de Caridade o 1º domingo de cada mes, en marzo, abril e maio; benefíciábanse grans e gando vacún, nos restantes meses, porcinos, lenzos e toda clase de panos.  
**San Cibrao de Lieiro:** Facíase feira o 15 de setembro.
- 1936 **Cervo:** No campo da Caridade facíase feira o primeiro domingo de cada mes e o 16 e mercado os domingos.  
**Guioncho e Lieiro:** Facíase feira o 1º domingo de cada mes.  
**San Cibrao:** Facíase mercado os xoves. O tráfico nas feiras e mercados de Cervo consistía en gando, cereais, ovos, aves, teas, ferraxería e toda clase de útiles e provisións para a vida ordinaria dos pobos.
- 1948 **Cervo:** Facíase feira o primeiro domingo e o día 16 de cada mes.
- 2012 **Cervo:** Mercado o primeiro domingo e o día 16. En febreiro celébrase a *Festa da fabada*, en marzo a *Festa do ourizo*, en abril a *Festa do mexillón* (coincide co sábado santo), o terceiro sábado de agosto o *Mercado tradicional* (sábado seguinte a San Roque) e neste mes tamén se celebra a *Festa do ovo frito*; o terceiro domingo de decembro celébrase na praza do Souto a *Feira do galo de curral*.  
**San Cibrao:** Hai mercado os xoves. A mediados de agosto celébrase *A Maruxaina*.  
**A Senra:** En agosto celebra a *Festa da malla*.
- Chantada**
- 1750 **Chantada:** Celebrábase feira na que se vendía todo tipo de xénero, a excepción de gando
- 1788 **Chantada:** Facíase feira de panos, baetas e outras mercadorías, fábrica destes reinos, e tamén concorrían sal, peixe, xamóns, grans e outros xéneros comestibles; facíanse desde tempo inmemorial.  
**Penasillás:** No lugar de Penasillás, facíase unha feira onde se vendía

- gando maior e menor, sen outros xéneros, os que compra a xente do país. Nalgunhas feiras concorrián mercadores do reino de Castela; executábanse por costume antigo, sen que se saiba que haxa privilexio.
- 1845 **Chantada:** Había feiras e mercados nos que se negociaban o sobranche da colleita, gando de todas as especies, ferraxes, teas de lenzo, estopa e cáñamo, louza, potes, caldeiros, aceite, xabón, zapatos, bacallau e xéneros ultramarinos.
- 1845 **Chantada:** Feira o día 5 de cada mes na que se negociaban o sobranche da colleita, gando de todas as especies, ferraxes, teas de lenzo, estopa e cáñamo, louza, potes, caldeiros, aceite, xabón, zapatos, bacallau, carne salgada e xéneros ultramarinos.
- Penasillás:** Feiras o día 2, de características similares ás de Chantada.
- 1936 **Chantada:** Feiras o 5 e o 21 de cada mes. Mercados os martes, xoves e domingos de cada semana.
- 1948 **Chantada:** Feiras os días 5 e o 21 de cada mes. Mercados os xoves o e os domingos.
- Laxe:** Feira o día 2 de cada mes.
- 2012 **Chantada:** Feiras os días 5 e 21 de cada mes. O domingo de Pascua *Festa do viño de Chantada*, en agosto, *Festa da empanada* e o *Folión de carros*, en outubro, *Feira da agricultura e gandería sustentable*.
- Cospeito**
- 1750 **Nosa Señora do Monte:** Neste lugar había unha feira que se celebraba o terceiro domingo de cada mes na que se beneficiaban toda especie de gando maior e menor, igualmente froitos e grans, pan cocido, carne de porco, coiros de pelo, zapatos, caldeiros e outros xéneros de comestible, panos, teas e quincalla. Celebrábase no referido sitio o mércores de cada semana un mercado franco, nel beneficiábanse pan cocido, gran e outros xéneros de comer.
- 1788 **Nosa Señora do Monte:** Nesta ermida, nos días festivos comerciaban gando maior e menor, pan, viño, sal e outros xéneros; deste xeito tamén concorrián mercadores do país e algúns prateiros da cidade de Mondoñedo con algunhas alfaias de prata de pouco peso, e tamén ferraxes, zapatos e outros xéneros; e da mesma sorte, no devandito sitio había mercado os mércores de cada mes, onde se vendían pan, sal e outras cousas.
- 1845 **Virxe do Monte:** Había unha feira mensual, a cal era moi concorrida e na que se negociaba moito gando, grans e outros xéneros; a feira situábase no campo da ermida entre Sistallo, Vilapene e Santa Cristina.
- 1936 **Monte:** Había feira o 3ª domingo de cada mes. Unha das máis concorridas da provincia. Abundante transacción de gando vacún, cabalar, porcino e cabrún, cereais, legumes, queixos, manteigas, ovos, galiñas e carnes salgadas, xa que se facía gran exportación para dentro e fóra de Galicia. Esta feira consta que xa existía no século XVII.
- 1948 **Feira do Monte:** Había feira o terceiro domingo e primeiro mércores de cada mes.
- Muimenta:** Había feira o primeiro xoves de cada mes.
- 2012 **Feira do Monte:** Hai feira o 3º domingo e o último sábado de cada mes. Popularmente, fíxase como data da feira, “domingo que non baixe do 15 nin suba do 22”. En abril, último fin de semana,

celebrase a *Feira da maquinaria usada*; en decembro, o último sábado, celébrase a *Festa do cocho da ceba*.

**Muimenta:** Hai feira o primeiro xoves de cada mes, Feira MOEXMU. En maio, o día 1, celébrase a *Festa da filloa*.

## Foz

1750 **Vilaronte:** Había unha feira de gando que se celebraba o día 10 de cada mes.

**Mixamor:** Celebrábase feira o 10 de novembro.

1845 **Mixamor:** Celebraba unha feira mensual.

1936 **A Espiñeira** (Vilaronte): Había feira no 2º e 4º domingo de cada mes.

**Cordido e Nois:** Había feiras mensuais, a de Cordido celebrábase o 3º domingo. O tráfico era de gando vacún.

1948 **A Espiñeira** (Vilaronte): Había feiras o 10 e o 24 de cada mes.

**Foz:** Celebrábase mercado os martes.

2012 **Foz:** Os martes hai mercado. En xaneiro celébrase a *Festa do berberecho*, en agosto celébrase a *Festa do polbo*, o último fin de semana de setembro *Festa do pemento*, en outubro-novembro *Festa da cultura micolóxica*.

**Santo Acisclo:** O terceiro fin de semana de setembro celebra a *Festa da malla*.

**Vilaxuane:** En febreiro celebra a *Festa dos callos á galega*.

**A Espiñeira:** Celebra en xuño, o 3º fin de semana, a *Feira cabalar*.

## Friol

1750 **Guimarei:** Había feira o día 26 de cada mes.

1845 **Roimil:** No campo da feira celebrábase feira ou mercado o 6 de cada mes, con algunha concorrencia, beneficiábanse gando, panos, lenzos e comestibles.

**Guimarei:** Celebraba unha feira na cal se beneficiaba algún gando e se fornecía do que se necesitaba.

**Cotá:** Había feira mensual.

1936 **Friol:** Celebraba feira o día 4.

**Roimil:** Facíase feira o día 6.

**Cotá:** Había feira o día 18.

**Guimarei:** Celebraba feira o día 26. O tráfico nas feiras do Concello de Friol consistía en gando vacún, cabalar, mular, asnal, cabrún, ovino e porcino, cereais, queixos e manteigas, ovos; e “a caza e a pesca, que tanto abundan naqueles montes e ríos”.

1948 **Friol:** Celebraba feira os días 14 e 21 de cada mes.

**Roimil:** Había feira os días 6 e 16 de cada mes.

**Cotá:** Facíase feira o día 18 de cada mes.

**Guimarei:** Feira o día 26 de cada mes.

2012 **Friol:** Celébrase feira o primeiro domingo de cada mes, en marzo a *Feira do queixo e pan de Ousá*; o primeiro fin de semana de agosto a *Feira do cabalo* e o primeiro domingo de setembro *Feira do can*.

## Guitiriz

1750 **A Pobra de Parga:** Celebraba unha feira o segundo domingo de todos os meses do ano.

- 1788 **A Pobra de Parga:** Feira á cal concurrían gando maior e menor, froitos de pan, trigo e outros xéneros comestibles.
- 1845 **Santa Cruz de Parga:** Celebraba feiras mensuais.  
**San Salvador de Parga:** Facíanse feiras mensuais.
- 1936 **Parga:** Había feira o primeiro domingo de cada mes no campo preto da estación de Parga.  
**Santa Cruz de Parga:** Facíase feira o día 22 de cada mes. Ambas as dúas feiras eran de gran tráfico; ademais de gando vacún e cereais, había queixo, ovos e aves. Concorrían gran número de traficantes pola comodidade das comunicacións.
- 1948 **Trasparga:** Celebrábanse feiras o día 28 e o domingo entre o 9 e o 15 de cada mes.  
**Santa Cruz de Parga:** Facíase feira o día 23 de cada mes.  
**Os Vilares:** Celebrábase feira o día 7 de cada mes.  
**Guitiriz:** Había feira o último domingo de cada mes.
- 2012 **Parga:** Hai feira o último domingo de cada mes. E en xullo, o primeiro fin de semana, celébrase a *Festa dos callos*.  
**Guitiriz:** Hai mercado os mércores.  
**Labrada:** En abril celébrase a *Feira da verza*.  
**Pardiñas:** A primeiros de agosto celébrase o *Festival de Pardiñas*, organizado pola asociación Xermolos.
- Guntín**
- 1845 **Lousadela:** Celebraba feira o 11 de cada mes onde se presentaban o gando, comestibles, sementes, quincalla e roupa.
- 1936 **Lousada:** Había feira o día 11 de cada mes.  
**Grolos:** Había feira o día 23 de cada mes. O tráfico nestas feiras consistía en gando de toda a clase (excepto cabalar e mular), galiñas, carnes, manteigas, ovos, froita, caza, tecidos e outros obxectos de comercio.
- 1948 **Lousada:** Celebrábanse feiras mensuais o día 15.  
**Lousadela:** Celebraba feira o día 11 de cada mes.  
**Grolos:** Celebraba feira o día 23 de cada mes.  
**San Román:** Celebraba feira o día 15 de cada mes.
- 2012 **Lousada:** Hai feira o día 5 de cada mes.  
**Grolos:** Hai feira o día 23 de cada mes.  
**Guntín:** O último fin de semana de agosto celébrase a *Festa do pemento de Mougán*.  
**Mougán:** A finais de setembro celebra a *Festa do pemento de Mougán*.
- Láncara**
- 1750 **San Pedro de Láncara:** Celebraba unha feira o 24 de cada mes.
- 1788 **A Esfarrapa:** Neste sitio facíase un mercado onde se vendían bois e vacas, pan e viño, e non outra cousa.  
**A Ponte de Carracedo:** Os martes de cada semana facíase mercado no que só se vendía centeo con motivo do tránsito dos arrieiros.  
**Monseiro:** O 29 de setembro facíase unha romaría á que

- concorría algún prateiro da cidade de Lugo a vender algunha obra.
- 1845 **Láncara:** Celebraba a feira mensual o día 24, con gando, froitos, quincalla, xéneros de vestir...
- A Esfarrapa:** Facíase a feira o día 11 de cada mes.
- 1936 **A Pobra de San Xiao:** Feira os días 2 e 17 de cada mes.
- A Esfarrapa:** Feira o día 11 de cada mes.
- Láncara:** Feira o día 24 de cada mes. Nestas feiras o tráfico era de gando vacún, porcino, ovos, manteigas, queixos, cereais, leguminosas...
- 1948 **Láncara:** Celebrábanse feiras mensuais o día 24.
- Cedron:** Celebraba a feira o día 16 de cada mes.
- A Pobra de San Xiao:** Celebraba a feira os días 2 e 17 de cada mes.
- Río:** Celebraba a feira o día 11 de cada mes. Esta feira era a que antes se facía na Esfarrapa.
- 2012 **San Pedro de Láncara:** Celébrase feira o día 24 de cada mes.
- A Pobra de San Xiao:** Celébrase feira os días 2 e 17 de cada mes (a feira do 17 de xaneiro é afamada polos chourizos). En maio, o día 1, faise a *Festa da tenreira galega*.
- algúns de estaño, candelabros de cobre, caldeiros de ferro, ferramentas de labradores e outras insignificancias; e algunhas veces concorren os prateiros desta cidade, e non doutras partes, coas súas tendas de pratería; e no souto que chaman a Nosa Señora de Gracia, o mesmo día, por estar nos extramuros da dita vila, tamén se vende algún gando porcino. Esta feira dura dende as 9 da mañá ata as 3 da tarde. Así mesmo, no ano de 1730 introduciuse polos veciños da vila e a súa comarca a feira no campo, que chama de San Martín, extramuros dela, e que se compón de gando maior e menor.”
- 1845 **Vilanova:** Había mercado semanal no que se vendían gran do país, algúns lenzos, madeixas de fio cru, manteiga, polos e outros artigos de consumo.
- 1936 **Vilanova:** Feira os días 9 e 28 de cada mes na que se vendían produtos naturais do país e os artigos manufacturados de máis usual emprego entre a xente da zona.
- 1948 **Vilanova:** Feira os días 9, 19 e 28 de cada mes. Había mercado todos os domingos.
- 2012 **Vilanova:** Feiras os días 9 e 28 de cada mes. O primeiro fin de semana de outubro celébrase a *Festa da faba de Lourenzá*.

## Lourenzá

- 1788 **Vilanova de Lourenzá:** Di Larruga: “na vila de Vilanova de Lourenzá o día en que se celebra nela a festa do Conde Santo Don Osorio Gutiérrez, concorren ao atrio do mosteiro da devandita vila algúns merceiros dela e de Mondoñedo, con xéneros destes reinos para a súa venda, e mesmo

## Lugo

Entre os séculos XII e XVIII as feiras experimentaron unha alternancia de prosperidade e decadencia. No século XVIII escribía o Pai Sarmiento: “a cidade de Lugo está perdida de todo; conseguíu, estes anos do rei, que nela se celebrase unha nova feira nas festas de San Froilán, o seu patrocinio e patrón; e escoitei que Lugo vai xa volvendo en si; que se edificaron casas, puxéronse tendas e dedi-

cáronse os seus naturais ao traballo de terras e fábricas; e finalmente, que cada día medra máis a súa veciñanza”. As feiras comezaron en 1753. A principios do século XIX celebrábanse feiras en Lugo os días 12 de cada mes, sendo os principais artigos de tráfico gando, galiñas, capóns, trigo, centeo, millo, pan cocido, castañas verdes e secas, viño e teas do país; ademais había mercado cada semana. O 5 de outubro había a feira anual de San Froilán, na que se traficaba con gando de todas as clases, panos, teas, quincalla e outros efectos do comercio.

- 1750 **Santo André de Castro:** Neste lugar celebrábase unha feira o día 15 de xaneiro (ao lado de Nadela)
- 1788 **Lugo:** “Na cidade de Lugo, o venres de cada semana facíase mercado público ao que concorría a xente da súa contorna con comestibles. Tamén o primeiro venres de cada mes se facía feira de gando maior”.
- 1845 **Lugo:** “A feira anual que se celebra o 5 de outubro gozaba a franquía de dereitos nos dez días de duración e nela presentábase gran variedade de xéneros nacionais e estranxeiros: era bastante concorrida e pouco menos a feira de cabalerías que duraba tres días. Había tamén un mercado o venres de cada semana, fornecido de cantas producións ofrecía o país, e outro mercado de gandos o primeiro venres do mes”.
- 1936 **Lugo:** A primeiros do século XX dicía Manuel Amor Meilán: “certo que non teñen hoxe as súas feiras e mercados a importancia que algún día acadaron; pero isto ocorre en cantas feiras famosas houbo en España, dende as celebérrimas de Medina del Campo ata as do último “villorrio”. A facilidade nas modernas comunicacións e a especial maneira de ser do comercio dos nosos días deron ás feiras o golpe de gracia. Por estas datas a feira de

San Froilán dura os días 5, 6 e 7 de outubro e está dedicada, principalmente, a gando cabalar e mular. Hai feiras os venres primeiro e terceiro de cada mes, de gando vacún e porcino. O 12 de cada mes hai feira de gando cabalar e mular, podendo afirmar que tanto aquelas como estes [feiras e mercados semanais] non fan pouco con sosterse”.

**Nadela:** Os días 12 e o penúltimo de cada mes celebrábase feira de carnes salgadas principalmente, “que fan gran competencia ao tráfico de igual clase na capital, polo que en máis dunha ocasión se pediu que fose suprimida. Suprímase ou non, nosoutros cremos ... que as feiras de Lugo teñen o seu máis decidido inimigo na vía férrea”.

1948 **Lugo:** Había feira os días 4, 5 e 6 de outubro (festas patronais). Mercados os martes e os venres.

**Nadela:** Facíase a feira o penúltimo día de cada mes.

2012 **Lugo:** Os martes e venres de cada semana hai mercado (en festivos non se celebra). En entroido, o sábado, *Feira de entroido* na Praza da Soidade; en xuño, a mediados, *Festa do becerro ao espeto* na Piringalla; en setembro, a finais, *Feira do mel* na Praza da Soidade. Entre o 5 e o 12 de outubro celébrase o *San Froilán*.

**Nadela:** Hai feiras o día 15 e o penúltimo de cada mes. En entroido, o sábado anterior, *Feira do entroido*.

## Meira

1750 **Meira:** Había unha feira que se facía 25 veces ao ano.

1788 **Meira:** Celebrábase feira e mercado. Di Larruga: “estas feiras son moi antigas; e en virtude de reais

privilexios e doazóns que os señores reis de España fixeron ao Abade Monxe da Nosa Señora de Meira da Orde de San Bernardo, coa facultade de cobrar e percibir dereitos de asentos, portádego, marcar e conferir e outros dereitos e pertenzas. Están en observancia desde o tempo do Rei Afonso VI, confirmados polos señores reis e os seus sucesores; ás devanditas feiras concorren algunhas mercadorías que son das cidades de Lugo e Mondoñedo; e tamén xéneros de pan, trigo, manteiga, queixos, lenzo, estopa, gando maior e menor, e algún prateiro con aneis e algúns vasos de prata, e non outras cousas”.

1845 **Meira:** Celebraba feira o día 15 de cada mes.

1936 **Meira:** Había feira os domingos alternos. Os principais artigos de tráfico eran o gando vacún, cabalar, porcino, ovino e cabrún; cereais de todas as clases, froitas, carnes frescas e salgadas, ovos, manteigas, galiñas, tecidos en gran escala, ferraxería, quincalla, pan cocido..., en suma, todo canto era susceptible de tráfico e contrato.

1948 **Meira:** Facíase feira cada 15 días alternando con Castro de Rei.

2012 **Meira:** Hai feira os domingos alternos a partir do segundo domingo de xaneiro (alterna con Castroverde e coa Pontenova). En agosto celébrase a *Festa da malla*.

### Mondoñedo

1750 **Mondoñedo:** Facíase unha feira na que se beneficiaba todo xénero de roupa de la, seda, ouro, prata, lenzo..., xéneros estranxeiros con inclusión de azucre, cacao, canela e máis especias.

1788 **Mondoñedo:** Nesta cidade había mercado público todos os xoves de cada semana e, polo mes de outubro, o día de San Lucas facíase feira que duraba de 10 a 12 días, onde se vendían e comerciaban moitos xéneros de teas, tanto destes reinos como dos de Francia e doutros.

1845 **Mondoñedo:** Había dúas feiras anuais, unha chamada das *Quendas*, o 1º de maio e a de *San Lucas* 18, 19 e 20 de outubro, nas que se reunían de 9.000 a 10.000 cabezas de gando. Tiña lugar outra de gando vacún todos os meses e dous mercados semanais de froitos do país.

1936 **Mondoñedo:** Feiras os días 21 e 27 de cada mes; o 18, 19 e 20 de outubro celebrábase a feira de *San Lucas* (algunhas veces prolongábase máis). Había mercado os xoves e os domingos, o máis importante era o do domingo. O tráfico normal destas feiras era gando e o gran. Na feira de outono había moitos máis produtos.

1948 **Mondoñedo:** Había feira os días 17, 18 e 19 de outubro (patronais) e o primeiro e terceiro xoves de cada mes. Mercados, os xoves e os domingos.

**Lindín:** Facíase feira o 20 de outubro.

2012 **Mondoñedo:** Hai feiras o 1º e 3º xoves de cada mes. Os xoves e domingos hai mercado. En maio, o día 1º, As *Quendas*, *Feira de cabalos*; tamén se fai a *Festa da empanada*. En agosto celébrase un *mercado medieval* e en outubro, o 18, a de *San Lucas*.

**Campo do Oso:** En xuño, o 4º domingo, celébrase a *Rapa das bestas*.

**Monforte**

- 1750 **Monforte:** Celebrábase unha feira o 24 de cada mes e un mercado semanal.
- 1788 **Monforte:** Facíase mercado ao que concorrián pan, trigo, peixe e outros xéneros comestibles.
- 1845 **Monforte:** Celebrábase feira anual en agosto e mercados mensuais no campo chamado da Compañía. “Insignificante é o comercio en todo o partido, pois atópase reducido ás operacións de cambio que se fai de froitos e gando na feira anual de Monforte, e nos mercados mensuais que se celebran nesta vila e nas freguesías de Eiré (San Xu-lián), Ferreira, Escairón, Sober e Mañente”.
- 1936 **Monforte:** Celebrábase feira os días 6 e 24 de cada mes (a do 24 era a máis importante, a súa orixe parece remontarse ao século IX, sendo o mosteiro de San Vicente o que cobraba os tributos impostos aos feirantes). O tráfico principal consistía en gando (vacún, cabalar e porcino), carnes salgadas, aves, ovos e outros produtos do país.
- 1948 **Monforte:** Facíase feira os días 6 e 24 de cada mes. Había mercado os mércores.
- Fiollada:** Celebrábase feira o día 5 de cada mes.
- 2012 **Monforte:** Celebra feira os días 6 e 24 de cada mes; o sábado de Pascua, *Feira medieval*; o último fin de semana de xullo, *Festa do río*; o 3º fin de semana de agosto, *Feira de mostras do Val de Lemos e queimada popular*; o 1º fin de semana de setembro celébrase o *Día da cultura xudía*.

**A Parte:** O 21 de setembro (San Mateo) faise unha *Festa gastronómica*.

**Monterroso**

- 1750 **Monterroso:** Celebrábase unha feira o primeiro día de todos os meses do ano, que era libre, excepto para o viño.
- 1788 **Laxe de Esporiz:** Facíase feira á que concorrián comestibles, panos, gando maior e menor.
- San Cibrao de Pol:** Había un mercado que duraba dúas horas, e só se vendían nel centeo e ferro.
- 1936 **Monterroso:** Celebrábase feira o 1º de cada mes, a do 1º de novembro era de extraordinaria importancia; había mercado semanal os mércores. “En todas as feiras fanse transaccións de toda clase de gando, cereais e outros artigos, especialmente de queixo do país. A importancia da feira de Todos os Santos consiste, sobre todo, na enorme afluencia de gando cabalar e híbrido e de bois cebados, podendo calcularse que nesta feira, de gran sona en toda Galicia, se fan transaccións por valor de 500.000 a 600.000 pts. (3.000 a 3.600 €). O mercado semanal está ben fornecido de cereais, queixos, ovos, manteigas, aves, plantas en vivo, comestibles, hortalizas, froitos e tecidos”.
- 1948 **Monterroso:** Celebrábase feira os días 1 e 15 de cada mes e había mercado os mércores; feira anual o 1 de novembro.
- 2012 **Monterroso:** Feiras o día 1 de cada mes, o 2º e o 4º domingo hai mercado (Mercado de Santa Lucía). En febreiro celébrase a *Festa do queixo da Ulloa* (ruta con Antas de Ulla e Palas de Rei). O 1º de novembro faise a *Feira de Todos os Santos*.

**Muras**

- 1845 **Viveiró:** Facíase unha feira mensual para a venda de sobrantes.
- 1936 **Muras:** Celebrábase unha feira o último sábado de cada mes.  
**Viveiró:** Facíase feira o primeiro domingo de cada mes. Había mercado os días festivos.
- 1948 **Muras:** Facíase feira o primeiro sábado de cada mes.  
**Viveiró:** Feira o primeiro e o segundo domingo de cada mes.  
**Balsa:** Feira o terceiro domingo de cada mes.
- 2012 **Viveiró:** Faise feira o 4º domingo de cada mes.  
**A Gañidoira:** En setembro, o 4º domingo, celébrase a *Feira do poldro*.

**Navia de Suarna**

- 1788 **A Proba:** Na Pobra de Navia o día 28 de febreiro de cada ano celebrábase a romaría de Santa Marta, con cuxo motivo concorria xente do país e vendíanse pan, viño, sal, ferro e outros xéneros que producía a terra; nalgúns anos tamén panos e teas de Castela. Tamén o terceiro domingo de cada mes se facía feira de panos, onde se traían a vender iguais xéneros que os que quedan ditos.  
**Penamil:** O día 12 de marzo facíase a romaría do glorioso San Gregorio, onde se vendían os mesmos xéneros que na Proba.  
**Barcia:** O día 29 de setembro celebrábase unha romaría á que concurrían algúns anos prateiros da cidade de Lugo e Mondoñedo.
- 1845 **A Pobra:** Había unha feira que se celebraba o segundo domingo de cada mes.

- 1936 **A Proba:** Había feira o segundo domingo de cada mes; o 29 de setembro, data na que acudían os montañeses a vender multitude de varas para sacudir os castiñeiros; o 22 de febreiro. Celebrábase mercado de porcos cada último venres.

**Paradela:** Celebrábase feira o cuarto domingo de cada mes.

**Silvouta:** Facíase feira o terceiro domingo de cada mes (feira de gando vacún e porcino). Nestas feiras había “gran concorrencia de carnes salgadas, manteiga de vacas, ovos, galiñas e outros artigos; ademais da parte da montaña acoden numerosos construtores e vendedores de cestos de distinto tamaño e para usos diferentes”. “Na feira de Paradela ao oeste de Navia, na vertente de Restelo, comercián gran número de cabezas de gando vacún, non soamente dos pobos do distrito, senón tamén dos limitrofes da Fonsagrada, Becerreá e Baleira. A estas feiras concorren gran número de vendedores de ovos, os de zocas, construídas e usadas no país, e os ferreiros de Santalla de Oscos, en Asturias e de Neira de Rei”.

- 1948 **A Proba:** Celebraba feira o 23 de febreiro e o 29 de setembro.  
**Silvouta:** Había feira o terceiro domingo de cada mes.  
**Paradela:** Celebraba a feira o cuarto domingo de cada mes.  
**Rao:** Facíase feira o primeiro domingo de cada mes.

- 2012 **A Proba:** Celebra feira o 29 e o 2º domingo de cada mes. O domingo de entroido celébrase a *Festa da androlla* e o venres de Pascua a *Festa da troita*. Tamén se celebran dúas feiras anuais, a de Santa Marta (23 de febreiro e a de San Miguel o 29 de setembro).

**Negueira de Muñiz**

1845 **Río de Porto:** Había feira o 3 de febreiro.

**Santiago de Ouviaño:** Celebrábase feira o 1 de marzo.

1948 **Negueira de Muñiz:** Había unha feira o segundo domingo de cada mes.

**O Corgo**

1750 **Adai:** Había unha feira mensual.

1845 **Adai:** Había mercado.

1936 **Adai:** Feira o día 13 de cada mes.

**Laxosa:** Feira o día 21 de cada mes. O tráfico de artigos en ambas as dúas feiras consistía en gando de produtos naturais do país.

1948 **Adai:** Feira o día 13 de cada mes.

**Gomeán:** Feira o día 23 de cada mes.

2012 **Adai:** Feira o día 13 de cada mes. En xuño hai un *Concurso-poxa de Rubia Galega* e tamén a *Feira do cabalo*.

**O Courel**

1845 **Seoane:** Celebraban feira de gando vacún, panos e outros xéneros.

1936 **Seoane:** Había feira o segundo domingo de cada mes.

1948 **Seoane:** Feiras cada segundo e cuarto domingo.

**Folgoso:** Feira o día 1 e o 19 de cada mes.

**Ferramulín:** Feira o primeiro domingo de cada mes.

2012 **Seoane:** Hai feiras o 2º e o 4º domingo de cada mes. Popularmente dise que a feira do 2º domingo “non pode baixar do 8” e a do 4º “non pode pasar do 29”). En decembro,

o primeiro domingo, celébrase a *Festa da castaña*.

**Folgoso:** Feira os días 1 e 19 de cada mes. En novembro, o segundo domingo, celébrase a *Festa da castaña*.

**Ferramulín:** Feira o 1º domingo de cada mes.

**O Incio**

1788 **Rendar e Sirgueiros:** En 1730 principiouse unha feira no día 22 de cada mes, que se compuña de gando, manteiga e outros xéneros do país. Extinguiuse en 1731 e incorporouse na Cruz do Incio.

**Laiosa:** Xunto á igrexa, co gallo dunha confraría, concorria algunha xente do país, onde se vendían sal, peles e outras miudezas, a cuxo concurso chamaban feirón.

**San Eufrasio (Val do Mao):** O 15 de maio facíase unha romaría onde concorrian prateiros da cidade de Lugo a vender algunha obra.

1845 **Laiosa:** Celebraba feira o día 6 de cada mes e a ela confluían cos seus gandos e froitos os veciños das parroquias próximas; presentábanse tamén algún xénero de quincalla e utensilios domésticos e campestres.

1936 **O Incio:** Celebrábase feira o día 5 e 22 de cada mes. A última era a máis importante e concorrida. O tráfico era de gando vacún, porcino e produtos agrícolas.

1948 **O Incio:** Feira o día 22 de cada mes.

2012 **A Cruz do Incio:** Celébranse feiras o día 22 de cada mes e, en setembro a *Feira da artesanía e etnografía*.

**O Saviñao**

1750 **Vilasante:** Celebraba unha feira chamada Escairón.

- 1788 **Seteventos:** Facíase unha feira o día 20 de cada mes.
- 1788 **Seteventos:** Facíase unha feira na que se vendían gando, trigo, centeo, viño, zapatos, sal e outras cousas desta calidade.
- Vilasante:** Facíase feira e concorrián diferentes xéneros de panos, froitas, sal, zapatos e algúns xéneros comestibles máis; gando maior e menor, aneis e outras alfaias de prata que traían os prateiros circunveciños; tamén viñan á dita feira mercados de Castela a buscar gando.
- 1845 **Vilasante:** En Vilasante de Escairón celebrábase feira o día 8 de cada mes e mercado todos os mércores.
- 1936 **Escairón:** Feira os días 18 e 23 de cada mes.
- 1948 **Escairón:** Feira mensual.
- Currelos:** Feira mensual o día 26.
- 2012 **Escairón:** Feira os días 8 e 19 de cada mes. En agosto celébrase unha *Carreira de burros*.
- Currelos:** Feira o día 26 de cada mes.

## Ourol

- 1750 **Miñotos:** Había unha feira de gando que se facía na Fraga Vella o día quince de agosto de cada ano, libre de tributo.
- 1845 **Ourol:** Celebrábase unha feira o día 4 de agosto e un mercado o primeiro domingo de cada mes onde se vendía gando de toda clase, gran e comestibles.
- 1936 **Mesón:** Feiras o 1º sábado de cada mes na capital do distrito, Mesón.
- Miñotos:** Había feira o 1º domingo de cada mes. Nas feiras deste concello traficábase con cereais, gandería, aves, ovos, manteiga, ferrexería e tecidos.

- 1948 **Miñotos:** Facíase feira o primeiro domingo de cada mes.

## Outeiro de Rei

- 1936 **Gaioso:** Facíase feira o día 3 de cada mes. O tráfico consistía en gando vacún e porcos, ovino e cabrún, queixos do país xustamente nomeados, cereais e demais produtos propios do país, así como legumes, hortalizas e olería ordinaria.

## O Valadouro

- 1750 **Alaxe:** Había un mercado que se celebraba o sábado de cada semana no que se compraban e vendían grans, comestibles, lenzos grosos e delgados, mantas de burel..., e outros produtos do país.
- Vilacampa:** Celebraban dúas feiras, unha no lugar de Rioboo, que se facía o día 15 de agosto de cada ano e outra o día 16 do referido mes de agosto ao carón da igrexa parroquial na que se compraba e vendía gando de todas as especies.
- 1788 **Ferreira:** Todos os sábados de cada semana facíase mercado xunto ao Santuario de Ferreira, freguesía de San Juan de Alaxe; compoñíase de froitos e outros xéneros do país.
- Rioboo:** O día 15 de agosto facíase feira xunto ao Santuario da Nosa Señora de Rioboo, onde soamente concorrián á venda bois, vacas e outras cousas de pouca importancia.
- Vilacampa:** O día 16 de agosto facíase feira na freguesía de Santa María de Vilacampa, compoñíase do mesmo que na de Rioboo.
- Cadramón:** O día 19 de setembro de cada ano facíase outra feira de gando na freguesía de San Xurxo do Cadramón, onde non concorriá

- outra cousa. Estes mercados duraban só un día.
- 1845 **Ferreira:** Feira mensual.  
**Alaxe:** Feira o 24 de xuño.  
**Vilacampa:** Feira o 16 de agosto.
- 1936 **Ferreira:** Feiras o 2 de febreiro, o 25 de marzo e o 8 de setembro  
**Alaxe:** Mercado anual o 4 de xuño. Tráfico moi abundante de produtos do país. Concorrían a abastecerse a Viveiro e Ribadeo.
- 1948 **Ferreira:** Feira os mércores seguintes ao terceiro domingo de cada mes.
- 2012 **Ferreira:** Os sábados hai mercado. En marzo celébrase o *Mercado da primavera*; en outubro, a *Feira do mel*, e en novembro celébrase a *Festa da castaña*.  
**Recaré:** O primeiro domingo de agosto celébrase a *Rapa das bestas* en Santo Tomé de Recaré.
- O Vicedo**
- 1750 **Riobarba:** Había dúas feiras de gando vacún, unha facíase o día de Santa Cruz de Maio e outra o día da Ascensión do Señor de cada ano, as cales eran tributadas. Cobraban por calquera cabeza que acudía de fóra do lugar e vendíase a un “real de vellón”.
- 1845 **Riobarba:** Celebraban unha feira o 3 de maio e o día da Ascensión, pero o mesmo día tamén se celebraba na parroquia de Mañón, polo que facían como se fose unha soa feira, polo fácil que era cruzar a ponte sobre o río Sor.
- 1936 **Torre:** Dende había algúns anos celebrábase a feira mensual o 2º sábado en Torre (parroquia de Riobarba).
- 2012 **Riobarba:** En xullo celébrase unha *Festa cabalar*.  
**O Vicedo:** En xullo celébrase a *Festa da navalla*.
- Palas de Rei**
- 1750 **Palas de Rei:** Facíase feira o día 19 de cada mes.
- 1788 **Palas de Rei:** Había feira o día 19 de cada mes.
- 1936 **Palas de Rei:** Celebrábase feira o día 19 de cada mes e un mercado semanal os sábados. Comercíabase con gando vacún, porcino, centeo, millo e queixos de excelente calidade que se fabricaban na comarca.
- 1948 **Palas de Rei:** Feira os días 7 e 19 de cada mes.
- 2012 **Palas de Rei:** Feira os días 7 e 19 de cada mes. En marzo, o día 19, hai concurso de gando vacún e queixo.
- Pantón**
- 1750 **Eiré:** Facíase unha feira franca cada 18 de cada mes.
- 1788 **Eiré:** No lugar de Santa Mariña celebrábase unha feira á que concorrían algúns gandos, zapatos, sal e outros xéneros desta calidade, e algunhas veces panos de Castela.
- 1845 **Ferreira:** Celebraba feira mensual.
- 1936 **Ferreira de Pantón:** Facíase feira o día primeiro de cada mes.  
**Santa Mariña de Eiré:** Feira o día 18 de cada mes.
- 1948 **Ferreira:** Feira os días 1 e 15 de cada mes.  
**Santa Mariña de Eiré:** Feira o día 18 de cada mes.
- 2012 **Ferreira:** Hai feira os días 1 e 15 de cada mes. En xuño celébrase a *Feira do viño de Pantón*.

**Paradela**

- 1750 **Castro de Rei de Lemos:** Había unha feira o primeiro de cada mes.
- 1788 **Castro de Rei de Lemos:** Facíase feira o primeiro día de cada mes.
- 1845 **Castro de Rei de Lemos:** Feira o día 3 de cada mes onde se beneficiaban gando, froita e teas do país.
- 2012 **Castro de Rei de Lemos:** Faise feira o día 3 de cada mes.
- Paradela:** Faise feira o día 15 de cada mes. O día 15 de maio celébrase a *Feira de San Isidro*.

**Páramo**

- 1788 **Saa:** Facíase o martes de cada semana mercado dos xéneros de viño, sal, peixe e outros desta calidade, polos arrieiros e persoas que transitaban e máis xente da contorna.
- 1936 **Trebolle:** O 27 de cada mes facíase feira na capital do distrito, de pouca importancia.
- 1948 **O Páramo:** Había feira o día 10 de cada mes.
- 2012 **O Páramo:** Faise feira os días 10 e 25 de cada mes. En xuño, o segundo fin de semana, celébrase a *Feira da primavera*.

**Pedrafita do Cebreiro**

- 1750 **O Cebreiro:** Había unha feira o día vinte de todos os meses do ano na que se vendía todo xénero de gando e outras cousas.
- 1788 **Veiga de Forcas:** En 1730 principiose a celebrar unha feira o día último de cada mes, á que concorrián os naturais e conterráneos a comprar gando maior vacún, pan e viño, e non outros xéneros.
- 1936 **Pedrafita do Cebreiro:** Había feira o día 5 de cada mes, o día 21,

o terceiro domingo de setembro, o 30 de abril, o 27 de setembro e o 23 de xullo feira de gando cabalar e mular. Os sábados había mercado de porcos.

- 2012 **Pedrafita do Cebreiro:** Feiras mensuais os días 5 e 21; o 1º domingo de abril celébrase a *Feira do queixo do Cebreiro* (ruta coas Nogais e Triacastela) e o 3º domingo de setembro celébrase un *Certame de gando vacún*.

**Pol**

- 1936 **Mosteiro:** Había feira o día 7 de cada mes.
- 2012 **Mosteiro:** Hai feira o 1º venres de cada mes.

**Portomarín**

- 1788 **Portomarín:** “Romaría e mercado o día 2 de febreiro de cada ano, onde concorren diversos mercadores con panos e tea e se comercian os xéneros comestibles de pan, carne, anguias, capóns e outras cousas desta calidade”.
- 1845 **Portomarín:** Facíase unha feira mensual bastante concorrida.
- 1936 **Portomarín:** Había unha feira anual o 2 e 3 de febreiro, o San Blas, e había mercado semanal os domingos. Comercíabase con carnes salgadas e capóns nas feiras, gando porcino e produtos naturais do país nos mercados.
- 1948 **Portomarín:** Facíase mercado todos os domingos e unha feira anual o 3 de febreiro.
- 2012 **Portomarín:** Hai feira o día 9 de cada mes e o Domingo de Pascua celébrase a *Festa da augardente*.

**Quiroga**

- 1750 **Montefurado:** Había unha feira mensual.

- 1845 **Quiroga:** Facíase feira o 10 de cada mes e mercado semanal os domingos.
- Montefurado:** Había feira todos os meses. Nunhas e noutras negociábase con gando, panos, teas ordinarias, louza, cristal, gran, comestibles e outros efectos. Madoz cita a feira de Montefurado cando enumera as feiras mensuais na provincia de Lugo pero non a cita cando fala das feiras que se celebraban tanto no partido xudicial como no Concello de Quiroga.
- 1936 **Quiroga:** Celebrábanse feiras os días 10 e 27, sendo bastante comerciais ambas as dúas, especialmente a primeira.
- Montefurado:** Había feira o 19.
- Hermida:** Había feira o 20.
- 1948 **Quiroga:** Facíase feira os días 10 e 27 de cada mes.
- 2012 **Quiroga:** Hai feiras os días 10 e 27 de cada mes. En abril o sábado e domingo de Pascua celébrase a *Feira do viño de Quiroga*, en agosto a *Feira do mel* (durante as festas patronais) e o día 11 de novembro (San Martiño) a *Festa da castaña e do viño*.
- Bendilló:** En febreiro-marzo celébrase a *Feira do aceite*.
- Rábade**
- 1936 **Rábade:** Feiras os días 2 e 22 de cada mes.
- 1948 **Rábade:** Feiras os días 2 e 22 de cada mes. Mercado os xoves.
- 2012 **Rábade:** Feiras os días 2 e 22 de cada mes.
- Ribadeo**
- 1750 **Ribadeo:** Había mercado todos os domingos das 9 ás 12, unha feira no campo de San Francisco o día 8 de setembro que permanecía dous días.
- Vilaselán:** Celebrábase todos os anos unha feira xunto á igrexa o día 25 de marzo que acostumaba durar oito días, onde concorrián diferentes mercadorías de panos.
- 1788 **Ribadeo:** Facíase un mercado todos os domingos do ano ao que concorrián gran, froitos e outras cousas da terra, como tamén obras de ferro e carpintería. Tamén había na devandita vila feira pola Nosa Señora de Setembro, que duraba de dous a tres días, e nela comerciaban gando maior e menor, e algúns mercadores de Mondoñedo e da devandita vila, con xéneros de Castela.
- Vilaselán:** Facíase pola Nosa Señora de Marzo de cada ano, duraba tres días e a ela concorrián algúns mercadores de Asturias con xéneros de panos e teas estranxeiras, así mesmo os de Mondoñedo con mercadorías do Reino e xéneros de sementes deste país. Estas feiras son moi antigas.
- A Pastoriza:** Facíase unha feira o primeiro sábado de cada mes.
- Capela da Nosa Señora da Ponte:** Había feira o segundo domingo de cada mes; ademais das referidas, polo mes de outubro, a véspera de San Lucas; e no mes de novembro a véspera de San Martiño. A unhas e outras concorria gando maior e menor. En Sante e o lugar de Porto, freguesía de Santalla de Vilausende, os veciños tiñan por costume o terceiro sábado de cada mes facer feira de gando maior e menor, e non doutros xéneros.
- 1845 **Ribadeo:** Celebraba un mercado moi concorrido os mércores de

cada semana. Nestes mercados beneficiábanse gandos, grans e demais froitos, así como carnes frescas e salgadas, manteigas, queixos, peixe fresco e sal preso, utensilios de labor e cociña, teas, zapatos e outros efectos.

1936 **Ribadeo:** Facíase unha feira o último domingo de cada mes e estíbese a crear outra.

1948 **Ribadeo:** Feira todos os mércores e o día 7 de setembro; e tamén unha feira anual o 30 de maio.

2012 **Ribadeo:** Hai mercado os mércores e os domingos no verán e en vacacións.

**Ribadeo:** En agosto, o 1º domingo, faise a *Xira de Santa Cruz*.

**Rinlo:** En agosto celébrase a *Festa do percebe de Rinlo*.

**Remourelle:** Cara a finais de agosto celébrase a *Festa da carne ao caldeiro*.

54

### Ribas de Sil

1845 **San Clodio:** Feira o 26 de cada mes; negociábase con gando, ferro, xabón, aceite, grans, pan, manteiga e outros xéneros.

1936 **San Clodio:** Feira o 26 de cada mes; bastante concorrida.

1948 **San Clodio:** Feira o 16 de cada mes.

2012 **San Clodio:** Feira o 21 de cada mes. En xuño celébrase a *Festa da cereixa e do aceite*.

### Ribeira de Piquín

Non encontramos documentación sobre as feiras no territorio deste concello.

### Riotorto

1750 **Muxueira:** Facíase unha feira o día 26 de cada mes na que se compra-

ban e vendían gando de diversas especies, grans, comestibles... e outras pequenos produtos da terra.

1788 En **Muxueira** no sitio que chaman Augaxosa facíase polos veciños a feira todos os meses o día 26, á que concorria gando maior e menor para a súa venda, e non ningún xénero de panos, nin outras cousas.

1845 **Augaxosa:** Feira mensual.

1936 **Augaxosa:** Feiras os días 14 e 26 de cada mes.

1948 **Augaxosa:** Feiras os días 14 e 26 de cada mes.

**Riotorto:** Mercado os sábados.

2012 **Riotorto:** En abril celébrase a *Feira da artesanía do ferro* e cada trimestre hai unha *Feira de produtos de temporada*.

**Augaxosa:** En setembro celébrase a *Feira de gando cabalar*.

### Samos

1845 **Castroncán:** Feira mensual.

1936 **Castroncán:** Feira o día 4 de cada mes.

**Samos:** Feira os días 1 e 15 de cada mes.

**San Cristovo do Real:** Feira mensual.

1948 **Samos:** Feira o día 15 de cada mes.

**Lóuzara:** Feira o día 17 de cada mes.

**Castrocán:** Feira o día 4 de cada mes.

2012 **Lóuzara:** No mes de agosto, na Ponte de Lóuzara, celébrase a *Feira de artesanía* e no último fin de semana de outubro celébrase en Paredes a *Festa da castaña*.

**Castroncán:** En novembro, o primeiro fin de semana celébrase a *Festa da castaña e dos cogomelos*.

**Samos:** O primeiro fin de semana de agosto celébrase unha *Feira de artesanía e produtos do país*.

### Sarria

1750 **Vilarmaior:** Celebrábase feira o día 15 de cada mes, á cal concorrián diferentes persoas a vender panos, gando e outros xéneros.

1788 **Vilamaior:** Facíase feira á que soamente concorrián gando e cousas comestibles do país, e algúns mercadores circunveciños con panos e teas da fábrica de Castela. Esta feira había moitos anos que se celebraba.

1845 **Sarria:** “O comercio está limitado ao que lle proporcionan as insignificantes feiras que se celebran no mesmo termo e nos partidos inmediatos onde benefician o seu gando e o sobranse dos seus froitos a cambio dos artigos de que carece”.

1936 **Sarria:** Feira os días 6 e 20 de cada mes.

**Vilarmaior:** Feira o día 15 (feira oficial do veciño municipio de Paradela). Nestas feiras comerciábase con gando vacún e porcino, carnes salgadas, ovos e aves.

1948 **Sarria:** Feira o día 6 de cada mes. Mercado os domingos. Feira anual o domingo de Lázaro.

2012 **Sarria:** Feiras os días 6, 20 e 27. En febreiro celébrase a *Festa do cocido do porco celta*, en maio; polo San Isidro, a *Mostra gandeira* e, en agosto, a *Festa da empanada*.

### Sober

1750 **San Martín de Arroxo:** Celebrábase feira o día 12 de cada mes no Campo da Verea.

1788 **San Martín de Arroxo:** Celebraba unha feira o día 12 de cada mes, que principiou en 1726.

1845 **Proendos:** Madoz cita esta feira dentro das feiras que se celebraban na provincia de Lugo, pero non di nada delas cando consultamos os datos de Sober, Monforte ou Proendos.

1936 **Sober:** Había feiras mensuais os días 2 e 18 “pero máis ben que tales son moitas delas mercados correntes e ordinarios onde se cotizan o gando, os cereais e demais produtos do país”.

1948 **Sober:** Feira os días 18 e 28 de cada mes.

2012 **Sober:** Feiras os días 12 e 28 de cada mes. Na primeira quincena de agosto celébrase a *Festa da rosca*.

**Amandi:** En abril, o domingo de Ramos celébrase a *Feira do viño de Amandi*.



### Taboada

1750 **Carballo:** Celebraba unha feira mensual.

1788 **Carballo:** No lugar de Carballo (San Tomé) había feira onde se vendía gando maior e menor, sen outros xéneros, que compraba a xente do país; e nalgunhas feiras concorrián mercadores do reino de Castela.

**Quinzán do Carballo:** Desde o ano 1727 facíase un mercado o día 21 de cada mes, no que se vendían bois e vacas en curto número.

1845 **Taboada:** Feira o día 29 de cada mes.

1936 **Taboada:** Feira o 20 de cada mes de gando vacún e cereais. Mercado todos os sábados.

1948 **Taboada:** Feira o 20 de cada mes. Mercado todos os sábados.

2012 **Taboada:** Feiras os días 4 e 20 de cada mes. O sábado de entroido celebran a *Festa do caldo de ósos*.

**Castelo:** O 7 de setembro celébrase a *Festa das fachas*.

### Trabada

1788 **Trabada:** Os veciños facían feira de gando o primeiro domingo de cada mes xunto ao adro da igrexa parroquial.

1845 **Trabada:** Feira o 1º domingo de cada mes, nela vendíanse gando, ferraxería, zapatos, cestas e outros artigos.

**Cadeira:** No lugar de Cadeira, da parroquia de Fornea, celebrábase o 25 de abril feira, a cal era bastante concorrida.

1936 **Cadeira:** O 25 de abril había unha feira de gando cabalar ao carón da ermida de San Marcos en Trabada. Moi importante noutros tempos porque regulaba os prezos, pero hoxe en decadencia.

**Trabada:** O primeiro domingo de cada mes había feira de gando vacún no campo da igrexa de Trabada,

pero pouco concorrida pois dende había algún tempo os compradores preferían facer as transaccións nos propios fogares dos labregos, con preferencia ás feiras, costume que se ía estendendo a toda a provincia.

1948 **Trabada:** Feira mensual o primeiro domingo de cada mes. Feiras anuais o 25 de abril e o 30 de maio.

2012 **Cadeira:** O día 25 de abril (romaría de San Marcos) celébrase unha *Feira de gando cabalar*.

### Triacastela

1750 **Triacastela:** Celebraba feira todos os meses.

1788 **Triacastela:** O día 28 de cada mes facíase feira, que empezaron os naturais en 1727; só concorrián algún gando maior, sal, zapatos, pan, viño e outros xéneros comestibles da contorna.

1845 **Triacastela:** Madoz non cita ningunha feira nos datos de Triacastela, pero cita unha feira mensual ao enumerar as feiras da provincia. Nestas feiras vendíanse manteigas, queixos e teas.

1936 **Triacastela:** Celebraba feira o día 28 de cada mes. “Son de relativa importancia xeral e de absoluta para os pobos do municipio”. Comerciábase con gando vacún e porcino.

1948 **Triacastela:** Tiña feiras os días 12 e 28 de cada mes.

2012 **Triacastela:** Feira o día 28 de cada mes. O primeiro domingo de abril celebra a *Feira do queixo do Cebreiro* (alterna coas Nogais e Pedrafitas do Cebreiro).

### Vilalba

1750 **Vilalba:** Había unha feira mensual.

- Árbol:** Facíase un mercado na capela de Santo Estevo no Santo que se celebraba os venres de cada semana, onde se vendían froitos, pan cocido e outros pequenos produtos comestibles.
- 1788 **Vilalba:** Facíase feira o primeiro domingo de cada mes, se este coincidía co día primeiro pasábase ao domingo seguinte; vendíanse gando maior e menor, xéneros comestibles, panos e teas, dos mercadores da contorna. Realizábase de inmemorial e antigo costume, sen que conste doutro privilexio, e só a algunhas feiras concorrián prateiros da cidade de Mondoñedo.
- O Santo:** En Santo Estevo (capela de Santo Estevo no Santo), os venres de cada semana facíase un mercado, onde só se vendían pan, trigo e outros produtos comestibles do país e a súa contorna.
- 1845 **Santaballa:** Celebrábase unha feira todos os meses.
- 1936 **Vilalba:** Había dúas feiras ao mes, unha, o primeiro domingo e outra, a mediados; a máis importante era a primeira. Comercióbase con gando, cereais, carnes salgadas, queixos, zocas e demais produtos do país.
- 1948 **Vilalba:** Facíase feira o primeiro domingo e o martes seguinte ao terceiro. Había unha feira anual o 14 de outubro.
- Árbol:** Celebrábase feira o terceiro domingo de cada mes.
- As Patelas** (San Simón da Costa): Había unha feira de gando e produtos do país.
- 2012 **Vilalba:** Feira o domingo despois do día 1; os martes, entre o 17 e o 23, hai *feirón*. Os martes e os venres hai mercado. O primeiro domingo de abril celébrase a *Feira do queixo de San Simón* e o terceiro domingo de decembro a *Feira do capón*.
- Viveiro**
- 1750 **Covas:** Había dúas feiras de gando.
- Galdo:** Facíase unha feira que se celebraba o segundo domingo de cada mes no sitio que chamaban da Guadalupe, na que se compraban e se vendían lenzos, panos, teas e outros xéneros que viñan de fóra, gando maior e menor e outras cousas comestibles.
- Viveiro:** Celebrábase un mercado semanal e catro feiras ao ano. Facíase outra feira o día 16 de setembro de cada ano.
- 1788 **Viveiro:** Facíanse feiras de gando e mercados públicos o sábado de cada semana, á que concorrián os veciños da devandita xurisdición e da súa proximidade a vender e comprar gando, panos, grans e outros mantementos, segundo o estilo e o costume.
- Galdo:** Había feira todos os segundos domingos de cada ano e mes; compoñíase de comestibles, aparellos de labradores, gando, ferraxes, pan, grans, panos, liño, lenzos, estopa e froitas.
- Covas:** Facíase feira no sitio de Suasbarras, os principais obxectos de tráfico son a venda de gando, grans e artigos de consumo.
- Naseiro:** Celebrábase feira de gando os cuartos domingos de cada mes
- 1845 **Galdo:** Feira ou mercado o segundo domingo de cada mes, nelas beneficiábanse toda clase de gando, ferraxas, pan, grans, panos, liño, lenzos, estopas e froitas.
- Naseiro:** Feira de gando o cuarto domingo de cada mes.

**Covas:** Facíase feira o día da Ascensión e o segundo día de Pascua no sitio de Suasbarras. Os principais obxectos de tráfico eran a venda de gando, grans e artigos de consumo.

**Viveiro:** Madoz ao citar as feiras da provincia di que en Viveiro había unha feira mensual.

1936 **Viveiro:** O 1º e 3º domingo había feira de gando vacún e porcino. Facíase un mercado os xoves, sábados e domingos. Agás o domingo, adoitaban verse pouco concorridos. Nelles traficábase con queixos, grans, froitas, ovos, galiñas, caza, mercearía, quincalla, ferretería, teas, etc.

**Galdo:** O 2º domingo había feira de gando cabalar, vacún, ovino, cabrún e porcino. Era a feira máis importante do distrito.

**Naseiro:** O 4º domingo había unha feira de escasa importancia e traficábase con gando vacún e porcino.

**Covas:** Había unha feira anual o luns de Resurrección, chamada de Pascua. Traficábase exclusivamente con gando vacún.

1948 **Viveiro:** Feiras o primeiro e terceiro domingo de cada mes.

**Galdo:** Feira o segundo domingo de cada mes.

**Covas:** Feira o luns de Pascua (anual).

2012 **Viveiro:** O día 1 e o terceiro domingo de cada mes hai feira na variante de Verxeles. Os luns, xoves e sábado hai mercado na Praza Maior. En xullo celébrase unha *Feira medieval* e a segunda semana de agosto unha *Feira de artesanía*.

**Galdo:** O segundo domingo de maio celébrase a *Feira das Maulas*.

**Candaoso:** O primeiro domingo de xullo celébrase a *Rapa das bestas*.

**Celeiro:** En xullo faise a *Festa da merluza*.

**Naseiro:** O cuarto domingo de agosto celébrase unha singular festa campestre nas beiras do río Naseiro.

## Xermade

1845 **Momán:** Celebraba unha feira mensual.

1936 **Momán:** Había feira o día 19 de cada mes. Traficábase con gando de toda clase, ovos, galiñas, pan cocido, grans, manteigas, tecidos e quincalla. Celebrábase dende moi antigo.

**Roupar:** O último día de cada mes, dende 1808, celebrábase feira en Roupar, situada na Fraga de Bestelleiros.

1948 **Momán:** Facíase unha feira os días 4 e 19 de cada mes.

**Roupar:** Había feira o día 13 de cada mes.

## Xove

1845 **San Isidoro do Monte:** Celebrábase unha feira o 24 de agosto.

1948 **Xove e Rigueira:** Feira o cuarto domingo de cada mes.

2012 **Xove:** Mercado os mércores; polo Xoves Santo celébrase a *Festa do polbo á pedra*.

**Lago:** En maio (próximo ao Día das Letras Galegas) ten lugar a *Feira nacional do cabalo*.

**Penas Agudas:** O día 24 de agosto ten lugar a *Feira de San Bartolo*.

**Saiñas:** En outubro-novembro celébrase a *Festa do lacón*.

## RESUMO DAS FEIRAS E MERCADOS CITADOS DENDE O CATASTRO DE EENSENADA (1750) ATA HOXE

	Data	1750	1788	1845	1936	1948	2012
	Autor	Ensenada	Larruga	Madoz	Meilán		
<b>Concello</b>	<b>Lugar da feira</b>	<b>Inicios XVIII</b>	<b>Finais XVIII</b>	<b>Medios XIX</b>	<b>Inicios XX</b>	<b>Medios XXI</b>	<b>Inicios XXI</b>
<b>Abadín</b>	Vilarente		3				
	Gontán			12	12	12	24
	Gontán ( <i>Feira de Santos</i> )						1
	Gontán ( <i>Expogrelo</i> )						1
<b>A Fonsagrada</b>	A Fonsagrada	2	5	4	10	9	27
	A Fonsagrada ( <i>Mercado</i> )	1 d/s	1 d/s	1 d/s	1 d/s	1 d/s	
	Padrón	1					
	San Cibrán da Trapa			1	1		
	Lamas de Moreira				12		
	Fonsagrada ( <i>Feira do botelo</i> )						1
<b>Alfoz</b>	Castro de Ouro		3				
	Castro de Ouro ( <i>Mercado</i> )				1 d/s		
	Carballido					12	1
	Lagoa					2	
	Mor			24		12	
	Mor ( <i>Mercado de cereais</i> )			2 d/s			
	San Pedro ( <i>Merendas</i> )						1
	Castelo ( <i>Feira medieval</i> )						1
<b>Antas de Ulla</b>	Antas de Ulla						12
	Antas de Ulla ( <i>Feira do queixo</i> )						1
<b>A Pastoriza</b>	Fonmiña ( <i>Feira de S. Miguel</i> )	1	1				
	A Pastoriza					24	
	Bretoña					24	
	Reigosa					24	
<b>A Pobra do Brollón</b>	A Pobra do Brollón	12	12	13	24	24	24
	A Pobra do Brollón ( <i>Mercado</i> )			1 d/s			
	Estación				12		
	Vilachá ( <i>Feira do viño</i> )						1
	Río Lor ( <i>Festa da troita</i> )						1
<b>A Pontenova</b>	A Pontenova			1	36	24	24
	A Pontenova ( <i>Mercado de grans</i> )			1 d/s	1 d/s	1 d/s	
	Vileimil					12	
	A Pontenova ( <i>Festa da troita</i> )						1
<b>As Nogais</b>	Doncos			12	12		
<b>Baleira</b>	Cádavo				12	12	12

	Data	1750	1788	1845	1936	1948	2012
	Autor	Ensenada	Larruga	Madoz	Meilán		
Concello	Lugar da feira	Inicios XVIII	Finais XVIII	Medios XIX	Inicios XX	Medios XXI	Inicios XXI
Baralla	Baralla				24	24	24
	Sobrado do Picato	12	12	12	12	12	12
	Baralla ( <i>Feira de Todos os Santos</i> )						1
Barreiros	San Miguel de Reinante	12	12	13	12	13	1
	Cabarcos (San Xulián)		12	12	12	12	
	Cabarcos (San Xulián) ( <i>Mercado</i> )				1 d/s		
	Vilamartín	1	1				
	Celeiro de Mariñaos		2				
	San Miguel de Reinante ( <i>Mercado</i> )					1 d/s	
	Celeiro de Mariñaos ( <i>Festa da tortilla</i> )		2				1
Becerreá	San Miguel de Reinante ( <i>Festival internacional do emigrante</i> )						1
	Becerreá					12	12
Begonte	Penamaíor	12	12				
	Baamonde		12	12	12		
Bóveda	Pacios					12	
	Bóveda		1				
	Rubián				12	12	24
Burela	Rubián ( <i>Feira outrora</i> )						1
	Burela ( <i>Mercado</i> )						1 d/s
Carballedo	Burela ( <i>Festa do bonito</i> )						1
	Castro				24	24	24
	Castro ( <i>Mercado</i> )				1 d/s		
	Buciños					12	
	A Barrela						12
	Castro ( <i>Festa da carne ao caldeiro</i> )						1

	Data	1750	1788	1845	1936	1948	2012
	Autor	Ensenada	Larruga	Madoz	Meilán		
Concello	Lugar da feira	Inicios XVIII	Finais XVIII	Media-dos XIX	Inicios XX	Media-dos XXI	Inicios XXI
Castro de Rei	Castro de Rei		12	12	12	12	12
	Castro de Ribeiras de Lea	12	12	12	24	24	12
	Castro de Ribeiras de Lea ( <i>Mer-cado</i> )						1 d/s
	Castro de Ribeiras de Lea ( <i>Poxa de xovencas</i> )						3
	Castro de Ribeiras de Lea ( <i>Feira da galiña de Mos</i> )						1
	Castro de Rei ( <i>Feira da arte-sanía</i> )						1
	Castro de Rei ( <i>Festa da malla</i> )						1
	Castro de Rei ( <i>Feira do Cabalo</i> )						1
Castroverde	Castroverde	12	12	12	12	24	24
	Vilabade		12				
	Pena		24				
	Agostiño		1				
	Miranda					12	
	Castroverde ( <i>Feira de artesanía</i> )						1
Cervantes	As Seixas		12	12	12	12	
	Quindous				12	12	
	San Martín				12		
	Pontois				12		
	Donís				12	12	
	San Pedro					12	
Cervo	San Xiao de Castelo		12				
	Guioncho e Lieiro				12		
	San Cibrao de Lieiro			1			
	Cervo			12	24	24	24
	San Cibrao ( <i>Mercado</i> )				1 d/s	1 d/s	1 d/s
	Cervo ( <i>Mercado</i> )				1 d/s	1 d/s	
	San Cibrao ( <i>A Maruxaina</i> )						1
	Cervo ( <i>Festa do fabada</i> )						1
	Cervo ( <i>Festa do ourizo</i> )						1
	Cervo ( <i>Festa do mexillón</i> )						1
	Cervo ( <i>Festa do ovo frito</i> )						1
	Cervo ( <i>Festa do galo de curral</i> )						1
	Cervo ( <i>Mercado tradicional</i> )						1
A Senra ( <i>Festa da malla</i> )						1	

	Data	1750	1788	1845	1936	1948	2012
	Autor	Ensenada	Larruga	Madoz	Meilán		
Concello	Lugar da feira	Inicios XVIII	Finais XVIII	Medios XIX	Inicios XX	Medios XXI	Inicios XXI
Chantada	Chantada	12	12	12	24	24	24
	Chantada ( <i>Mercado</i> )				3 d/s		
	Penasillás		12	12	12	12	
	Chantada ( <i>Festa do viño de Chantada</i> )						1
	Chantada ( <i>Festa da empanada</i> )						1
	Chantada ( <i>Folión de carros</i> )						1
	Chantada ( <i>Feira da agricultura e da gandería sustentable</i> )						1
Cospeito	Feira do Monte	12	12	12	12	24	12
	Muimenta					12	12
	Feira do Monte ( <i>Mercado</i> )	1 d/s	1 d/s				
	Muimenta ( <i>MOEXMU</i> )						1
	Feira do Monte ( <i>Feira da maquinaria usada</i> )						1
	Feira do Monte ( <i>Festa do cocho da ceba</i> )						1
	Muimenta ( <i>Festa da filloa</i> )						1
Foz	Mixamor (Vilaronte)	12	12	12			
	Cordido				12		
	Nois				12		
	Espiñeira				24	24	
	Foz ( <i>Mercado</i> )					1 d/s	1 d/s
	Espiñeira ( <i>Feira cabalar</i> )						1
	S. Acisclo ( <i>Festa da malla</i> )						1
	Vilaxuane ( <i>Festa dos callos á galega</i> )						1
	Foz ( <i>Festa do berberecho</i> )						1
	Foz ( <i>Festa do polbo</i> )						1
	Foz ( <i>Festa do pemento</i> )						1
Foz ( <i>Festa da cultura micolóxica</i> )						1	

	Data	1750	1788	1845	1936	1948	2012
	Autor	Ensenada	Larruga	Madoz	Meilán		
Concello	Lugar da feira	Inicios XVIII	Finais XVIII	Media-dos XIX	Inicios XX	Media-dos XXI	Inicios XXI
Friol	Guimarei	12	12	12	12	12	
	Roimil			12	12	24	
	Cotá			12	12	12	
	Friol				12	24	12
	Friol ( <i>Feira do queixo e pan de Ousá</i> )						1
	Friol ( <i>Feira do cabalo</i> )						1
	Friol ( <i>Feira do can</i> )						1
Guitiriz	A Pobra de Parga	12	12	12	12	12	12
	San Salvador de Parga			12			
	Santa Cruz de Parga			12	12	12	
	Trasparga					24	
	Vilares					12	
	Guitiriz					12	
	Guitiriz ( <i>Mercado</i> )						1 d/s
	A Pobra de Parga ( <i>Festa dos callos</i> )						1
	Pardiñas ( <i>Festival de Pardiñas</i> )						1
Labrada ( <i>Feira da verza</i> )						1	
Guntín	Lousadela			12	12	12	
	Lousada				12	12	12
	Grolos				12	12	12
	San Román					12	
	Guntín ( <i>Festa do pemento de Mougán</i> )						1
	Mougán ( <i>Festa do pemento de Mougán</i> )						1
Láncara	Láncara	12		12	12	12	12
	A Esfarrapa		12	12	12		
	Río					12	
	Ponte de Carracedo ( <i>Mercado</i> )		1 d/s				
	Cedrón					12	
	Monseiro		1				
	A Pobra de San Xiao				24	24	24
	A Pobra de San Xiao ( <i>Festa da tenreira galega</i> )						1
Lourenzá	Vilanova		12	12	24	36	24
	Vilanova ( <i>Mercado</i> )			1 d/s	1 d/s	1 d/s	
	Vilanova ( <i>Festa da faba de Lourenzá</i> )						1

	Data	1750	1788	1845	1936	1948	2012
	Autor	Ensenada	Larruga	Madoz	Meilán		
Concello	Lugar da feira	Inicios XVIII	Finais XVIII	Media-dos XIX	Inicios XX	Media-dos XXI	Inicios XXI
Lugo	Lugo		12	12	36		
	Nadela	1			24	12	24
	Lugo ( <i>San Froilán</i> )			1	1	1	1
	Lugo ( <i>Mercado</i> )		1 d/s	1 d/s	1 d/s	2 d/s	2 d/s
	Lugo ( <i>Feira do Entroido</i> )						1
	A Piringalla ( <i>Festa do becerro</i> )						1
	Praza da Soidade ( <i>Feira do mel</i> )						1
	Nadela ( <i>Feira do entroido</i> )						1
Meira	Meira	25	25	12	24	24	24
	Meira ( <i>Festa da malla</i> )						1
Mondoñedo	Mondoñedo	1	1	12	24	24	24
	Lindín					1	
	Mondoñedo ( <i>San Lucas</i> )	1	1	1	1	1	1
	Mondoñedo ( <i>As Quendas</i> )			1	1	1	1
	Mondoñedo ( <i>Mercado</i> )		1 d/s	2 d/s	2 d/s	2 d/s	2 d/s
	Mondoñedo ( <i>Festa da empanada</i> )						1
	Mondoñedo ( <i>Mercado medieval</i> )						1
	Campo do Oso ( <i>Rapa das bestas</i> )						1
Monforte	Monforte	12	12	13	24	24	24
	Monforte ( <i>Mercado</i> )	1 d/s	1 d/s	1 d/s	1 d/s	1 d/s	
	Fiollada					12	
	Monforte ( <i>Feira medieval</i> )						1
	Monforte ( <i>Festa do río</i> )						1
	Monforte ( <i>Feira de mostras</i> )						1
	Monforte ( <i>Día da cultura xudía</i> )						1
	A Parte ( <i>Festa gastronómica</i> )						1
Monterroso	Monterroso	12	12	12	12	24	12
	San Cibrao de Pol ( <i>Mercado</i> )		1 d/s				
	Monterroso ( <i>Mercado</i> )					1 d/s	2 d/m
	Monterroso ( <i>Feira dos Santos</i> )				1	1	1
	Monterroso ( <i>Festa do queixo da Ulloa</i> )						1
Muras	Muras				12	12	
	Viveiró			12	12	24	12
	Viveiró ( <i>Mercado</i> )				1 d/s		
	Balsa					12	
	A Gañidoira ( <i>Feira do poldro</i> )						1

	Data	1750	1788	1845	1936	1948	2012
	Autor	Ensenada	Larruga	Madoz	Meilán		
Concello	Lugar da feira	Inicios XVIII	Finais XVIII	Media-dos XIX	Inicios XX	Media-dos XXI	Inicios XXI
Navia de Suarna	A Pobra		12	12	14	14	24
	A Pobra ( <i>Romaría de Santa Marta</i> )		1				1
	A Pobra ( <i>Feira de San Miguel</i> )						1
	A Pobra ( <i>Mercado de porcos</i> )				12		
	Barcia		1				
	Penamil		1				
	Paradela				12	12	
	Silvouta				12	12	
	Rao					12	
	A Pobra ( <i>Festa da androlla</i> )						1
	A Pobra ( <i>Festa da troita</i> )						1
Negueira de Muñiz	Ouviaño			1			
	Río de Porto			1			
	Negueira de Muñiz					12	
O Corgo	Adai	12	12	12	12	12	12
	Laxosa				12		
	Gomeán					12	
	Adai ( <i>Concurso-poxa</i> )						1
	Adai ( <i>Feira do cabalo</i> )						1
O Courel	Seoane			12	12	24	24
	Folgoso					24	24
	Ferramulín					12	12
	Seoane ( <i>Festa da castaña</i> )						1
	Folgoso ( <i>Festa da castaña</i> )						1
O Incio	Rendar e Sirgueiros	12					
	Laiosa		12	12			
	A Cruz do Incio		12	12	24	12	12
	Santo Eufrasio		1				
	A Cruz do Incio ( <i>Feira da artesanía e etnografía</i> )						1
O Saviñao	Seteventos	12	12				
	Currelos					12	12
	Escairón	12	12	12	24	12	24
	Escairón ( <i>Mercado</i> )			1 d/s			
	Escairón ( <i>Carreira de burros</i> )						1
Ouro	Miñotos	1	1	1	12	12	
	Mesón			1	12		
	Ouro			13			
Outeiro de Rei	Gaioso				12		



	Data	1750	1788	1845	1936	1948	2012
	Autor	Ensenada	Larruga	Madoz	Meilán		
Concello	Lugar da feira	Inicios XVIII	Finais XVIII	Media-dos XIX	Inicios XX	Media-dos XXI	Inicios XXI
O Valadouro	Ferreira			12	3	12	
	Alaxe			1	1		
	Vilacampa	1	1	1			
	Rioboo	1	1				
	O Cadramón		1				
	Ferreira ( <i>Mercado</i> )	1 d/s	1 d/s	1 d/s	1 d/s	1 d/s	1 d/s
	Recaré ( <i>Rapa das bestas</i> )						1
	Ferreira ( <i>Mercado da primavera</i> )						1
	Ferreira ( <i>Feira do mel</i> )						1
	Ferreira ( <i>Festa da castaña</i> )						1
O Vicedo	Riobarba (A Torre)	2	2	1	12		
	Riobarba ( <i>Festa cabalar</i> )						1
	O Vicedo ( <i>Festa da navalla</i> )						1
Palas de Rei	Palas de Rei	12	12	12	12	24	24
	Palas de Rei ( <i>Mercado</i> )				1 d/s		
	Palas de Rei ( <i>Concurso de gando</i> )						1
Pantón	Eiré	12	12	12	12	12	
	Ferreira			12	12	24	24
	Ferreira ( <i>Feira do viño de Pantón</i> )						1
Paradela	Castro de Rei de Lemos	12	12	12	12	12	12
	Paradela						12
	Paradela ( <i>Feira de S. Isidro</i> )						1
Páramo	Saá ( <i>Mercado de arrieiros</i> )		1 d/s				
	Trebolle (O Páramo)				12	12	24
	Páramo (O Páramo) ( <i>Feira da primavera</i> )						1
Pedrafito do Cebreiro	O Cebreiro	12	12				
	Veiga de Forcas		12				
	Pedrafito				28		24
	Pedrafito ( <i>Mercado de porcos</i> )				1 d/s		
	Pedrafito ( <i>Feira do queixo do Cebreiro</i> )						1
	Pedrafito ( <i>Certame de gando vacún</i> )						1
Pol	Mosteiro				12		12
Portomarín	Portomarín		1	12	12	12	12
	Portomarín ( <i>Mercado</i> )				1 d/s	1 d/s	
	Portomarín ( <i>San Blas</i> )				1	1	
	Portomarín ( <i>Festa da augardente</i> )						1



	Data	1750	1788	1845	1936	1948	2012
	Autor	Ensenada	Larruga	Madoz	Meilán		
Concello	Lugar da feira	Inicios XVIII	Finais XVIII	Medios XIX	Inicios XX	Medios XXI	Inicios XXI
Quiroga	Montefurado	12	12	12	12		
	A Ermida				12		
	Quiroga			12	24	24	24
	Quiroga ( <i>Mercado</i> )			1 d/s			
	Bendilló ( <i>Feira do aceite</i> )						1
	Quiroga ( <i>Feira do viño de Quiroga</i> )						1
	Quiroga ( <i>Feira do mel</i> )						1
	Quiroga ( <i>Festa da castaña e do viño</i> )						1
Rábade	Rábade				24	24	24
	Rábade ( <i>Mercado</i> )					1 d/s	
Ribadeo	Ribadeo	1	1	1	12	2	
	Vilaselán	1	1				
	Pastoriza		12				
	Capela da Nosa Señora da Ponte		14				
	Porto		12				
	Ribadeo ( <i>Mercado</i> )	1 d/s	1 d/s	1 d/s	1 d/s	1 d/s	1 d/s
	Ribadeo ( <i>Xira de Santa Cruz</i> )						1
	Rinlo ( <i>Festa do percebe</i> )						1
	Remourelle ( <i>Festa da carne ao caldeiro</i> )						1
Ribas de Sil	San Clodio			12	12	12	12
	San Clodio ( <i>Festa da cereixa</i> )						1
Riotorto	Augaxosa	12	12	12	24	24	1
	Riotorto ( <i>Mercado</i> )					1 d/s	
	Riotorto ( <i>Feira da artesanía do ferro</i> )						1
	Riotorto ( <i>Feira de produtos de temporada</i> )						1

	Data	1750	1788	1845	1936	1948	2012
	Autor	Ensenada	Larruga	Madoz	Meilán		
Concello	Lugar da feira	Inicios XVIII	Finais XVIII	Medios XIX	Inicios XX	Medios XXI	Inicios XXI
Samos	Castroncán			12	12	12	
	San Cristovo do Real				12		
	Lóuzara					12	
	Samos				24	12	
	Samos ( <i>Feira da artesanía e produtos do país</i> )						1
	Castroncán ( <i>Festa da castaña e cogomelos</i> )						1
	Lóuzara ( <i>Feira da artesanía</i> )						1
	Lóuzara ( <i>Festa da castaña</i> )						1
Sarria	Vilarmaior	12	12	12	12		
	Sarria			12	24	12	36
	Sarria ( <i>Mercado</i> )					1 d/s	
	Sarria ( <i>San Lázaro</i> )					1	
	Sarria ( <i>Festa do cocido do porco celta</i> )						1
	Sarria ( <i>Mostra gandeira</i> )						1
	Sarria ( <i>Festa da empanada</i> )						1
Sober	San Martín de Arroxo	12	12				
	Proendos			12			
	Sober				24	24	24
	Amandi ( <i>Feira do viño</i> )						1
	Sober ( <i>Festa da rosca</i> )						1
Taboada	Carballo	12	12				
	Quinzán do Carballo		12				
	Taboada			12	12	12	24
	Taboada ( <i>Mercado</i> )				1 d/s	1 d/s	
	Taboada ( <i>Festa do caldo de ósos</i> )						1
	Castelo ( <i>Festa das fochas</i> )						1
Trabada	Cadeira ( <i>Feira de gando cabalar</i> )			1	1	1	1
	Trabada		12	12	12	13	
Triacastela	Triacastela	12	12	12	12	24	12
	Triacastela ( <i>Feira do queixo do Cebreiro</i> )						1

	Data	1750	1788	1845	1936	1948	2012
	Autor	Ensenada	Larruga	Madoz	Meilán		
Concello	Lugar da feira	Inicios XVIII	Finais XVIII	Media-dos XIX	Inicios XX	Media-dos XXI	Inicios XXI
Vilalba	Vilalba	12	12	12	24	25	12
	Árbol					1	
	O Santo ( <i>Mercado</i> )	1 d/s	1 d/s				
	San Simón da Costa (As Patelas)					1	
	Santaballa			12			
	Vilalba ( <i>Mercado</i> )						2 d/s
	Vilalba ( <i>Feira do capón</i> )						1
	Vilalba ( <i>Feira do queixo de San Simón</i> )						1
Viveiro	Covas	2	2	2	1	1	
	Galdo	12	12	12	12	12	
	Galdo ( <i>Feira das Maulas</i> )						1
	O Naseiro		12	12	12		
	Viveiro	5		12	24	24	24
	Viveiro ( <i>Mercado</i> )	1 d/s	1 d/s	1 d/s	3 d/s	3 d/s	2 d/s
	Viveiro ( <i>Feira medieval</i> )						1
	Viveiro ( <i>Feira de artesanía</i> )						1
	Candaoso ( <i>Rapa das bestas</i> )						1
	Celeiro ( <i>Festa da merluza</i> )						1
	Naseiro ( <i>Romaría</i> )						1
Xermade	Momán			12	12	24	
	Roupar			12	12	12	
Xove	Rigueira					12	
	O Monte (Penas Agudas) ( <i>Feira de San Bartolo</i> )			1	1	1	1
	Lago ( <i>Feira nacional do cabalo</i> )						1
	Xove ( <i>Mercado</i> )						1 d/s
	Xove ( <i>Festa do polbo á pedra</i> )						1
	As Sañas ( <i>Festa do lacón</i> )						1

Número total de feiras	414	676	821	1518	1673	1211
<b>Lugares con feiras</b>						
Feiras anuais	11	18	16	10	12	133
Feiras mensuais	31	50	64	95	100	57
Mercados semanais	7	12	13	20	19	12
Outras periodicidades			2	3	3	5





## FEIRAS EN 2010 E HOXE EN DÍA NA PROVINCIA DE LUGO

### Abadín

**Gontán:** Hai feira o día 1º e o 3º sábado de cada mes; en novembro, o primeiro sábado celébrase a *Feira de Santos* e o sábado de entroido ten lugar *Expogrelo*.

### A Fonsagrada

**A Fonsagrada:** Feiras o 1º e o 3º sábado de cada mes (todo tipo de gando). Feiras anuais de gando en abril; día 25, feira de San Marcos; xuño, día 23, feira de San Xoán; setembro, o 1º sábado, concurso exposición de gando; setembro, día 8, feira cabalar, mular e asnal. No entroido celébrase a *Feira do botelo*.

### Alfoz

**Carballido:** Feira o día 13 de xuño.

**Castelo:** En xullo celébrase a *Feira Medieval*.

**San Pedro:** Hai *merendas* o primeiro fin de semana de agosto.

### Antas de Ulla

**Antas de Ulla:** Feira o día 10 de cada mes. En febreiro celébrase a *Festa do queixo da Ulloa* (ruta con Monterroso e Palas de Rei).

### A Pobra do Brollón

**A Proba do Brollón:** Hai feira os días 11 e 25 de cada mes.

**Vilachá:** A primeiros de maio celébrase a *Feira do viño de Vilachá*.

**A Labrada:** En xullo faise a *Festa da troita do Río Lor* (organizada pola Sociedade Val de Lemos).

### A Pontenova

**A Pontenova:** Hai feiras os domingos alternos a partir do segundo domingo de xaneiro, alterna con Meira. O primeiro

de maio celébrase a *Festa da troita* e en agosto a *Faragullada*.

### Baleira

**Cádavo:** Hai feira o día 12 de cada mes.

### Baralla

**Baralla:** Hai feira os días 1 e 18 de cada mes.

**Baralla:** O día 1 de novembro celébrase a *Feira de Todos os Santos*.

**Sobrado do Picato:** Feira o día 7 de cada mes (só quedan os postos do polbo, non hai feira como tal).

### Barreiros

**San Miguel de Reinante:** En marzo, o día 1, hai feira (coincide coas festas de San Rosendo). En agosto celébrase o *Festival internacional do emigrante*.

**Celeiro de Mariñaos:** A finais de agosto faise a *Festa da tortilla*.

### Becerreá

**Becerreá:** Hai feira os días 3 e 19 de cada mes. Trátase dunha feira-mercado de gando que ten lugar nas instalacións do Recinto Feiral do Mercado Gandeiro. No resto da vila hai mercado con postos para a venda de diferentes produtos (apeiros de labranza, xéneros, alimentación e artesanía).

### Bóveda

**Rubián:** Os días 14 e 29 de cada mes faise feira, a do día 29 de febreiro nos anos non bisestos celébrase o día 28; no mes de xullo faise a *Feira outrora* (recreación da malla).

### Burela

**Burela:** Os venres hai mercado. En agosto, o 1º sábado, celébrase a *Festa do bonito*.

## Carballedo

**Castro:** Hai feira os días 17 e 29 de cada mes. A do día 29 de febreiro nos anos non bisestos celébrase o día 28. En abril, o 3º domingo celébrase a *Festa da carne ao caldeiro* -festa culinaria e de exaltación dos produtos da zona-.

**A Barrela:** Faise feira o día 13 de cada mes.

## Castro de Rei

**Castro de Rei:** Cada quince días, alternando con Meira, hai feira. O primeiro fin de semana de agosto celébrase a *Feira de artesanía* e a finais a *Festa da malla*. O primeiro sábado de setembro celébrase a *Feira do cabalo*.

**Castro de Ribeiras de Lea:** Hai mercado todos os mércores. O 1º sábado de febreiro, xuño e novembro, poxa de xovencas selectas e, o último sábado de cada mes, feira de gando vacún maior. En xaneiro, o segundo fin de semana, celébrase a *Feira da galiña de Mos*.

## Castroverde

**Castroverde:** Hai feira os domingos alternos (alternando con Meira) a partir do primeiro domingo. En agosto, o último domingo, celébrase unha *Feira de artesanía*.

## Cervo

**Cervo:** Mercado o primeiro domingo e o día 16. En febreiro celébrase a *Festa da fabada*, en marzo a *Festa do ourizo*, en abril a *Festa do mexillón* (coincide co sábado Santo), o terceiro sábado de agosto o *Mercado tradicional* (sábado seguinte a San Roque) e neste mes tamén se celebra a *Festa do ovo frito*. O terceiro domingo de decembro celébrase na praza do Souto a *Feira do galo de curral*.

**San Cibrao:** Hai mercado os xoves. A mediados de agosto celébrase *A Maruxaina*.

**A Senra:** En agosto celebra a *Festa da malla*.

## Chantada

**Chantada:** Feiras os días 5 e 21 de cada mes. O domingo de Pascua *Festa do viño de Chantada*, en agosto, *Festa da empanada* e o *Folión de carros*, en outubro, *Feira da agricultura e gandería sustentable*.

## Cospeito

**Feira do Monte:** Hai feira o 3º domingo e o último sábado de cada mes. Popularmente fíxase como data da feira, domingo que non baixe do 15 nin suba do 22. En abril, último fin de semana, celébrase a *Feira da maquinaria usada*; en decembro, o último sábado, celébrase a *Festa do cocho da ceba*.

**Muimenta:** Hai feira o primeiro xoves de cada mes. Feira MOEXMU. En maio, o día 1, celébrase a *Festa da filloa*.

## Foz

**Foz:** Os martes hai mercado. En xaneiro celébrase a *Festa do berberecho*, en agosto celébrase a *Festa do polbo*, o último fin de semana de setembro *Festa do pemento*, en outubro-novembro *Festa da cultura micolóxica*.

**Santo Acisclo:** O terceiro fin de semana de setembro celebra a *Festa da malla*.

**Vilaxuane:** En febreiro celebra a *Festa dos callos á galega*.

**A Espiñeira:** Celebra en xuño, o 3º fin de semana, a *Feira cabalar*.

## Friol

**Friol:** Celébrase feira o primeiro domingo de cada mes, en marzo a *Feira do queixo e pan de Ousá*, o primeiro fin de semana de agosto a *Feira do cabalo* e o primeiro domingo de setembro *Feira do can*.

## Guitiriz

**Parga:** Hai feira o último domingo de cada mes. En xullo, o primeiro fin de semana, celébrase a *Festa dos callos*.

**Guitiriz:** Hai mercado os mércores.

**Labrada:** En abril celébrase a *Feira da verza*.

**Pardiñas:** A primeiros de agosto celébrase o *Festival de Pardiñas*, organizado pola Asociación Xermolos.

### Guntín

**Lousada:** Hai feira o día 5 de cada mes.

**Grolos:** Hai feira o día 23 de cada mes.

**Guntín:** O último fin de semana de agosto celébrase a *Festa do pemento de Mougán*.

**Mougán:** A finais de setembro celebra a *Festa do pemento de Mougán*.

### Láncara

**San Pedro de Láncara:** Celébrase feira o día 24 de cada mes.

**A Pobra de San Xiao:** Celébrase feira os días 2 e 17 de cada mes (a feira do 17 de xaneiro é reputada polos chourizos). En maio, o día 1, faise a *Festa da tenreira galega*.

### Lourenzá

**Vilanova:** Feiras os días 9 e 28 de cada mes. O primeiro fin de semana de outubro celébrase a *Festa da faba de Lourenzá*.

### Lugo

**Lugo:** Os martes e venres de cada semana hai mercado (en festivos non se celebra). En entroido, o sábado, *Feira de entroido* na Praza da Soidade; en xuño, a mediados, *Festa do becerro ao espeto* na Pirin-galla; en setembro, a finais, *Feira do mel* na Praza da Soidade. Entre o 5 e o 12 de outubro celébrase o *San Froilán*.

**Nadela:** Hai feiras o día 15 e o penúltimo de cada mes. En entroido, o sábado anterior, *Feira do entroido*.

### Meira

**Meira:** Hai feira os domingos alternos a partir do segundo domingo de xaneiro (alterna con Castroverde e coa Pontenova). En agosto celébrase a *Festa da malla*.

### Mondoñedo

**Mondoñedo:** Hai feiras o 1º e 3º xoves de cada mes. Os xoves e domingos hai mercado. En maio, o día 1º, *As Quendas*, feira de cabalos; tamén se fai a *Festa da empanada*. En agosto celébrase un *Mercado medieval* e en outubro, o 18, *San Lucas*.

**Campo do Oso:** En xuño, o 4º domingo, celébrase a *Rapa das bestas*.

### Monforte

**Monforte:** Celebra feira os días 6 e 24 de cada mes; o sábado de Pascua, *Feira medieval*; o último fin de semana de xullo, *Festa do río*; o 3º fin de semana de agosto, *Feira de mostras do Val de Lemos e queimada popular*; o 1º fin de semana de setembro celébrase o *Día da cultura xudía*.

**A Parte:** O 21 de setembro (San Mateo) faise unha *Festa gastronómica*.

### Monterroso

**Monterroso:** Feiras o día 1 de cada mes, o 2º e o 4º domingo hai mercado (mercado de Santa Lucía). En febreiro celébrase a *Festa do queixo da Ulloa* (ruta con Antas de Ulla e Palas de Rei). O 1º de novembro faise a *Feira dos Santos*.

### Muras

**Viveiró:** Faise feira o 4º domingo de cada mes.

**A Gañidoira:** En setembro, o 4º domingo, celébrase a *Feira do poldro*.

### Navia de Suarna

**A Proba:** Celebra feira o 29 e o 2º domingo de cada mes. O domingo de entroido

celebrase a *Festa da androlla* e o venres de Pascua a *Festa da troita*. Tamén se celebran dúas feiras anuais, a de Santa Marta (23 de febreiro) e o San Miguel (29 de setembro).

### O Corgo

**Adai:** Feira o día 13 de cada mes. En xuño hai un *Concurso-poxa de raza Rubia Galega* e tamén a *Feira do cabalo*.

### O Courel

**Seoane:** Hai feiras o 2º e o 4º domingo de cada mes (popularmente dise que a feira do segundo domingo non pode baixar do 8 e a do 4º do 29). En decembro, o primeiro domingo, celébrase a *Festa da castaña*.

**Folgoso:** Feira os días 1 e 19 de cada mes. En novembro, o segundo domingo, celébrase a *Festa da castaña*.

**Ferramulín:** Feira o 1º domingo de cada mes.

### O Incio

**A Cruz do Incio:** Celebrase a feira o día 22 de cada mes e en setembro a *Feira da artesanía e etnografía*.

### O Saviñao

**Escairón:** Feira os días 8 e 19 de cada mes. En agosto celébrase unha *Carreira de burros*.

**Currelos:** Feira o día 26 de cada mes.

### O Valadouro

**Ferreira:** Os sábados hai mercado. En marzo celébrase o *Mercado da primavera*; en outubro, a mediados, a *Feira do mel* e en novembro celébrase a *Festa da castaña*.

**Recaré:** O primeiro domingo de agosto celébrase a *Rapa das bestas* en Santo Tomé de Recaré.

### O Vicedo

**Riobarba:** En xullo celébrase unha *Festa cabalar*.

**O Vicedo:** En xullo celébrase a *Festa da navalla*.

### Palas de Rei

**Palas de Rei:** Feira os días 7 e 19 de cada mes. En marzo, o día 19, hai concurso de gando vacún e queixo.

### Pantón

**Ferreira:** Hai feira os días 1 e 15 de cada mes. En xuño celébrase a *Feira do viño de Pantón*.

### Paradela

**Castro de Rei de Lemos:** Faise feira o día 3 de cada mes.

**Paradela:** Faise feira o día 15 de cada mes. O día 15 de maio celébrase a *Feira de San Isidro*.

### Páramo

**O Páramo:** Faise feira os días 10 e 25 de cada mes. En xuño, o segundo fin de semana, celébrase a *Feira da primavera*.

### Pedrafita do Cebreiro

**Pedrafita do Cebreiro:** Feiras mensuais os días 5 e 21, o 1º domingo de abril celébrase a *Feira do queixo do Cebreiro* (ruta coas Nogais e Triacastela) e o 3º domingo de setembro celébrase un *Certame de gando vacún*.

### Pol

**Mosteiro:** Hai feira o 1º venres de cada mes. O primeiro de maio celébrase a *Festa da troita* e en agosto a *Faragullada*.

### Portomarín

**Portomarín:** Hai feira o día 9 de cada mes e o domingo de Pascua celébrase a *Festa da augardente*.

**Quiroga**

**Quiroga:** Hai feiras os días 10 e 27 de cada mes. En abril, o sábado e domingo de Pascua celébrase a *Feira do viño de Quiroga*, en agosto a *Feira do mel* (durante as festas patronais) e o día 11 de novembro (San Martiño) a *Festa da castaña e do viño*.

**Bendilló:** En febreiro-marzo celébrase a *Feira do aceite*

**Rábade**

**Rábade:** Feiras os días 2 e 22 de cada mes.

**Ribadeo**

**Ribadeo:** Hai mercado os mércores e os domingos no verán e en vacacións.

**Ribadeo:** En agosto, o 1º domingo, faise a *Xira de Santa Cruz*.

**Rinlo:** En agosto celébrase a *Festa do percebe de Rinlo*.

**Remourelle:** Cara a finais de agosto celébrase a *Festa da carne ao caldeiro*.

**Ribas de Sil**

**San Clodio:** Feira o 21 de cada mes. En xuño celébrase a *Festa da cereixa e do aceite*.

**Riotorto**

**Riotorto:** En abril celébrase a *Feira da artesanía do ferro* e cada trimestre hai unha *Feira de produtos de temporada*.

**Augaxosa:** En setembro celébrase a *Feira de gando cabalar*.

**Samos**

**Lóuzara:** No mes de agosto, na Ponte de Lóuzara, celébrase a *Feira de artesanía* e no último fin de semana de outubro celébrase en Paredes a *Festa da castaña*.

**Castroncán:** En novembro, o primeiro fin de semana celébrase a *Festa da casta-*

*ña e cogomelos*.

**Samos:** O primeiro fin de semana de agosto celébrase unha *Feira de artesanía e produtos do país*.

**Sarria**

**Sarria:** Feiras os días 6, 20 e 27. En febreiro celébrase a *Festa do cocido do porco celta*; en maio, polo San Isidro, a *Mostra gandeira* e en agosto a *Festa da empanada*.

**Sober**

**Sober:** Feiras os días 12 e 28 de cada mes. Na primeira quincena de agosto celébrase a *Festa da rosca*.

**Amandi:** En abril, o domingo de Ramos celébrase a *Feira do viño de Amandi*.

**Taboada**

**Taboada:** Feiras os días 4 e 20 de cada mes. O sábado de entroido celébrase a *Festa do caldo de ósos*.

**Castelo:** O 7 de setembro celébrase a *Festa das fachas*.

**Trabada**

**Cadeira:** O día 25 de abril (romaría de San Marcos) celébrase unha *Feira de gando cabalar*.

**Triacastela**

**Triacastela:** Feira o día 28 de cada mes. O primeiro domingo de abril celebra a *Feira do queixo do Cebreiro* (alterna coas Nogais e Pedrafitas do Cebreiro).

**Vilalba**

**Vilalba:** Feira o domingo despois do día 1; os martes, entre o 17 e o 23, hai feirón. Os martes e os venres hai mercado. O primeiro domingo de abril celébrase a *Feira do queixo de San Simón* e o terceiro domingo de decembro a *Feira do capón*.



### Viveiro

**Viveiro:** O día 1 e o terceiro domingo de cada mes hai feira na variante de Verxe-

les. Os luns, xoves e sábado hai mercado na praza maior. En xullo celébrase unha *Feira medieval* e a segunda semana de agosto unha *Feira de artesanía*.

**Galdo:** O segundo domingo de maio celébrase a *Feira das maulas*.

**Candaoso:** O primeiro domingo de xullo celébrase a *Rapa das bestas*.

**Celeiro:** En xullo faise a *Festa da merluza*.

**O Naseiro:** O cuarto domingo de agosto celébrase unha singular festa campestre nas beiras do río Naseiro.

### Xove

**Xove:** Mercado os mércores; polo Xoves Santo celébrase a *Festa do polbo á pedra*.

**Lago:** En maio (próximo ao Día das Letras Galegas) ten lugar a *Feira nacional do cabalo*.

**Penas Agudas:** O día 24 de agosto ten lugar a *Feira de San Bartolo*.

**Saiñas:** En outubro-novembro celébrase a *Festa do lacón*.

## Calendario de feiras e mercados de gando da provincia de Lugo en 2012

CONCELLO	LOCALIDADE	NOME DA FEIRA	DATAS DE CELEBRACIÓN	ESPECIES ASISTENTES	OBSERVACIÓNS
Abadín	Contián	Feira de Contián	1º e 3º sábado de cada mes	VA/OV-CAB/EQUI/PO	
A Fonsagrada	A Fonsagrada	Feira da Fonsagrada	1º e 3º sábado do mes	BOV/PO	
		Feira de San Marcos	25 de abril	BOV	
		Feira de San Xoán	24 de xuño	BOV	
		Concurso-exposición do gando	1º sábado de setembro	BOV	Feira habitual
Alfoz	Alfoz	Feira do cabalo	8 de setembro	EQUI	
Baralla	Baralla	Concentración equino Alfóz	2º sábado de setembro	EQUI	
Becerreá	Becerreá	Feira de Baralla	1 e 18 de cada mes	PO	
Begonte	Pacios	Feira de Becerreá	3 e 19 de cada mes	BOV/OV-CAB/PO/EQUI	
		Feira dos cans de caza. Co-marca dos Ancares	2º domingo xuño	CANS	
Bóveda	Rubián	Feira anual de Pacios	Xullo	EQUI/VA/AV	
Castro de Rei	Castro de Ribeiras de Lea	Feira de Rubián	14 de cada mes	PO	
		Feira de Castro	Todo os mércores e último sábado do mes	VA/EQUI/PO	
		Feira do cabalo	1º sábado de setembro	EQUI	
Castroverde	Castroverde	<i>Equus Luctus</i> pura raza árabe	Xullo	EQUI	
Cervo	Cervo	Feira de Castroverde	Domingos alternos	BOV/PO	
Chantada	Chantada	Feira de Cervo	1º domingo de maio	BOV/EQUI/OV-CAB	Non a houbo todos os anos
Cospetto	Feira do Monte	Feira de Chantada	5 e 21 de cada mes	EQUI/VA/OV/PO	
		Feira do porco da ceba	Novembro	PO	

CONCELLO	LOCALIDADE	NOME DA FEIRA	DATAS DE CELEBRACIÓN	ESPECIES ASISTENTES	OBSERVACIÓNS
Foz	Espiñeira	Feira de Foz-Espiñeira	3º domingo de xuño	EQUI/BOV	
Friol	Friol	Feira de Friol	O primeiro domingo de cada mes	BOV/OV-CAB/PO/EQUI/AV/CO	
Guitiriz	Parga	Feira de Parga	Domingo entre 9-15 e último domingo do mes	PO/OV-CAB/EQUI	
	Os Vilares	Feira dos Vilares	Agosto	EQUI/VA	
Guntín	Grolos	Feira de Grolos	Día 23 de cada mes	PO	
Láncara	A Pobra de San Xíao	Feira da Pobra de San Xíao	Día 2 e 17 de cada mes	PO	
Lourenzá	Lourenzá	Feira de Lourenzá	Días 9 e 28 de cada mes	BOV/PO	
Lugo	Lugo	Expolugo	Coincidindo coas festas de San Froilán	BOV/OV-CAB/PO/EQUI/AV	Feira exposición anual
		As Quendas	1 de maio	EQUI	
Mondoñedo	Mondoñedo	San Lucas	18 de outubro	EQUI	
		Rapa das bestas (Campo do Oso)	Último domingo de xuño	EQUI	
Monforte	Monforte	Feira de Monforte	24 de cada mes	EQU/VA/PO	
Monterroso	Monterroso	Feira de Monterroso	Día 1 de cada mes	BOV/OV-CAB/PO/EQUI/AV/CO	A feira do 1 de novembro é a feira de Santos (anual)
Muras	A Gañidoira	Feira do polidro	Último domingo setembro	EQ/VA	
O Corgo	Adai	Feira de Adai	Día 13 de cada mes	BOV/PO/EQUI	En primavera e en outono celébranse dúas poxas de rubia galega
O Páramo	O Páramo	Feiras e festas da primavera	Sen data concreta (mes de xuño)	BOV/EQUI	Feira anual
O Saviñao	Escairón	Feira de Escairón	8 de cada mes	VA/OV/PO	
	Currelos	Feira de Currelos	26 de cada mes	PO	
Ourot	Bravos	Feira de Bravos	4º domingo de maio	EQUI	

CONCELLO	LOCALIDADE	NOME DA FEIRA	DATAS DE CELEBRACIÓN	ESPECIES ASISTENTES	OBSERVACIÓNS
O Valadouro	Santo Tomé	Rapa Santo Tomé	1º domingo de agosto	EQUI	
	O Valadouro	Concentración do cabalo do Valadouro	Mes de novembro (normalmente o 3º sábado)	EQUI	
	Vilacampa	Feira Vilacampa	O día de Sto. Domingo (4, 5 ou 8 de agosto/depende do ano)	BOV	Sempre o día de San Domingos
Paradela	Paradela	Feira de Paradela	Día 15 de cada mes	BOV	
Pedrafita	Pedrafita	Feira de Pedrafita	5 e 21 de cada mes	BOV/OV-CAB/PO/EQUI	
		Feira de ano	3º domingo setembro	BOV/PO	Exposición
Pol	Pol	Feira do cabalo	Maio	EQUI	
Portomarín	Portomarín	Feira de Portomarín	Día 9 de cada mes	PO	
Rábade	Rábade	Feira de Rábade	2 e 22 de cada mes	PO	
Riotorto	Augaxosa	Feira da Augaxosa	Setembro	EQUI/VA	
Sarria	Sarria	Feira de Sarria	Días 6, 20 e 27 de cada mes	BOV/OV-CAB/PO/EQUI, AV/CO	
Vilalba	Vilalba	Feira e feirón de Vilalba	1º domingo do mes (entre 2-8, feira) e martes entre 17-23, feirón	OV-CAB/PO	
Viveiro	Viveiro	Feira Viveiro	Día 1 (se cadra fin de semana) e terceiro domingo de cada mes	PO	
	Galdo	Feira das maulas	Segundo domingo de maio	EQUI/OV/CAB	
	Boimente	Rapa das bestas	1º domingo de xullo	EQUI	
Xove	Penas Agudas	San Bartolo	24 de agosto	EQUI	
	Lago	Feira de Lago	3º domingo de maio	EQUI	

\* Especies asistentes: BOV: bovino; VA: vacón; OV-CAB: ovino e cabrún; PO: porcino; EQUI: equino; AV: aves; CO: coellos.





# Industria Agroalimentaria



# Industria Agroalimentaria

**A**ta finais do século XIX, deixando a un lado os muíños para a fariña, non existía ningún tipo de industria agroalimentaria.

Foi xa iniciado o século XX cando a industria agroalimentaria fixo a súa aparición na xeografía galega. Aló polos anos vinte o matadoiro de Porriño abre a espita a un desenvolvemento industrial agroalimentario que, aínda que non resulta ser moi potente, foi cubrindo toda a xeografía galega cunha diversidade aceptable, pero cunha repercusión moi inferior á desexable.

Os actuais establecementos elaboradores ou transformadores dos produtos agroalimentarios, e máis concretamente da materia prima autóctona, normalmente teñen pouca capacidade de produción, polo que a súa repercusión comercial, aínda que importante, é limitada.

Malia que as industrias son pequenas e o volume da materia prima transformado non é moito, teñen gran importancia debido a tres aspectos fundamentais:

- a) Van abrindo camiño a novas instalacións e, polo tanto, contribuíndo á formación do tecido industrial.
- b) Axudan a potenciar produtos autóctonos, a manter a produción primaria e a recuperar algún produto perdido ou a piques de desaparecer.
- c) Son un reclamo turístico importante. O feito de estar espalladas por toda a xeografía galega e á súa vez ter diversificada a produción segundo as zonas ten un atractivo especial.

Como a industria transformadora tivo e ten influencia na evolución das feiras ata o punto de cambiar o seu sentido, influír na desaparición de moitas (os matadoiros foron determinantes na desaparición da maior parte das feiras de gando) e axudar o nacemento doutras, consideramos necesario incluír unhas anotacións da industria agroalimentaria e as producións na provincia.

## INDUSTRIA AGROALIMENTARIA NA PROVINCIA DE LUGO DENDE FINAIS DO SÉCULO XVIII ATA PRINCIPIOS DO XX

### COMARCA DOS ANCARES

Pedrafito do Cebreiro, Becerreá, Baralla e As Nogais

#### Século XIX (1845)

Industria agrícola e pecuaria; elaboración de queixo e manteiga; teares para lenzo, estopa e saial; batáns; algún artesán de primeira necesidade; muíños para fariña; algún mazo, ferrerías e unha fundición de ferro (en Doncos) onde se elaboraban caldeiros, ferraduras e ferramentas de labranza; tamén hai dúas fábricas de papel (en Aranza e Barxa).

#### Século XX (1936)

Había máis de 35 muíños para a fariña, unha fábrica de papel, outra de salgaduras e outra de manteigas; tamén abundaba a fabricación artesanal de cestos e zocas.

### COMARCA DE CHANTADA

Chantada, Taboada e Carballedo

#### Século XIX (1845)

Había agricultura, cría de gando, elaboración de queixos e manteiga, infinitos teares para liño, estopa e la; oficios de primeira necesidade: carpinteiros, xastres, ferreiros, zapateiros, telleiros, etc.

#### Século XX (1936)

Había 2 ou 3 fábricas de curtidos, 2 de bebidas gasosas, máis de 4 dúcias de muíños fariñeiros, unha fábrica de tellas, unha fundición de campás e as indispensables chocolaterías, ferreiros, talleres de pirotecnia e outras manufacturas habituais en calquera comarca.

### COMARCA DA FONSGRADA

Baleira, A Fonsagrada e Negueira de Muñíz

#### Século XIX (1845)

Había agricultura e gandería, algúns muíños fariñeiros, unha fábrica de manteiga na Pobra de Burón (imitación das de Flandres), diversos teares, elaboración artesanal de queixo e salgaduras de carne.

#### Século XX (1936)

Muíños de fariña.

### COMARCA DE LUGO

Lugo, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei e Portomarín

#### Século XIX (1845)

A agricultura e a gandería eran as principais industrias; elaborábase queixo e manteiga e salgábase bastante carne de porco. Había unha fábrica de curtidos (en Paradaí) onde se elaboraba solas, coiro e badanas; había varios muíños e aceas, unha fábrica de sombreiros ordinarios e unha de feltros; unha fábrica moi famosa de cremor tártaro; artesáns de varios ramos como son: ebanistas, carpinteiros, toneleiros, ferreiros, armeiros, mestres de obras, albaneis, canteiros, bos xastres, zapateiros, albardeiros, broncistas, prateiros, fabricantes de velas de cera e de sebo, pintores, reloxeiros e outras artes e oficios..., dúas imprentas, ...un gran número de teares caseiros onde se botaban teas de liño e de la e en cuxa elaboración se ocupaban as mulleres; algúns mazos para o ferro.

#### Século XX (1936)

Transcribimos dous comentarios de Meilán (en 1936) sobre a industria na comarca de Lugo. “Na cidade de Lugo créanse multitude de pequenas industrias e talleres que proporcionan aos veciños do máis indispensable, sen necesidade de ter que esperar á celebración das feiras e mercados para adquirilos”. “A industria oleira exércese en estado moi primitivo e soamente en contados pobos. En cambio, en case todo o distrito se fabrican queixos e manteigas que teñen excelente aceptación no mercado”.

A comezos do século XX, na comarca de Lugo había fábricas de electricidade, 2 fábricas de botes, 2 broncistas, 1 fundición de campás, 1 taller de construción de carros, 3 confeitelerías, fábricas de curtidos, 8 de chocolates, 1 de pasta de sopa, 2 de mobles, 1 serra de madeiras, 3 talleres de escultura, 2 de fotografía, 2 fábricas de gasosas, 4 albardeiros, 2 fábricas de fariñas, 12 ferrerías, 6 talleres de lata, 7 imprentas, 2 fábricas de xabón, 3 talleres de pratería, 1 de mármore, 1 de pirotecnia, 9 reloxerías, 2 talleres de confección de roupa branca, numerosas mercerías, talleres de quincalla, zapaterías, etc., 1 fábrica de branqueo de cera e máis de 50 muíños de fariña; 1 taller de pirotecnia en Chamoso, 1 de elaboración de cera en Escoureda e outras manufacturas sen importancia.

### COMARCA DA MARIÑA CENTRAL

Alfoz, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo e O Valadouro

#### Século XIX (1845)

A agricultura e a gandería eran as principais industrias; había varias fábricas de curtidos, teares de la basta e moitos de bo liño, muíños, elaboración de viño, olerías; 1 fundición de campás e 1 fábrica de sombreiros; artesáns ocupados en oficios de primeira necesidade.

#### Século XX (1936)

Máis de 125 muíños de fariña, 1 fábrica de fariñas, 1 forno de cal, algunha ferretería, carpinterías, 4 fábricas de salgado, 2 fábricas de conservas, 1 fábrica de chocolates, 1 taller de pirotecnia, 1 carpintería mecánica, 1 fábrica de serrar madeira, 1 fundición de campás, 2 empresas eléctricas, fábricas de curtidos, de cervexas e gasosas, chocolates e xabón...

### COMARCA DA MARIÑA OCCIDENTAL

Cervo, Ourel, O Vicedo, Viveiro e Xove

#### Século XIX (1845)

A agrícola e a gandería eran as principais ocupacións, pero tamén había máis de 70 teares de lenzo, máis de 50 muíños para a fariña; teares para a estopa, picote e saial; batáns, curtidoiros e salgadasuras; unha fábrica de fundición e louza, fornos de cal e tella; fabricábanse queixos. Carpinteiros, ferreiros e outros oficios de primeira necesidade; tamén había un bo número de barcas de pesca e bastante mariñeiría. Moitos traballadores ían no verán facer a sega aos pobos de Castela.

#### Século XX (1936)

A principios do século XX había 2 fábricas de curtidos en Xunqueira e 1 en Landrove, 2 serras na Misericordia e 1 en Chavín, 1 fábrica de buxías e esteáricos en Río dos Foles, 5 de chocolates en Viveiro, 16 de salgadura de peixe e 2 de conservas (en Celeiro e en Burela), 1 muíño de cortizas en Viveiro, 1 fábrica de xéneros de punto en Chavín, 2 imprentas e 2 fábricas de gasosas en Viveiro; 1 fábrica de automóviles en Chavín. Calafateado e carpintería de ribeira.

### COMARCA DA MARIÑA ORIENTAL

Barreiros, A Pontenova, Ribadeo, Trabada

#### Século XIX (1845)

A agricultura, gandería, muíños para a fariña, batáns, teares caseiros para o liño e a la; unha fábrica de fécula de patacas que se transportaba por mar a Barcelona; unha fábrica de ferro, mazos, algúns ferreiros, carpinteiros, xastres, zapateiros, cerralleiros e oficios de primeira necesidade.

A mariñeiría conta con 12 buques maiores e menores que navegaban os mares do norte, América, Levante, e cabotaxe, ao tempo que 8 lanchas se ocupan da pasaxe e a pesca.

No entanto emigraba a xuventude a buscar mellor fortuna aos pobos de Castela e mesmo ao estranxeiro.

**Século XX (1936)**

Había 1 fábrica de fariñas, 3 almacéns de fertilizantes químicos, 2 fábricas de alpargatas, 2 serradoiros, 2 carpinterías, 6 fábricas de chocolate, 3 ebanisterías, 1 taller de encadernación, 3 ferraxerías, 5 latoerías, 1 imprenta, 1 taller de mármore, 1 taller de pirotecnia, 7 reloxeiras, 5 xasterías, 3 sombreirerías, 6 quincallerías, 8 zapaterías, 2 axentes de aduanas, 1 de negocios, 2 de transportes, 2 casas de banca, 2 consignatarios de buques, 6 carnicerías, 3 droguerías, 4 farmacias, 2 fotógrafos, 3 librerías, 4 comercios de louza e porcelana, 1 de máquinas de coser, 9 médicos, 6 mercerías, 7 talleres de modista, 3 navieiros, 1 papelería, 2 praterías...

**COMARCA DE MEIRA**

Meira, Pol, Ribeira de Piquín e Riotorto

**Século XIX (1845)**

Agrícola e gandería, 1 fábrica de curtidos, máis de 60 muíños, máis de 100 teares, 2 mazos, algo de minería e varios oficios de primeira necesidade.

**Século XX (1936)**

Máis de 30 muíños, ferreiros que fabrican fouciños, navallas e coitelos, de excelente tempero aínda que de rudimentario aspecto; oleiros pero de produción pouco importante.

“Vida industrial case nula: algunha fábrica de sidra de escasa produción, talleres de construción de carros, zocas e nada máis” (Meilán, 1936).

**COMARCA DE QUIROGA**

Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil

**Século XIX (1845)**

Agrícola e pecuaria, teares caseiros e muíños; fábricas de curtidos de peles, ferrerías con gran número de mazos e teares de lenzo e picote.

**Século XX (1936)**

Muíños, algunha que outra fábrica de chocolates, gasosas, cererías, zapaterías...

**COMARCA DE SARRIA**

Sarria, Samos, Láncara, O Incio, O Páramo, Triacastela e Paradela

**Século XIX (1845)**

Agricultura e gandería, teares para o liño e a la, muíños para a fariña, ferrerías e artesáns de primeira necesidade.

**Século XX (1936)**

Un gran número de muíños para a fariña, teares para o liño e a la, mazos, batáns para o burel, elaboración de carbón de xesta, elaboración de queixo; 6 fábricas de curtidos, 2 de chocolates, 2 de gasosas, 1 de galletas, 1 de xabón, 1 forno de biscoitos; varios artesáns de primeira necesidade.

**COMARCA DA TERRA CHÁ**

Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade

**Século XIX (1845)**

Agrícola e pecuaria, teares caseiros para o liño e a la, máis de 50 muíños de fariña; ferreiros, algún carpinteiro, zapateiros e xastres.

**Século XX (1936)**

Había 19 muíños de fariña. Industria fabril e manufactureira escasa: 2 fábricas de curtidos de curta produción, 2 de chocolates, 2 de gasosas, algúns ferreiros, carpinterías... “e non se advirtía gran progreso sobre os tempos de Labrada; entón (en 1804) había en Vilalba 1 fábrica de curtidos de sola e baqueta e 66 teares” (Meilán, 1936).

Fabricábanse zocas (de bidueiro) que se exportaban a toda Galicia: “As zocas de Vilalba lograron tanta fama coma os seus capóns exquisitos ... cóntanse por miles

de pares os que pola época de Nadal son vendidos nas feiras e exportados á capital da provincia e de aquí a toda España como un regalo exquisito e un manxar moi apreciado polos gastronomos” (Meilán, 1936).

### COMARCA DA TERRA DE LEMOS

Sober, O Saviñao, A Pobra do Brollón, Bóveda, Monforte de Lemos

#### Século XIX (1845)

Agricultura e gandería, viñedo, muíños para a fariña, teares para o liño e a la e peneiras con sedas do país; artesáns de primeira necesidade, algúns carpinteiros e ferreiros.

#### Século XX (1936)

Reproducimos o comentario que en 1936 facía Meilán ao respecto da industria en Monforte: “Monforte non é unha poboación industrial nin o seu municipio tampouco, en cambio a súa agricultura sofre sen desdouro o parangón cos pobos que máis presumen dela. O distrito de Monforte pode ofrecer ata un centenar de nomes de colleiteiros de viño ... ademais de un viveiro de cepas americanas para a reconstrución de viñedos. Isto chega para darnos unha idea desta

produción. Tampouco é frouxa a dos cereais. A augardente de viño é unha consecuencia natural do florecemento da viticultura. Polo que á gandería respecta, non desmerece en importancia ás doutras comarcas da provincia, tanto en reses vacúns coma de porcino.” Fabricación de apreciables biscoitos, chocolates, manteigas, pirotecnia e dúas fábricas de gasosas; algún construtor de alambiques, 1 de cerámica ordinaria que funciona con gran éxito en Canabal pola excelencia e a abundancia da súa produción, 1 viveiro de cepas americanas, máis dunha ducia de muíños de fariña, algunha olería, serras de madeira, algún taller de pirotecnia, de ferrería, carpintería...

### COMARCA DA ULLOA

Monterroso, Palas de Rei e Antas de Ulla

#### Século XIX (1845)

Á parte da agricultura e a gandería, había un bo número de muíños fariñeiros, teares para lenzos ordinarios e elaboración de queixos.

#### Século XX (1936)

Máis de 80 muíños de fariña.



## As producións agrarias nas distintas comarcas de Lugo dende finais do século XVIII ata principios do XX

### COMARCA DOS ANCARES

Pedrafitas do Cebreiro, Becerreá, Baralla e As Nogais

#### Século XVIII

Produción agrícola: Centeo, trigo, cebada, aveia, millo, nabos, patacas, liño, legumes, hortalizas, castañas, froitas, pasto e combustibles.

Produción gandeira: Criábase gando vacún, ovino, porcino, cabalar e mular.

Caza: Había caza maior e menor: perdices, paspallás, arceas, lebres, xabaris e corzos. Son moi comúns as aguías e os voitres.

Pesca: Troitas, salmóns, anguías e peixes.

#### Século XIX

As producións eran case as mesmas que no século anterior, agás que desaparece o liño como cultivo importante, aparece o queixo do Cebreiro como produto de gran aceptación e cítase o tráfico mercantil de madeira e a produción de viño.

### COMARCA DA FONSGRADA

Baleira, A Fonsagrada e Negueira de Muñiz

#### Século XVIII

Produción agrícola: Centeo, patacas, *morcajo* (mestura de trigo e centeo), millo, trigo, castañas e legumes; había puntos onde tamén se cultivaban cereais e sementes de todas especies, e tamén abundaban exquisitas froitas, viños branco e tinto, cáñamo, liño, mel e cera; había moito arboredo, o combustible e os pastos.

Produción gandeira: Criábase gando, preferentemente gando vacún, pero tamén ovino, cabrún, porcino e cabalar.

Caza: Había caza maior e menor: osos, xabaris, corzos, lebres e perdices.

Pesca: Troitas, salmóns, anguías e outros peixes.

#### Século XIX

As producións eran as mesmas que no século anterior, pero faise fincapé na excelencia das carnes de vacún que eran moi estimadas tanto dentro coma fóra da provincia. Tamén había referencias ás importantes transaccións de gando porcino nas feiras e mercados.

### COMARCA DE QUIROGA

Folgo do Courel, Quiroga e Ribas de Sil

#### Século XVIII

Produción agrícola: Viño, centeo, patacas, cebada, trigo, millo, legumes, liño, aceite, froita, pastos e moitas castañas. Había arboredo de construción e moito combustible.

Produción gandeira: Gando vacún, porcino e ovino.

Caza: Perdices, coellos e lebres.

Pesca: Troitas, salmóns, anguías e peixes.

#### Século XIX

Non se observan grandes diferenzas co século anterior. Só queremos facer constar “fama lendaria dos seus viños e excelentes aceites”. Viñado, oliveiras, castiñeiros, madeiras, pradeira, froita, augardente, gando vacún, porcino, carnes salgadas.

### COMARCA DE MEIRA

Meira, Pol, Ribeira de Piquín e Riotorto

#### Século XVIII

Produción agrícola: Cereais, patacas, castañas, legumes, liño, viño e froitas.

Produción gandeira: Gando de todas as especies.

Caza: Caza maior e menor.

Pesca: Salmóns, lampreas (no Eo), troitas e outros peixes

### Século XIX

Nese momento (...) a súa principal produción era a agrícola e a gandeira, que se exportaba en gran cantidade ás provincias de Levante.

### COMARCA DA TERRA DE LEMOS

Sober, O Saviñao, A Pobra do Brollón, Bóveda, Monforte de Lemos e Pantón

### Século XVIII

Produción agrícola: Centeo, viño, millo, trigo, cebada, toda clase de legumes, varias hortalizas, liño de boa calidade, nozes, moita castaña e outras froitas; había madeira de construción e bastante combustible; abundaba o bo pasto.

Produción gandeira: Criábase gando vacún, ovino, porcino, cabrún, mular e cabalar. Había seda.

Caza: Perdices e lebres

Pesca: Troitas, anguías e peixes.

### Século XIX

As producións seguían a ser, basicamente, as mesmas, pero exportábase moito gando vacún vivo e porcino salgado. Había un viveiro de cepas americanas para a reconstrución do viñado.

### COMARCA DE CHANTADA

Chantada, Taboada e Carballedo

### Século XVIII

Produción agrícola: Trigo, centeo, millo, patacas, legumes, especialmente fabas e xudías, castañas e outras froitas, liño, hortalizas, cebolas, algún viño, mel e cera. Había madeira de construción e bastante combustible.

Produción gandeira: Gando vacún, cabalar, mular, asnal, porcino, ovino e cabrún.

Caza: Perdices, lebres e coellos.

Pesca: Troitas e anguías

### Século XIX

Non se aprecia variación con respecto ao século anterior, unicamente dicir que a documentación consultada fai referencia expresa á excelencia da froita producida.

### COMARCA DA ULLOA

Monterroso, Palas de Rei e Antas de Ulla

### Século XVIII

Produción agrícola: Centeo de excelente calidade, patacas, algún trigo, millo, moito liño, avea, hortalizas, legumes, castañas e varias froitas.

Produción gandeira: Toda clase de gando, se ben son preferidos o vacún e o cabalar

Caza: Perdices, lebres e coellos.

Pesca: Troitas.

### Século XIX

Produción agrícola: Produción agrícola abundante en centeo, millo e patacas, producindo de todo iso bastante máis do que requirían as necesidades dos veciños.

Produción gandeira: A industria pecuaria atendía principalmente á cría de gando vacún, que se cotizaba a bo prezo nos mercados de Madrid e Barcelona, e á de porcino, que é tamén de excelentes resultados. Ademais exportaba en gran cantidade excelentes queixos, xamóns, ovos e aves.

### COMARCA DE SARRIA

Sarria, Samos, Láncara, O Incio, O Páramo, Triacastela e Paradela

### Século XVIII

Produción agrícola: As máis comúns eran o centeo, algún trigo, moitas patacas, mi-

llo, nabos, castañas, liño, legumes, froitas e pasto. Había algún viño de mala calidade. Abundaban as carballeiras e os soutos

Produción gandeira: Criábase gando vacún e porcino, pero tamén había gando ovino e cabrún.

Caza: Lebres, coellos, perdices e outras aves e, tamén, gamos e corzos.

Pesca: Troitas, anguías e outros peixes.

### Século XIX

Segundo a documentación consultada, as producións seguen a ser as mesmas que no século XVIII, ás que se lles engade carne salgada e ovos. Tamén se cita a gran cantidade de carballeiras e soutos na ladeira monte Oribio onde se criaban corzos e xabarís.

### COMARCA DA TERRA CHÁ

Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade

### Século XVIII

Produción agrícola: As máis comúns eran centeo, moitas patacas, trigo, avea, algún millo, legumes, nabos, hortalizas, froitas,

liño, pastos e algún millo. Algunhas castañas e leña.

Produción gandeira: Gando vacún, cabalar, mular, ovino, porcino e cabrún. Tamén había abellas. Faíse referencia á gran cantidade de gando vacún, cabrún e cabalar que se criaba nos montes públicos.

Caza: Lebres, perdices e tamén xabarís.

Pesca: Troitas e anguías e outros peixes.

### Século XIX

Segundo a documentación consultada, as producións seguen a ser as mesmas que no século anterior, engádese carne salgada e ovos; ademais, faíse especial referencia á demanda de queixo de San Simón (“de fama rexional”).

Portomarin (4)	Ferrado de San Xulián de Rexelle
Portomarin (5)	Ferrado de San Pedro Fiz de Recelle
Portomarin (6)	Ferrado de San Pedro de Rozas
Portomarin (7)	San Pedro de Vilaxuste

## DICIONARIO DAS MEDIDAS ANTIGAS EMPREGADAS EN GALICIA

**ADARME:** Medida de peso. É a dezaseisava parte da onza e equivale a 3 tomíns.

*Cast.:* ADARME (1,7972 g)

*Port.:* ADARME (3.7 g)

**ALBUCIO** ver BUCIO

**ALMUDE:** Medida de capacidade para áridos equivalente a dous ferrados.

*Comentario:*

A Enciclopedia Galega di que é unha medida antiga que equivale ao ferrado nunhas zonas, pero que noutras pode equivaler a 1/2 fanega. Pola súa banda, Sarmiento fala de que «tega, almud, ferrado y celemín, todo era uno, pero no lo creo».

*Variante:* ALMUDRE

*Ver* ALQUEIRO, CELAMÍN, FERRADO e TEGA

*Cast.:* ALMUD (1celemín / 1/2 fanega / 1,76 litros)

*Port.:* ALMUDE (entre 16,5 e 26 litros)

**ALQUEIRO:** 1.- Medida de capacidade para áridos equivalente ao ferrado.

*Comentario:*

En Galicia deberon existir varias unidades de capacidade para grans cunha equivalencia aproximada ao ferrado. De todas estas unidades que convivían, soamente dúas, o ferrado e a tega, conseguiron sobrevivir, influíndo o seu uso tamén na desaparición doutras como o alqueiro.

2.- Medida de superficie de cinco áreas. Equivale ao ferrado

*Comentario:*

Como no caso da medida de capacidade para áridos, o *alqueiro* como medida de superficie está en desuso en Galicia. Soamente se documenta na *Enciclopedia Galega*, cun valor que vai das 4 ás 6 áreas, e en Sarmiento, como equivalente do ferrado.

*Variante:* ALQUEIRE

*Ver* ALMUDE, FERRADO e TEGA

**ARRÁTEL:** 1.- Medida de peso equivalente a 16 onzas.

*Comentario:*

Esta medida debeu ser substituída pola libra castelá que, a diferenza da galega, é de 16 onzas. Só aparece no dicionario de Eladio Rodríguez, coa equivalencia dunha libra de 16 onzas, ou sexa, 1/2 quilo aproximadamente.

*Cast.:* ARRATE (1 libra: 460 gramos)

*Port.:* ARRÁTEL (459 gramos)

2.- Medida de superficie equivalente á cuarta parte do ferrado.

*Comentario:*

Non aparece moi documentada esta medida, pero a súa equivalencia é uniforme nos lugares onde se documenta; o 1/2 tego, é dicir un cuarto ferrado.

*Ver* CARTA e CARTEIRA

**ARROA:** 1.- Medida de peso. É a cuarta parte do quintal e equivale a 25 libras.

*Comentario:*

As súas equivalencias con respecto ao sistema métrico son moi variables en todo o territorio galego e poden ir desde os 11 quilos e medio ata aos 15 quilos aproximadamente.

*Cast.:* ARROBA (11,5 quilogramos)

*Port.:* ARROBA (15 quilogramos)

2.- Medida de capacidade para líquidos. Equivale a unha ola.

*Comentario:*

A arroa, como medida de capacidade para líquidos, fundamentalmente viño, é unha medida moi pouco usada, ao contrario do que ocorre coas equivalentes, a ola e a cántara.

*Variante:* ARROBA

*Ver* OLA e CÁNTARA

*Cast.:* ARROBA (usada fundamentalmente para o aceite). [CÁNTARA 16,13 litros]

**ARROBA** ver ARROA

**AZUME:** Medida de capacidade para líquidos equivalente a catro netos.

*Comentario:*

O Padre Sarmiento documéntaa, xa no século XIII, coa equivalencia dunha «*cuarta de viño*», é dicir. «5 cántaras».

*Cast.:* AZUMBRE (2,16 litros)

**BAÑEIRA:** Medida de peso para o peixe de 23 quilos.

*Comentario:*

Documentada en Rinlo.

**BICADA:** Medida de superficie. Superficie de agro que traballaba nun día de sol, o besadoiro.

*Comentario:*

Tras o descubrimento de América, co millo e a pataca empezouse falar de bicada. Era a superficie de agro que traballaba nun día de sol, o besadoiro, un arado moi grande tirado por 12 parellas de bois (300 cabalos de forza). Cando se concluíu que o besadoiro era máis ben incómodo e non

lograba as colleitas esperadas, deixou de medirse en bicadas.

**BUICIO:** Medida de capacidade para áridos equivalente a dous ou a seis ferrados.

*Comentario:*

Eladio Rodríguez documento cun valor de dous ferrados ou ben de seis, segundo a zona; Sarmiento cun valor de seis ferrados.

*Variante:* ALBUCIO

**CABAZO:** Medida de capacidade para líquidos que equivale a unha cántara ou ola.

*Comentario:*

Debe ser unha medida moi antiga, pois xa aparece documentada por Sarmiento cunha equivalencia aproximada os 16 litros. Eladio Rodríguez especifica que se trata dunha medida utilizada soamente nalgunhas bisbarras da provincia de Ourense.

*Ver* OLA e CÁNTARA

**CANADA:** Medida de capacidade para líquidos, principalmente viño e leite. É a cuarta parte da ola.

*Comentario:*

As equivalencias da canada son moi variadas. Eladio Rodríguez outórgalle unha equivalencia e 2 litros. Constantino García documenta medidas tan dispares como 1, 2, 4 e ata 32 litros. Sarmiento di que o seu valor vai dos 4 aos 24 litros.

*Ver* CUARTILLA

*Cast.:* CAÑADA. COLODRA

*Port.:* CANADA (2 litros)

**CANADO:** Medida de capacidade para líquidos. Equivale a 2 olas ou cántaras.

*Comentario:*

Parece bastante uniforme esta medida en toda Galicia, aínda que pode variar se-

gundo as zonas. A medida máis común é a das dúas olas.

*Cast.:* CAÑADO (37 litros)

**CÁNTARA:** Medida de capacidade para líquidos. Equivale a 1 ola.

*Comentario:*

Esta medida, xunto coa ola, é tal vez a máis uniforme de todo o sistema de pesas e medidas tradicionais, aínda que se poden atopar algunhas pequenas variantes.

*Variante:* CÁNTARO

*Cast.:* CÁNTARA (16,13 litros)

*Port.:* CÁNTARO (1/2 almude, uns 12 litros)

**CANASTRO:** Medida de peso que equivale a tres cuartas partes do quintal.

*Comentario:*

Documentada en San Mamede de Carnota.

**CÁNTARO** ver CÁNTARA

**CARTA:** 1.- Medida de capacidade para grans equivalente á cuarta parte do ferrado.

*Comentario:*

Non está moi documentada esta medida.

2.- Medida de peso que equivale á cuarta parte do arrátel. Contén 4 onzas.

*Port.:* QUARTA (1/4 arrátel; 114,75 gramos)

3.- Medida de capacidade para líquidos. Equivale á cuarta parte do canado, é dicir, media ola.

*Comentario:*

A carta é a medida de capacidade para líquidos que ten un valor máis variable en todo o territorio.

4.- Medida de superficie equivalente á cuarta parte do ferrado.

*Comentario:*

Pouco documentada.

*Variante:* CUARTA

Ver CARTEIRA, CUARTILLA, CUARTA e CANADO

**CARTEIRA:** 1.- Medida de superficie equivalente á cuarta parte do ferrado.

*Comentario:*

Soamente se rexistrou en Viveiro.

*Cast.:* CUARTERA (3600 metros cadrados)

2.- Medida de capacidade para áridos. Equivale á cuarta parte do ferrado.

*Comentario:*

Soamente se documenta esta medida en Oural e Viveiro. O mesmo que ocorre coa carta, a súa medida é a do cuarto de ferrado.

Ver CARTA e CUARTILLA

*Cast.:* CUARTERA (70 litros)

**CARTEIRÓN:** 1.- Medida de capacidade para líquidos. Equivale a medio neto.

2.- Medida de peso que equivale á cuarta parte da libra.

*Variante:* CUARTEIRÓN

*Cast.:* CUARTERÓN (1/4 libra; 115 gramos).

**CAVADURA:** Medida de superficie equivalente ao ferrado.

*Comentario:*

A Enciclopedia Galega fala da cavadura como unha medida utilizada nalgún lugar da provincia de Ourense. Nos lugares

onde se documentan tanto o cuartal coma a cavadura non se documentan nin o ferrado nin a tega.

Ver CUARTAL, FERRADO, TEGA e XORNAL

**CELAMÍN:** Medida de capacidade para áridos equivalente a un ferrado.

*Comentario:*

Esta medida só está documentada na comarca do Incio, aínda que sen equivalencia. Sarmiento di que o celamín era a medida usada no canto do ferrado.

*Variante:* CELEMÍN

Ver FERRADO

*Cast.:* CELEMÍN (4 625 litros)

*Port.:* CELAMÍN (1/6 alqueire)

**CHOUPÍN:** Medida de capacidade para áridos equivalente a tres ferrados.

*Comentario:*

Trátase dunha medida que, aínda que se conserva nalgún punto, é moi pouco usada. A *Enciclopedia Galega* fala do choupín como medida «antiga» equivalente a 1/2 ferrado. O *Glosario...* de Constantino García documenta o choupín en Verín, cunha equivalencia de tres ferrados.

**COPELO:** Medida de superficie equivalente a 1/25 de ferrado.

*Comentario:*

A medida do copelo non é moi uniforme, pode ir desde 1/11 áreas ata o ferrado.

O copelo, que se chegou a usar en case todo Ourense, fai referencia ao “dereito de auga”. Equivale á superficie que é capaz de regar o caudal da levada en determinado tempo, en pleno verán, desde o amencer “ata que o sol proxecta a primeira sombra dos piñeiros”. Da repar-

tación da rega encargábase o levadeiro, elixido democraticamente, que subía ao monte ás dúas da mañá e acompañaba a baixada da auga ata os cultivos abrindo e pechando as comportas.

**CUARTA:** Medida de lonxitude. É a distancia entre o extremo do dedo meimiño e o polgar coa man aberta. Equivale a un cuarto de vara e contén 9 polgadas.

*Comentario:*

Aínda que en Galicia o valor da cuarta anda entre os 20 e os 21 centímetros, a medida dos 21 centímetros é a amplamente maioritaria.

*Cast.:* CUARTA (0,21 metros)

*Port.:* QUARTA (1/4 vara; 0,275 metros)

Ver CARTA

**CUARTAL:** Medida de superficie equivalente a un ferrado.

*Comentario:*

O mesmo que no caso da cavadura, que ten a mesma equivalencia, equipárase ao ferrado. Nos lugares onde se documentan tanto o cuartal coma a cavadura non se documentan nin o ferrado nin a tega.

Ver CAVADURA, FERRADO e TEGA

*Cast.:* CUARTAL (2,38 áreas)

**CUARTEIRÓN** ver CARTEIRÓN

**CUARTILLA:** Medida de capacidade para líquidos. É a cuarta parte da cántara.

*Comentario:*

A capacidade da quartilla é bastante unitaria en todo o territorio galego.

Ver CANADA e CUARTILLO

**CUARTILLO:** 1.- Medida de capacidade para líquidos de aproximadamente medio litro.

*Comentario:*

A medida do cuartillo é practicamente uniforme en toda Galicia.

*Cast.:* CUARTILLO (1/2 litro)

*Port.:* QUARTILHO (1/2 litro)

2.- Medida de superficie. Equivale a 1/24 ferrado

*Comentario:*

Aínda que hai documentacións que lle outorgan ao cuartillo a equivalencia do cuarto ferrado, a medida de 24 cuartillos para o ferrado é maioritaria en todo o territorio galego.

*Ver* NETO e CUARTILLA

**CUNCA:** 1.- Medida de capacidade para áridos equivalente á doceava parte do ferrado.

*Comentario:*

O valor da cunca oscila entre 1/12 e 1/16 ferrado. Sarmiento fala de que o ferrado «de trigo, etc., tiene 12 cuncas y el de maíz 16», mentres que Eladio Rodríguez dálle un valor de 1/12 ferrado. Hai que ter en conta as relacións que garda a cunca de superficie co ferrado, como ocorre tamén cos tegos, tegas e fanegas de capacidade e superficie con respecto aos ferrados destas medidas.

*Variantes:* CONCA, CUNCO

*Ver* FERRADO

2.- Medida de superficie. Equivale o dous cuartillos, e é 1/12 ferrado.

**ESCÁ:** 1.- Medida de capacidade para áridos equivalente a medio ferrado.

*Comentario:*

Documentada esta medida en Calvos.

2.- Medida de superficie. Equivale a 1/2 ferrado.

*Comentario:*

Xunto co tego, son as únicas medidas de superficie co valor de medio ferrado.

*Ver* TEGO

**ESTADAL:** 1.- Medida de lonxitude. Equivale a 4 varas.

*Variantes:* ESTADEL, ESTEDAL

*Cast.:* ESTADAL (4 varas; 3,334 m.)

2.- Medida de superficie de 5 metros cadrados. Equivale á centésima parte do ferrado.

*Comentario:*

Malia a pouca documentación que hai desta medida, o seu valor é o mesmo en todos os puntos, é dicir, a centésima parte do ferrado. É a medida de superficie máis pequena de cantas forman o noso sistema tradicional de pesas e medidas.

*Cast.:* ESTADAL (11,7 m<sup>2</sup>)

**FANEGA:** A fanega é unha unidade de medida histórica, anterior ao establecemento e a implantación do sistema métrico, que se refería tanto a medicións de capacidade ou volume, como a medicións superficiais de leiras do ámbito agrario.

Como medida de superficie, o vocábulo fanega provén do árabe *faddān*, que fai referencia ao que un par de bois poden arar nun día. Xunto á fanega de terra existía a “fanega de puño”, tamén coñecida como “fanega de sembradura”, que é a superficie de solo que se sementaba cunha fanega de trigo. Segundo a calidade da terra, sementábase máis ou menos espeso ou sexa con máis ou menos gran por unidade de superficie. Por ese motivo hai unha gran diferenza entre a superficie da fanega de sembradura de diversas zonas. Ata dentro dun mesmo termo municipal, as terras de veiga cunha boa capacidade de produción

sementábanse utilizando máis semente que no páramo ou o monte.

1.- Medida de superficie. Equivale a 4 ferrados.

*Comentario:*

A fanega é unha medida bastante usada en Galicia. O seu valor pode oscilar entre os catro e os seis ferrados; no entanto a medida dos catro ferrados é, con moito, a maioritaria.

*Cast.:* FANEGA (6 460 m<sup>2</sup>)

2.- Medida de capacidade para áridos equivalente a catro ferrados ou tegas.

*Comentario:*

Os valores da fanega, medida moi estendida por toda Galicia, oscilan entre os catro e os cinco ferrados. No entanto é maioritaria a correspondente aos catro ferrados. Sarmiento xa a documentaba como medida que «vale 4 alqueires o ferrados».

*Cast.:* FANEGA (12 celemines, 55,5 litros)

*Port.:* FANEGA (4 alqueires)

**FERRADO:** 1.- Medida de capacidade para áridos que varía entre os 12 e os 20 quilos, segundo a clase de gran.

*Comentario:*

A medida do ferrado é, xunto coa da tega, a máis utilizada para os áridos. Esta medida, segundo Sarmiento, non se utilizaba en Galicia ata o século XVI, e no seu canto «usábase la tega, celamín, etc.». Sarmiento sinala que esta denominación en principio é adxectivo de «*celamín ferrado*» que por lexicalización do adxectivo pasará a ser a denominación máis común desta medida de áridos.

O ferrado non ten unha medida unitaria en toda Galicia. Á parte disto, os seus valores dependen da clase de árido da que

se trate. A *Gramática Galega* baseada nos datos das enquisas do ALGa propón unhas medidas segundo as cales o “ferrado de centeo” equivalerá a uns 12 quilos; o “ferrado de fabas” a 18 quilos; o “ferrado de millo” 20 quilos e o “ferrado de trigo” a 16 quilos.

Ver ALMUDE, ALQUEIRO. CELAMÍN e TEGA

2.- Medida de superficie.

*Comentario:*

O ferrado de superficie é, sen dúbida, a medida que máis varía dun lugar a outro de todas cantas conforman o noso sistema tradicional de pesas e medidas. A teoría máis estendida é a de que o ferrado mide distinto dependendo da fertilidade da terra. O ferrado ou tega era, en realidade, un recipiente de madeira, orixinalmente pode que con ángulos de ferro, que medía o gran co que o campesiño tributaba aos seus señores. Cabían entre 12 e 20 quilos, dependendo do tamaño do caixón (os máis pequenos, metade dun ferrado, chamábanse escás ou tegos) e o que contiña era trigo, centeo, millo ou algún tipo de legume.

Ferrado ou tega, por extensión, empezouse a chamar á superficie de terreo necesario para sementar o cereal que cabía no recipiente. Nunha leira boa sementaríase máis xunto que nunha leira mala, e entón a área do ferrado sería máis pequena na leira mellor. E aínda que o certo é que dúas leiras veciñas poden ser de calidade moi distinta, as medidas fóronse estandarizando dentro dos señoríos.

A finais do XIX impúxose o sistema métrico decimal, pero no rural seguiu-se e aínda se segue falando de ferrados ou de copelos. Hoxe, que a división é municipal, seguen perdurando diferenzas entre as parroquias. E entre os concellos moitas veces son abismais. Hai, en 315 municipios, 54 tallas diferentes de ferrado. Ás veces repítese a

mesma cifra en lugares moi distantes (Sada ou Guntín, 436 metros cadrados; As Neves, Sarria, Castro de Rei ou Catoira, 629) e hai termos limítrofes que non teñen nada que ver (Marín, 472; Pontevedra, 629; Soutomaior, 64).

O normal é que ande entre os 400 e os 600 metros cadrados, pero se en Soutomaior mide 64, en Redondela o ferrado está en 69; e en Fornelos de Montes e Pazos de Borbén, en 74. Na outra punta da táboa, en Portomarín, mide 671; en Alfoz, Baleira, O Valadouro, Barreiros ou Foz, 714; e en Xove e Cervo, 725; e xa no extremo, Aviión cun ferrado de 1.677 metros cadrados.

**FURCO:** Medida de lonxitude. Distancia que hai entre os extremos dos dedos indicador e polgar estendidos. É a sexta parte da vara.

*Variante:* FORCO

*Ver* VARA

*Cast.:* SESMA ou SEXMA  
(1/6 vara)

*Port.:* FURCO (3/4 palmo; 0,165 metros)

**LEGUA:** É unha medida itineraria (do latín, *iter*: camiño, período de marcha). A súa orixe está na distancia que unha persoa, a pé, ou a cabalo, pode percorrer durante unha hora. Dado que unha persoa percorre normalmente a pé unha gama de distancias, a legua mantense nesa gama, pero segundo o tipo de terreo predominante en cada país ou segundo a conveniencia estatal, a palabra legua abrangue distancias que van dos 4 aos 7 km, sendo



as máis frecuentes as leguas que se atopan na media de tales extremos.

*Cast.:* LEGUA (5,572 km)

*Port.:* LEGUA (5 km)

**LEGUA MARIÑA:** Medida de lonxitude marítima equivalente a 3 millas mariñas.

*Cast.:* LEGUA MARÍTIMA (5,556 km)

**LIBRA:** Medida de peso. Centésima parte do quintal que contén 20 onzas.

*Comentario:*

Aínda que as equivalencias da libra xiran todas ao redor do medio quilo, hai moita variedade debido á confusión entre a libra castelá, de 16 onzas, e a libra galega, de 20.

*Cast.:* LIBRA (16 onzas; 460 gramos)

*Port.:* LIBRA (1 arrátel; 459 gramos)

**LIBRA CASTELÁ** ver ARRÁTEL e LIBRA

**LIBRA GALEGA** ver LIBRA

**LIÑA:** Medida de lonxitude equivalente á doceava parte da polgada, que contén 12 puntos.

Ver PUNTO

*Cast.:* LÍNEA (1/12 polgada)

**MAQUÍA:** Medida de capacidade para áridos equivalente á sexta parte do ferrado.

*Comentario:*

As enquisas do *ALGa* documentan esta medida en catro puntos, con certa variación, entre 1/4 e 1/6 ferrado, sendo esta última equivalencia a maioritaria.

*Cast.:* MAQUILA (1/2 celemín)

*Port.:* MAQUIA (2 celamíns)

**MARDIA:** Medida de lonxitude de 4 cuartas.

*Comentario:*

Só aparece rexistrada en Louro, trátase dunha medida equivalente á vara -que non aparece rexistrada neste punto- pero absolutamente minoritaria.

**MILLA:** Unidade de lonxitude que non forma parte do sistema métrico decimal. De orixe moi antiga, foi herdada da antiga Roma e equivalía á distancia percorrida con mil pasos, sendo un paso a lonxitude avanzada por un pé ao camiñar o dobre que o que agora se consideraría un paso. Na antiga Roma equivalía á distancia percorrida con mil pasos (en latín: *mille passus*, plural: *milia passuum*); para os romanos un paso equivalía a dous pasos dos actuais, posto que consideraban a zancada como ciclo completo: distancia percorrida por un dos pés logo de apoiarse no pé contrario. A milla romana medía uns 1.480 m e xa que logo un paso simple era duns 74 cm. Como herdanza romana (antes de establecerse o sistema métrico) a milla foi unha das principais medidas de lonxitude no mundo occidental (aínda que a súa lonxitude difería dun país a outro). Coa introdución do sistema métrico, os países latinos e outros moitos comezaron a usar o metro e os seus múltiplos para medir as distancias terrestres, e actualmente utilízase en todo o mundo, excepto nos países anglosaxóns e os do seu ámbito de influencia, onde aínda utilizan a milla (aínda que oficialmente xa se está implantando o sistema internacional). Corresponde a 1/4 legua.

Ver MILLA MARIÑA

*Cast.:* MILLA (1.375 metros)

*Port.:* MILHA (1.000 pasos)

**MILLA MARIÑA:** Medida itineraria de 1.852 metros usada polos mariñeiros. É a terceira parte da legua mariña.

*Cast.:* MILLA (1/3 legua; 1.852 m)

*Port.:* MILHA MARITIMA (1.852 m)

**MOIO:** Medida de capacidade para líquidos equivalente a 8 olas.

*Comentario:*

A capacidade do moio é totalmente uniforme en toda Galicia.

**NETO:** Medida de capacidade para líquidos. Contén dous cuarteiróns.

*Comentario:*

É unha medida uniforme en Galicia, aínda que nalgún punto illado a podemos atopar cunha capacidade dobre.

Ver CUARTILLO

**OLA:** Medida de capacidade para líquidos. Equivale á cántara.

Ver CÁNTARA

**ONZA:** Medida de peso. Equivale á deza-seisava parte do arrátel e vixésima parte da libra, equivalente a 16 adarmes.

*Comentario:*

A variedade de equivalencias é moi grande. Mentres na *Enciclopedia Galega* e no dicionario de Eladio Rodríguez aparece coa mesma equivalencia que a libra castelá (28,76 gramos), e segundo os Dicionarios *Ir Indo* e o *Xerais* ten 28,69 e 28,3 gramos respectivamente, o *Glosario... de Constantino García* indica unha equivalencia que oscila entre os 28 e os 30 gramos. Segundo os datos das enquisas do *ALGa* a equivalencia maioritaria é a de 28,57 gramos. Aínda que pode ir desde os 5 ata os 57 gramos.

Ver LIBRA e QUINTAL

*Cast.:* ONZA  
(16 adarmes; 28,76 gramos)

*Port.:* ONÇA

(1/16 arrátel; 29,69 gramos)

**OTARIA:** Medida de superficie que equivale a 4 fanegas.

*Comentario:*

Non ten apenas uso esta medida, pois soamente se documentou en Ouselle (Lugo).

**PALMO:** Medida de lonxitude. Distancia dende o dedo meimiño ao polgar. Equivale a 1 cuarta e, polo tanto, á cuarta parte da vara.

*Comentario:*

Con ser a mesma medida que a cuarta, o palmo está moito menos estendido en Galicia.

Ver CUARTA

*Cast.:* PALMO (0,21 metros)

*Port.:* PALMO (0,22 metros)

**PASO:** Medida de lonxitude que corresponde ao espazo comprendido entre o calcañar do pé adiantado e o que queda atrás.

*Comentario:*

O paso non ten unha equivalencia fixa con respecto ao sistema métrico. Ora ben, se se ten en conta que a milla contiña 1.000 pasos, e que tiña unha equivalencia de 1.375 metros, pode deducirse que o paso equivalería a 1,375 metros.

Ver MILLA

*Cast.:* PASO

*Port.:* PASSO

**PÉ** ou **TERCIA:** O pé é unha unidade de lonxitude de orixe natural (baseada no pé humano), xa utilizada polas civilizacións antigas. O “*pé romano*”, ou *pés*, equivalía (como media) a 29,57 cm; o “*pé carolingio*” (ou anteriormente denominado *pé drusiano* ou *drúsico* [*pes drusianus*]) equivalía a nove

oitavos do romano, isto é, aproximadamente 33,27 cm; e o “*pé castelán*” equivalía a 27,86 cm. Actualmente o pé foi substituído en case todo o mundo polas unidades do Sistema Internacional (SI), salvo no uso corrente nalgúns países anglosaxóns. É tamén a unidade de medida empregada en aeronáutica para facer referencia á altitude. O pé ten como submúltiplos a polgada (1/12 pés) e como múltiplos a vara (3 pés) e a legua (20.000 pés).

*Comentario:*

Os diversos dicionarios galegos dan diferentes equivalencias para o pé, aínda que todas elas xiran ao redor dos 30 centímetros. Non debe ser, de calquera xeito, unha medida moi empregada, e son moi poucos os puntos do *ALGa* onde se documenta; iso se coinciden todos eles nunha equivalencia con 12 polgadas.

Ver POLGADA

*Cast.:* PIE (28cm; 12 polgadas)

*Port.:* PÉ (30,479 cm)

140

**POLGADA:** A polgada é unha unidade de lonxitude antropométrica que equivale á lonxitude dun polgar dobrado, e máis especificamente á súa primeira falanxe. Equivale á novena parte da cuarta.

Ver CUARTA

*Cast.:* PULGADA (2,3 centímetros)

*Port.:* POLEGADA (2,54 centímetros)

**PUNTO:** Medida de lonxitude equivalente á doceava parte da liña.

*Cast.:* PUNTO (1/12 liña).

**QUINTAL:** Medida de peso que contén 100 libras.

*Comentario:*

Os dicionarios, ou ben indican soamente que equivale a 4 arroas, ou ben lle dan a

mesma equivalencia co quintal castelá (46 quilos).

*Cast.:* QUINTAL (46 kg)

*Port.:* QUINTAL (60 kg)

**RAPADA:** Medida de capacidade para áridos. Equivale a dous ferrados.

**ROLLA:** Medida de lonxitude equivalente a 3 varas.

*Comentario:*

A única documentación desta medida é a localizada en Ferreira do Valadouro cun valor de 2,5 metros.

Ver VARA

**RUMBEIRO:** Medida de superficie. Equivale a 40 varas cadradas.

*Comentario:*

Empregábase na zona setentrional das provincias da Coruña e Lugo para medir a lousa destinada a cubrir os edificios

**TEGA:** 1.- Medida de superficie que equivale a un ferrado.

*Comentario:*

O seu valor é practicamente uniforme en toda Galicia.

Ver ESCÁ

2.- Medida de capacidade para áridos equivalente ao ferrado.

*Comentario:*

Xunto ao ferrado, esta é a medida de capacidade para grans de maior extensión, aínda que o seu uso é máis reducido que o do ferrado.

Ver FERRADO

**TEGO:** 1.- Medida de capacidade para áridos equivalente a media tega ou ferrado.

Ver FERRADO e TEGA

2.- Medida de superficie de 250 metros cadrados. Equivale a medio ferrado.

**TOMÍN:** Medida de peso equivalente á terceira parte dun adarme.

*Comentario:*

Só aparece documentada en San Andrés de Loboso. Tamén a rexistra C. García no *Glosario ...* cunha equivalencia de aproximadamente medio gramo.

*Cast.:* TOMÍN (596 miligramos)

**VARA:** Polo seu nome fai referencia a un obxecto de madeira ou pau empregado como medida. A vara era unha unidade de lonxitude que equivalía, xeralmente, a 3 pés ou a 4 cuartas ou a 36 polgadas (na provincia de Ourense había varas de 4 e de 6 palmos). Dado que a lonxitude do pé, ou do palmo, variaba, a lonxitude da vara oscilaba nos distintos territorios, entre 0,836 metros da vara de Viveiro e os 1,066 metros da vara de Quiroga ou a de Ourense de 6 palmos que medía 1,254 metros.

*Comentario:*

En Redondela dicían que era a altura dun home co brazo levantado. En zonas de cultivos téxtiles a vara era moi usada e equivalía a 1,24 metros.

Todos os datos coinciden na medida das 4 cuartas. Hai tamén varas de 10 e de 12

cuartas -que serían equivalentes á rolla-. Documentábase tamén a “vara de urdideira” en dous puntos; nun deles co valor de 6 palmos e no outro co valor de 12 palmos, é dicir, equivalente á rolla. Tamén nun punto aparece a vara de nove cuartas coa equivalencia que o seu propio nome indica.

En Carnota tamén se empregaba como medida de superficie.

*Cast.:* VARA (0,8359 metros)

*Port.:* VARA (1,1 metros)

**VARAL:** Medida de lonxitude que contén 4 cuartas.

*Comentario:*

Documentábase soamente en Aranga co valor de 4 cuartas. Tamén no mesmo punto se documenta a vara co mesmo valor.

Ver VARA

**XORNAL:** Medida de superficie que equivale a media tega ou a un tego.

*Comentario:*

O xornal, o mesmo que a cavadura, é unha medida de superficie para as viñas, e a súa orixe está tamén na superficie que cava un home nunha xeira. A cita que se posúe desta medida pertence a Córrego de Valdeorras, na que o xornal equivale a media tega.







# Descubrir Lugo



**Descubrir Lugo**

**L**ugo é unha provincia eminentemente agraria e por ese motivo as industrias que posúe son basicamente agroalimentarias, como non podía ser doutra maneira. Nesta provincia o medio rural e a industria ligada a este son uns dos motores creadores da riqueza que permiten que a poboación en xeral poida ter servizos e acadar un nivel de vida acorde cos países occidentais, aspectos que son descoñecidos por unha parte importante da poboación.

Outro motor que pesa no bo desenvolvemento dun país é o turismo, sobre todo se é de calidade. Sábese estatisticamente que o turismo xógase entre catro ou cinco factores básicos: prezos, paisaxe, arte, clima e gastronomía; precisamente é a gastronomía o alicerce esencial para un 80-90% do turismo de calidade, razón pola que debemos mimala, de xeito que cree o ambiente necesario para atraer a este tipo de visitantes.

O complexo agroalimentario na provincia de Lugo, por asentarse en pequenas industrias e na artesanía e por estar ademais espallado por toda a xeografía provincial, pode resultar ser un bo atractivo para o turista. Se a esta circunstancia lle engadimos a diversidade de paisaxes e a evolución destas coas estacións,

dispoñeremos dun entreter axeitado para calquera visitante ao longo de todo o ano.

O número de feiras e mercados que en toda Galicia experimentou un incremento substancial entre os séculos XVIII e XX, na actualidade está a sufrir un retroceso importante ata o punto que nalgúns lugares a data da feira sostense exclusivamente pola súa natureza gastronómica, grazas a que asisten polbeiras que nesa data congregan a comensais que dan vida e eses lugares unha ou dúas veces ao mes para darse unha enchenta do cefalópodo; produto que ten os seus adictos acérrimos, e que ademais é o produto típico do noso país.

Calquera día do ano é bo para facer unha ruta turística ou para lembrar vellos tempos aproveitando a celebración dunha feira ou un mercado, e dada a abundancia de industrias e microindustrias agroalimentarias espalladas por toda a xeografía, pode ser unha boa ocasión para visitalas e mercar produtos típicos da zona. Como existen produtos, arte, paisaxe e gastronomía, propoñemos facer rutas temáticas baseadas na industria agroalimentaria como, por exemplo, a dos viños, a dos queixos, a dos embutidos, a do mel, a da agardente, a do xamón, etc.

É interesante que a xente coñeza a existencia da industria agroalimentaria, tanto dende o aspecto cultural como pragmático. Se a analizamos desde a óptica cultural resulta interesante porque nos vai permitir que sexamos uns consumidores máis especiais e defensores das nosas producións. Se a ollamos dun xeito pragmático tamén é importante porque animará a xente con iniciativa a entrar no círculo dos emprendedores e, en definitiva, colaborará á consecución dun futuro mellor.

## Os ANCARES

### Gastronomía

A gastronomía nos Ancares está formada principalmente por produtos procedentes da matanza do porco: lacón, botelo ou androlla, roxóns e chourizos. Troitas, mel, filloas, castañas, noces, empanada, produtos de caza e como denominación de orixe o queixo do Cebreiro.

### Que visitar

#### *Patrimonio natural*

Lugares de importancia comunitaria (LIC): Os Ancares, Cruzul-Agüeira.

#### *Arquitectura relixiosa*

**Pedrafita do Cebreiro:** Capela de San Xoán, igrexa parroquial de San Lorenzo de Pacios, igrexa parroquial de San Xoán de Padornelo, igrexa parroquial de Santo Estevo de Liñares, santuario de Santa María A Real do Cebreiro, igrexa parroquial de San Xoán de Fonfría.

**Becerreá:** Igrexa de Santa María de Penamaior, igrexa de San Cosme de Ouselle.

**Baralla:** Igrexa parroquial de San Martín de Neira de Rei, igrexa parroquial de Santa María de Pacios, igrexa parroquial de Santiago de Covas.

**As Nogais:** Igrexa parroquial de Santo André.

#### *Arquitectura civil*

**Navia de Suarna:** Ponte vella, castelo da Proba.

**Cervantes:** Castelo de Doiras, pazo de Quindous, pazo de Vilar de Donís.

**Baralla:** Pazo de Aranza, pazo de Espiña, torre de Piñeira, casa-torre de Basille, pazo de Vilameixide, ponte de Covas.

**As Nogais:** Pazo de Doncos, pazo de Noceda, torre de Doncos.

#### *Arquitectura popular*

Castro de Cervantes, hórreos de Piornedo, pallozas do Cebreiro, pallozas do Piornedo.

#### *Arquitectura actual*

Centro de control de túneles en Pedrafita

#### *Arquivos e bibliotecas*

Biblioteca Pública Municipal das Nogais, Biblioteca Pública Municipal de Becerreá, Biblioteca Pública Municipal de Navia de Suarna, Biblioteca Pública Municipal de Baralla, Biblioteca Pública Municipal de Cervantes, Centro de Servizos Sociais de Becerreá.

#### *Parques etnográficos*

**Pedrafita do Cebreiro:** Conxunto etnográfico do Cebreiro.

**Cervantes:** Palloza-museo Casa do Sesto.

### Que facer

#### *Rutas turísticas*

**Serra dos Ancares.** É un dos lugares de Galicia que máis sorprende pola súa beleza, pola súa paisaxe e pola súa biodiversidade. Está situada no leste da provincia de Lugo, na fronteira coas comunidades veciñas de Castela e León e Asturias. Ao longo das súas 12.775 hectáreas unha infinita rede de carreiros cruza profundos vales e ascende ata cumios de 2.000 metros de altura. No inverno, esta zona permanece cuberta pola neve. Coa chegada da primavera, as augas do desxeo flúen desde os cumios ata as zonas baixas,

dando vida a numerosos regatos e pequenas fervenzas. Ata final do verán, a montaña alcanza todo o seu esplendor. En outono o manto vexetal adquire tons encarnados.

## A FONSGRADA

### Gastronomía

Debe destacarse o botelo, un tipo especial de embutido tradicional desta zona. Hai que subliñar a aparición de produtos cárnicos derivados do Porco Celta. Outros produtos típicos son as castañas, os cogomelos, as patacas, o cocido a base de grelos e carne de cocho, os freixós e os pratos elaborados a base de caza maior e especies fluviais.

En canto aos doces citar: o pastel da Fonsagrada (típico da zona, elaborado con améndoa e crema pasteleira) e en Semana Santa a típica rosca do Campelo (elaborada con manteiga, fariña de trigo...). O mel da Fonsagrada goza dun recoñecido prestixio.

### Que visitar

#### *Patrimonio natural*

**Baleira:** Fraga da Marronda, área da Cortevella, área de recreo nacemento do río Neira, área nacemento do río Eo, área de recreo O Cádavo.

**A Fonsagrada:** As Seimeiras de Queixoiro e de Vilagocende, os teixos milenarios de Carballido, A Fraga de Carballido (fraga autóctona protexida), A Fraga de San Xes Logares, O Carballal das Veigas (fraga autóctona de carballos) en Allonca, Encoro de Salime, Alto de Pedras Apañadas (1200 m) no Acebo, Alto do Muradal (1111 m), Serra do Hospital de Montouto (1102 m).

#### *Arquitectura relixiosa*

**Baleira:** Igrexas: Santiago de San Martín, Santiago de Corneas, San Miguel da Braña, San Pedro de Esperela, Sta. María de Librán, Santiago de Fontaneira, Santiago

de Cubilledo, San Lourenzo de Pousada, Sta. María de Fonte, Sta. M<sup>a</sup> Magdalena de Retizós, San Xoán de Lastra. Capelas: Abrairas, Castrelo, San Ramón do Trabeiro, Sta. Bárbara, Vilauriz, de Castro, Cabreira, San Bernabé, San Miguel de Vilar dos Adrios, Sta. María da Pasada, Vilarín, de Xestoso.

**A Fonsagrada:** Igrexas románicas: Lamas de Moreira, Vilabol de Suarna, A Pobra de Burón.

Capela de Veiga, capela de San Xosé, igrexa de San Andrés.

#### *Arquitectura civil*

**A Fonsagrada:** Hospital de Fonfría, pazo de San Martiño, castelo da Fortaleza-Torre de Burón, hospital de Montouto. Mazo da Porteliña, “A Fábrica” (restos de antigos fornos de fundición férrea) na Fornaza, antigo mazo de laminación férrea (ruínas) na Ferrería-Vilar da Cuiña, antigos muíños de auga en Lamas de Moreira, Vilaframil e en San Pedro de Neiro.

#### *Arquitectura popular*

**Baleira:** Lugares da Cortevella, Alvaredo, Forneas, O Trabeiro, Vilar de Adrios, A Pasada, Antigullas e Murias.

**A Fonsagrada:** Palloza de Paradavella, lugar de Veiga de Arroxo, hórreo de Lamas de Moreira, palloza da Pobra de Burón.

#### *Arquivos e bibliotecas*

Biblioteca Auxiliar do Museo Comarcal da Fonsagrada, Biblioteca Pública Municipal de Baleira, Biblioteca Pública Municipal da Fonsagrada.

#### *Museos*

Museo Comarcal da Fonsagrada.

#### *Recursos arqueolóxicos*

**A Fonsagrada:** Monumentos megalíticos: máis de cen mámoas, varios dolmens, algúns en bo estado de conservación e 84 asentamentos castrexos.

## Que facer

Ruta do camiño primitivo de peregrinación a Santiago.

**Baleira:** Ruta da Marronda, ruta das áreas de recreo, ruta dos castros, ruta das igrexas.

**A Fonsagrada:** Hai 6 rutas estruturadas e sinalizadas, doadas de facer, incluso a cabalo ou en bicicleta. Hai outras zonas de interese, para expertos sendeiristas, como o camiño da Fonsagrada a San Antolín de Ibias a carón do río Lamas-Navia, “feito a man” polo ano 1940 pero sen rematar. Así como diversos camiños en zonas agrestes e boscosas como Carballido, Monteseiro, Santestebo, etc.

## QUIROGA

### Gastronomía

A gastronomía desta zona é rica en derivados do porco, en caza (xabaril, corzo...), produtos da horta, troitas, anguías, doces (roscón, torta de noces, etc). Merece unha mención a panadaría que existe na localidade onde se segue facendo o pan e as empanadas nun forno de leña. Tamén hai que destacar que esta zona é rica en produción de mel, aceite e cereixas. Pode degustarse calquera prato acompañándoo de viños da Ribeira Sacra e de variados licores caseiros.

## Que visitar

### Patrimonio natural

**Folgo do Courel:** A Serra do Courel é unha paraxe natural de incalculable beleza. Os seus cumios máis altos son Formigueiros, Montouto e Pía Paxaro, montañas moi apropiadas para realizar rutas de sendeirismo e gozar da natureza no seu estado máis agreste e vivo. A capa vexetal do lugar é moi abundante e rica. Os vales están rodeados de montes de castiñeiros.

As aldeas da serra, localidades pequenas con casas de lousa, que nalgunhas ocasións comparten os pórticos, están cheas de

encanto. Nesta serra aínda se poden visitar varias pallozas. No Courel destacan tamén devesas como a da Rogueira, unha reserva botánica das máis fermosas e ricas de Galicia.

**Espeleoloxía:** Sima de Ardelas, cova de Tralacosta, cova da Ceza, buracada das Choias, cova do Oso, cova de Teixeira.

**Quiroga:** Áreas de recreo: Chopeira de Montefurado, Bendilló, Soldón, A Conchada, Conceado, campo da festa da Hermida, Augasmestas, paseos fluviais do Sil e de Quiroga. Miradoiros: Bendilló, A Conchada, Alto do Boi (1.061 m), Pico do Pía Páxaro (1.616 m), Bustelo, Formigueiros (1.639 m) e Campodaola (sobre o pregamento xeolóxico).

**Ribas do Sil:** O canón do Sil que exerce de fronteira natural entre as provincias de Ourense e Lugo, entre Ponte do Sil ou Ponte Abaleda e San Estevo do Sil, é un sector impresionante deste río. Os fortes desniveis, as diferenzas climatolóxicas entre as ladeiras de solaina (clima mediterráneo) e as de avesío (clima atlántico) e a intervención do home ao longo dos séculos propiciaron que os canóns do Sil sexa un mosaico vexetal e paisaxístico de singular beleza.

**Praia fluvial de San Clodio.** Ten unha ampla zona de baño e dispón dun anfiteatro onde se realizan actividades socioculturais ao longo do ano.

### Arquitectura relixiosa

**Folgo do Courel:** Igrexas: S. Vicente de Vilamor, San Pedro de Esperante. Capela de San Roque.

**Quiroga:** *Igrexas:* Pacios de Mondelo, San Miguel de Montefurado, Sta. María de Hermida, San Lourenzo de Nocedo, San Xoán de Hospital, Sta. Isabel de Enciñeira. *Capelas:* Sesmil.

**Ribas do Sil:** Igrexas: San Clodio de Ribas de Sil, Sta. M<sup>a</sup> de Torbeo.

*Arquitectura civil*

**Folgo do Courel:** Castelo de San Roque.

**Quiroga:** Casa grande de Rodela, pazo de Lamela, túnel de Montefurado, castelo dos Novais, pazo da ponte de Rodela.

**Ribas de Sil:** Restos do priorato de San Clodio, pazo do Batanero, ponte de ferro de San Clodio.

*Arquitectura popular*

**Folgo do Courel:** *Castros:* Torre, Vilar, Miraz, Torexe, etc. *Lugares:* Céramo, Parada, Forxán, Vilamor. *Muíños:* en Visuña.

*Arquivos e bibliotecas*

**Quiroga:** Biblioteca Pública Municipal de Quiroga.

**Ribas de Sil:** Axencia de lectura municipal.

*Museos*

**Folgo do Courel:** Museo Etnográfico en Vilar.

**Quiroga:** Museo Etnográfico Municipal de Quiroga.

**Que facer**

Camiño sur a Santiago ou camiño do inverno, ruta do ouro.

**Folgo do Courel:** Devesa da Rogueira.

**Quiroga:** Ruta da encomenda, ruta do mel e do aceite e ruta da natureza.

**Ribas do Sil:** Ruta da Cubela.

**MEIRA****Gastronomía**

A humidade da zona propicia a preparación de pratos quentes e caldosos posto que as temperaturas nunca son moi elevadas. Pratos de alto valor calórico para incrementar a combustión interna producindo unha importante fonte de calor. Como exemplo destes pratos, tradicionalmente preparados, podemos destacar o caldo, ben de verzas, de repolo ou de nabizas; igualmente importante son os potaxes, guisos, sopas, xudías con xamón, guarnicións de verduras, carnes á xardineira, os callos, o churrasco, os embutidos, o xamón, as filloas, a sopa de cocido, etc.

Sen dúbida, o produto estrela nesta zona é o pan. Varias son as panaderías que o saben fa-



cer e proporcionánnos diferentes variedades de pan, masa e empanadas. Sen dúbida, a de máis éxito é a empanada de mazá e a de touciño entrefrebado ou bola de liscos. Un dos alimentos que goza de gran aceptación son os “boliños” elaborados con masa de pan.

## Que visitar

### *Patrimonio natural*

Reserva da biosfera Terras do Miño.

**Meira:** Áreas recreativas: Porta da Pena, Profesor Río Barja, O Pedregal (nacemento do río Miño).

**Pol:** Áreas recreativas: As neves, Mosteiro, Rioxuán.

**Riotorto:** Áreas recreativas: O Mazo.

### *Arquitectura relixiosa*

**Meira:** *Igrexas:* Mosteiro de Sta. María de Meira (século XIII). *Capelas:* San Isidro de Paredes (século XIX), San Pedro de Vilar de Mouros, Nosa Señora das Dores de Paderne e San Roque.

**Pol:** *Igrexas:* San Martín de Caraño, Sta. María de Valonga, San Bartolomeu de Lea, Sta. María de Cirio, San Martiño de Lúa.

**Ribeira de Piquín:** *Igrexas:* San Xoán de Baos, San Xurxo de Piquín, Santa Baia de Piquín. *Capelas:* Capela de San Blas. San Xurxo de Piquín...

**Riotorto:** *Igrexas:* da Hermida, Sagrado Corazón de San Pedro de Riotorto, San Lourenzo de Muxeira. *Capelas:* Veiga, Santiago, San Roque e San Bernardo, Lourido.

### *Arquitectura civil*

**Meira:** Concello de Meira.

**Pol:** Casa de Pousadela, Casa Grande de Enriba, Casa do Avogado, Casa Grande de Fondón.

**Riotorto:** Casa da Pizca.

### *Arquitectura popular*

**Meira:** *Castros:* Pumarín. *Dolmens:* Cortello da Vella. *Medorras:* Paredes, San Martiño de Lúa, San Martiño e Monte de Piñeiro. *Pazos:* Casa Mosteiral de Meira.

**Pol:** Lugar de Lúa.

**Ribeira de Piquín:** *Castros:* Teixeira, Navallos, Cabeceira, Piquín. *Medorras:* Chao de Vidueira, Oubiaño. *Necrópole romana* de Piquín-Navallos. *Minas* de Montefurado en Navallos. *Lugares:* Barcia, Esqueira, Santalla.

**Riotorto:** *Lugares:* A Orrea, Espasande.

### *Arquivos e bibliotecas*

**Meira:** Biblioteca Pública Municipal.

**Pol:** Biblioteca Pública Municipal.

**Riotorto:** Biblioteca Pública Municipal.

### *Recursos arqueolóxicos*

**Pol:** *Mámoas:* nas parroquias de Valonga, Lúa, Arcos, Ferreiros, Mosteiro, Carraz. *Castros* de Torneiros, Brea (en Caraño), Rois (en Cirio), Trasín (en Luaces), Castro de Hermunde (en Hermunde) e Andiñón (en Silva).

**Ribeira de Piquín:** *Mámoas* de Baos. *Castros* de Teixeira, Cabaceira (Piquín) e o Pico do Castro en Navallos.

**Riotorto:** *Castro* da Croa.

## Que facer

**Meira:** Camiño de Santiago do Norte, ruta Corno da Órrea, ruta Miño-Eo.

## TERRA DE LEMOS

### Gastronomía

O alicerce gastronómico desta comarca é o porco, xunto cos seus derivados, que serven para elaborar pratos tradicionais como o cocido, o caldo, as filloas de sangue, a torta de roxóns, o lacón con grelos, etc. Tamén

destaca a empanada de papuxas e a de zorza e os cogomelos. Como existen numerosos bares e tascas, pódese degustar a gastronomía doutra forma como son as tapas.

No referente á sobremesa destacar a larpeira, os cocos, as bicás, o brazo de xitano, os freixós, as peras ao viño ou a rosca.

## Que visitar

### *Patrimonio natural*

*Lugar de importancia comunitaria (LIC):* LIC Río Cabe e LIC Canón do Sil.

**Sober:** Áreas de recreo: Cadeiras e San Estevo. *Miradoiros:* Bolmente II, Bolmente I, Os Chelos, Souto Chao, San Estevo, Cadeiras, Portabrosmos, Santiorxo e o encoro de San Estevo.

**O Saviñao:** *Miradoiro* da Cova.

**A Pobra do Brollón:** *Miradoiros:* Miradoiro dos Pasos e a Pena dos Catro Cabaleiros.

**Pantón:** *Miradoiro* de Ribeiras do Miño.

### *Arquitectura relixiosa*

